

# **COMARCA DE TERRA CHA**

## **PLAN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA**

**Gabinete de Planificación e Desenvolvemento  
Territorial. Presidencia**

**XUNTA DE GALICIA  
1993**

## **EQUIPO REALIZADOR**

### **DIRECCIÓN**

Andrés Precedo Ledo, catedrático de Xeografía Humana e director do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia.

### **COORDINACIÓN**

José M<sup>a</sup> López Vizoso. Prof. de Xeografía.

José Luis López Cousillas. Arquitecto-Urbanista.

José Figueroa Davila. Enxeñeiro Técnico Agrícola.

### **COLABORADORES CIENTÍFICOS E ASESORAMIENTO TÉCNICO**

Antonio Vázquez Barquero. Catedrático de Economía Aplicada.

Felipe Macías Vázquez. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.

Juan Ramón Vidal Romaní. Catedrático de Xeodinámica Externa.

Rosa Calvo de Anta. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.

### **EQUIPO DE REDACCIÓN**

#### *Análise Socioeconómica*

Montserrat Villarino Pérez. Prof. titular de Xeografía.

Pablo García Pita. Xeógrafo.

Antonio Doval Adán. Xeógrafo.

#### *Recursos do Territorio*

Román Montesinos López. Catedrático de Paleontoloxía.

Antonio Martínez Cortizas. Prof. titular de Edafoloxía e Química Agrícola.

Juan Loureiro Grandal. Xeólogo.

Adolfo Cano Guervós. Biólogo.

Jorge Yepes Temiño. Xeólogo.

Matilde Urrutia Mera. Bióloga.

### **SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA**

Manuel Gallego Priego. Enxeñeiro Técnico Topógrafo.

### **BASE DE DATOS E INFORMATIZACIÓN**

José Angel Veiga Abeledo

Ramón Huidobro Vega

Eugenio Caeiro González

### **DELINEACIÓN E CARTOGRAFÍA**

Antonio Maneiro Vila

Jorge Calenti Arribe

Rafael Ballester Medina

M<sup>a</sup> Victoria Magdalena Vidal

Fernando García Pazos

# **PRIMEIRA PARTE**

---

## **ANÁLISE SOCIOECONÓMICA**



## 1.- INTEGRACIÓN FUNCIONAL DA COMARCA

Toda comarca consiste nunha agrupación de municipios entre os que hai unha certa cohesión. Este feito cuestiona a necesidade lóxica de establecer uns límites precisos do territorio que abrangue cada Comarca. Por iso, fíxose necesario realizar, en primeiro lugar, un estudio previo de delimitación comarcal artellado en dúas fases.

a) A primeira delas consiste na elaboración dunha proposta obxectiva de adscripción de cada municipio á comarca.

b) A segunda inclúe o posicionamento dos concellos a unha enquisa realizada ó efecto: o Cuestionario de Recoñecemento Territorial. Este complétase con entrevistas persoais a cada un dos rexidores municipais.

### 1.1.- PRIMEIRA FASE: PROPOSTA OBXECTIVA

Establecéronse catro niveis teóricos de integración de cada municipio na comarca, tendo en conta, en primeiro lugar, as clasificacións obxectivas (A) e o “sentido de pertenza” (B).

a) En primeiro lugar, consideráronse nove propostas de comarcalización, seleccionadas entre os principais modelos teóricos da rexiona-

lización, dando lugar ós seguintes tipos de comarcas:

- Comarcas administrativas.
- Partidos xudiciais.
- Agrarias.
- Educativas.
- Segundo os Consellos económico-sociais.
- Xeográficas.
- Funcionais centrais.
- Funcionais polarizadas.
- Funcionais multivariadas.

b) En segundo lugar, á clasificación anterior engadiuselle o “sentido de pertenza”, manifestado por cada municipio no Cuestionario de Recoñecemento Territorial, que é o resultado do grao de atracción e o sentimento de formar parte dunha determinada Comarca.

A combinación de ambos factores serviunos para determina-los seguintes niveis de adscripción funcional:

1.- *Núcleo Comarcal Consolidado*: formado polos municipios da área básica de referencia.

2.- *Municipios con forte inserción*: aínda que a súa inserción co núcleo comarcal é maior que

calquera outra Comarca, manteñen vencellamentos parciais con outras áreas ou conforman en si mesmos unha subárea.

3.- *Municipios con inserción débil*: A pesar do seu indubidable vencellamento, teñen máis relacións con outras Comarcas veciñas cós anteriores. Son, por esta circunstancia, os que presentan unha maior complexidade á hora de trazar uns límites claros e definidos.

4.- *Municipios vencellados*: Xeralmente pertencen a outra Comarca, aínda que manteñen vencellamentos sectoriais.

A aplicación destes conceptos á comarca ofrece os seguintes graos de integración expresados en "coeficientes de adscrición":

**CADRO 1. NÚCLEO COMARCAL CONSOLIDADO**

MUNICIPIOS	Coefficiente Adscrición
Vilalba	1
Cospeito	1
Xermade	1

**CADRO 2. MUNICIPIOS CON FORTE INSERCIÓN**

MUNICIPIOS	Coefficiente Adscrición
Abadín	0,66
Begonte	0,44
Pastoriza	0,33

Os coeficientes de adscrición manifestan que existe un espazo comarcual de forte cohesión interna.

A pesar de todo, e como adoita suceder na maioría dos casos, os municipios periféricos presentan unha maior inestabilidade (en especial Pastoriza) porque, segundo os criterios utilizados nas diferentes comarcalizacións, entran a formar parte dunha ou outra Comarca.



MAPA 1. COMARCA DE TERRA CHA. SITUACIÓN EN GALICIA

## 1.2.- SEGUNDA FASE: VALORACIÓN DA PROPOSTA

Remitada a proposta anterior ós municipios, o nivel de aceptación da mesma foi xeral.


Con todo, analizando os Cuestionarios de Recoñecemento Territorial, obsérvanse matizacións nos municipios de Cospeito e Castro de Rei, que desexan a pervivencia da mancomunidade xa constituída da Terra Cha, aínda que con outra configuración, xa que abrangue: Abadín, Castro de Rei, Outerio de Rei e Cospeito.

En liñas xerais, da análise das respostas dedúcese un forte vencellamento entre tódolos municipios, sendo Vilalba o núcleo que se configura como o máis dinámico e evolucionado. Iso débese á gran atracción que exerce na Comarca por motivos de mercado, servicios e equipamentos.

Paralelamente, e sen supor un obstáculo para a integración comarcal, as áreas limítrofes manteñen vencellamentos máis ou menos intensos con outros centros extracomarcais como Meira, Lugo, As Pontes ou Mondoñedo, dependendo da súa proximidade ós mesmos.

En síntese, tendo en conta tódolos factores expostos, a Comarca queda definitivamente formada por:

ABADÍN  
BEGONTE  
CASTRO DE REI  
COSPEITO  
GUITIRIZ  
PASTORIZA  
VILALBA  
XERMADE



MAPA 2. LÍMITES MUNICIPAIS

## 2.- ENCADRE TERRITORIAL

A Comarca da Terra Cha, cunha extensión de 1.612,8 Km<sup>2</sup>., configúrase como unha das máis extensas e definidas de Galicia, aínda que os seus límites meridionais, tanto físicos coma de relacións económicas, aparecen algo difusos e, paso a paso, impónse funcionalmente a proximidade de Lugo.

A Comarca de Terra Cha aparece dotada dunha gran uniformidade debido, en gran parte, á súa gran planitude topográfica, só interrumpida polos rebordes montañosos que a enmarcan, que dan lugar ás seguintes unidades topográficas:

a) Os rebordes montañosos que delimitan a comarca. Ó Norte, as estribacións de Serra da Carba e Xistral (con alturas superiores ós 800 m.), Cordal de Neda e Serra de Lourenzá (entre 600 e 800 m.). Ó Oeste, formando o límite coa provincia coruñesa, localízanse a Serra da Loba e, no límite SO, a Serra de Coba da Serpe (con alturas inferiores ós 800 m.).

b) Os vales interiores. A ribeira do Miño ocupa a maior parte do territorio comarcal, aínda que este aparece compartimentado en: o val do afluente río Ladra (centro-Oeste) e o formado polo propio río Miño (Sur e metade orien-


tal da Comarca). No NO, municipio de Xermade, localízase tamén un pequeno val formado por afluentes pertencentes á cabeceira do Eume.

Desde o punto de vista físico, convén dividi-la Comarca en dous sectores onde, básicamente, a litoloxía introduce un trazo diferenciador:

a) Un sector oriental constituído por unha complexa rede fluvial de desenvolvemento dendrítico, encaixada sobre a superficie máis antiga. A esta rede fluvial vai asociada unha gran cantidade de depósitos sedimentarios que presentan os típicos problemas de freáticos superficiais e que, en parte, explican a importancia da gandería, asociada ás superficies de pradería neste sector.

b) O resto da Comarca está constituído, na súa maior parte, por depósitos detríticos do Terciario (Vilalba e Cospeito). Ademais, destacan os relevos montañosos, de idade moito máis antiga e constituídos, fundamentalmente, por materiais graníticos.

Económicamente, a Comarca ten a súa base no sector agrario, cunha especialización gandeira, máis clara na parte oriental (Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei). Así e todo, hai que




**A COMARCA ESTÁ DELIMITADA POR REBORDES MONTAÑOSOS COMO A SERRA DO XISTRAL CO MONTE CUADRAMÓN**


destacar que isto se produce nun marco de regresión demográfica e escasez de actividades económicas.

Outro marco referencial importante constitúeno a articulación do espacio comarcal arre-

dor das principais estradas. Entre elas destaca de modo preferente a Radial VI (Madrid-A Coruña), vía de primeira orde nas comunicacións entre Galicia e o resto de España e Europa, que cruza o Sur da Comarca (municipios de Guitiriz



UNIDADES DE RELEVO E REDE HIDROGRÁFICA



MAPA 3

e Begonte). Nos seus arredores aséntanse gran parte dos núcleos de maior poboación comarcal, configurando un interesante eixe de crecemento demográfico e económico, de vital importancia para a Comarca.


A esta estrada hai que engadi-la N-634, que serve de enlace entre Galicia e Asturias e está chamada a desempeñar un importante papel nas comunicacións co Norte peninsular. Ade-

máis desta, conta coa comarcal 641 que une a Ferrol e As Pontes con Lugo. A intersección de ambas estradas posibilitou o desenvolvemento e a expansión comarcal de Vilalba.


O despegue experimentado recentemente nalgúns núcleos de poboación, non evita que aínda hoxe en día, mesmo a capital comarcal, Vilalba, se nos presente coma un centro esencialmente rural.



**A ESPECIALIZACIÓN GANDEIRA FAVORECEU O DESENVOLVIMENTO DE CASTRO DE REI**



**ASENTAMENTOS PRINCIPAIS E VÍAS DE COMUNICACIÓN**



MAPA 4



### **3. RECURSOS HUMANOS**

A pesar de que nos últimos dez anos a poboación da comarca descendeu un 17,64%, pasando de representa-lo 14,60% do total da poboación provincial en 1970 a pouco máis do 13% en 1991, o actual volume demográfico, con practicamente 50.000 habitantes, constitúe un umbral axeitado para soportar unha acción de descentralización administrativa e de servicios. Esta ha de servir para favorece-la integración comarcal e mellora-las condicións de vida dos seus habitantes.

#### **3.1.- A POBOACIÓN COMARCAL**

Neste primeiro apartado, ofrécese unha visión global sobre os recursos humanos cos que conta esta comarca, analizando a súa dinámica e distribución espacial, co obxecto de ter un coñecemento real sobre aqueles núcleos que ofrecen mellores expectativas de crecemento e determina-las accións a levar a cabo.

##### **3.1.1.- DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN**

A análise detallada dos cadros que se acompañan resaltan o peso que exerce o municipio

de Vilalba, onde se concentra o 31,3% da poboación existente na comarca.

A pesar de que a perda de poboación se xeneraliza en tódolos municipios, o núcleo de Vilalba, como xa vimos, configúrase como o máis importante e o de maior peso demográfico, funcionando como principal polo de crecemento dentro do conxunto comarcal.

Con todo, a pesar das expectativas de crecemento que presenta Vilalba, a comarca, no seu conxunto, experimentou entre 1970 e 1991 unha evolución demográfica máis negativa cá media provincial e rexional. En todo caso, debe intentarse fixar un mínimo de poboación nas entidades de maior tamaño e mellor situadas con respecto á rede de infraestructuras de comunicacións. Estes centros terán que desempeña-la función de polos de crecemento económico da Comarca, debido ás súas favorables condicións de partida.

A densidade de poboación da comarca de Terra Cha en 1991 era de 30,7 hab./km<sup>2</sup>, por debaixo da media provincial. O despoboamento da comarca nas últimas décadas, unido a que se trata dun espacio moi deprimido, fan dela unha das comarcas lucenses con menor densidade poboacional, ó tempo que está moi por debaixo das



VIALBA CONFIGÚRASE COMO O NÚCLEO DE POBOAMENTO MÁIS IMPORTANTE

densidades medias rexional (91,3 hab/km<sup>2</sup>) e estatal (77 hab/km<sup>2</sup>). Nisto tampouco existen grandes contrastes dentro da Comarca, oscilando entre 18,21 hab./Km<sup>2</sup> de Xermade e 46,28

hab./Km<sup>2</sup> de Cospeito. Obsérvase, con todo, un lixeiro debilitamento das densidades cara ó Norte (municipios de Xermade e Abadín), pola presenza de serras e temperaturas máis frías.

A densidade de poboamento, ou número de entidades de poboación por Km<sup>2</sup>., é superior na Comarca (1,32), que na provincia (1,01) e Galicia (1,07). Os datos por municipios oscilan entre Begonte (0,74) e Vilalba (1,76).

A baixa densidade de poboación unida a este elevado número de entidades por Km<sup>2</sup>., reflicte claramente o escaso tamaño poboacional da gran maioría dos núcleos. Este feito ha ser interpretado como un factor negativo, xa que se fai moi difícil conseguir unha axeitada cobertura de servicios e equipamentos a unha pobo-

ación que, ademais de escasa, se atopa moi repartida polo territorio.

Co fin de fixar un mínimo de poboación, o Plan de Desenvolvemento Comarcal ten como obxectivo principal detectar alternativas viables e asegurar aquelas actividades económicas xa creadas. Pero a busca de tales iniciativas demanda unha reflexión, non só das distintas administracións (local, provincial, autonómica e estatal), senón, tamén, de tódolos axentes económicos e sociais da Comarca (asociacións de empresarios, sindicatos, Cámara de Comercio, entidades cívicas e culturais, partidos políticos, etc.).



A DENSIDADE DE POBOAMENTO DEBILÍTASE CARA Ó NORTE COMO SE APRECIA NO MUNICIPIO DE ABADÍN


CADRO 3. POBOACIÓNS DE FEITO DOS MUNICIPIOS DA COMARCA

MUNICIPIOS	POBOACIÓN FEITO 70	POBOACIÓN FEITO 75	POBOACIÓN FEITO 81	POBOACIÓN FEITO 86	POBOACIÓN FEITO 91
Abadín	5,247	5,190	4,881	4,773	3,937
Begonte	5,151	4,957	4,630	4,571	4,493
Castro de Rei	6,920	6,525	6,447	6,275	5,704
Cospeito	7,472	7,423	6,931	6,905	6,022
Guitiriz	8,961	8,376	7,496	7,432	6,786
Pastoriza	5,338	5,074	4,852	4,822	4,294
Vilalba	17,301	16,975	16,485	16,225	15,629
Xermade	4,209	3,823	3,502	3,413	3,044
<b>Total</b>	<b>60,599</b>	<b>58,343</b>	<b>55,324</b>	<b>54,416</b>	<b>49,919</b>
Total comarcal	60,599	58,343	55,324	54,416	49,909
Total provincial	415,052	406,506	399,185	399,232	379,092
Total rexional	2,583,674	2,687,477	2,753,836	2,785,394	2,696,398

CADRO 4. EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO DA POBOACIÓN 1970=100

MUNICIPIOS	ÍNDICE 1970-75	ÍNDICE 1970-81	ÍNDICE 1970-86	ÍNDICE 1970-91
Abadín	98,91	93,02	90,97	75,03
Begonte	96,23	89,89	88,74	87,23
Castro de Rei	94,29	93,16	90,68	82,43
Cospeito	99,34	92,76	92,41	80,59
Guitiriz	93,47	83,65	82,94	75,73
Pastoriza	95,05	72,77	90,33	80,44
Vilalba	98,12	95,28	93,78	90,34
Xermade	90,83	83,20	81,09	72,32
<b>Total</b>	<b>96,28</b>	<b>91,30</b>	<b>89,80</b>	<b>82,36</b>
Total comarcal	96,28	91,30	89,80	82,36
Total provincial	97,94	96,18	96,19	91,34
Total rexional	104,02	106,59	107,81	104,36

GRÁFICO 1. EVOLUCIÓN COMPARADA DA POBOACIÓN



CADRO 5. EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO INTERANUAL DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	% EVOLUCIÓN 1970-75	% EVOLUCIÓN 1975-81	% EVOLUCIÓN 1981-86	% EVOLUCIÓN 1986-91
Abadín	-1,09	-5,95	-2,21	-17,52
Begonte	-3,77	-6,60	-1,27	-1,71
Castro de Rei	-5,71	-1,20	-2,67	-9,10
Cospeito	-0,66	-6,63	-0,38	-12,79
Guitiriz	-6,53	-10,51	-0,85	-8,69
Pastoriza	-4,95	-2,40	-2,63	-10,95
Vilalba	-1,88	-2,89	-1,58	-3,67
Xermade	-9,17	-8,40	-2,54	-10,81
Total	-3,72	-5,17	-1,64	-8,28
Total comarcal	-3,72	-5,17	-1,64	-8,28
Total provincial	-2,06	-1,80	0,01	-5,04
Total rexional	4,02	2,47	1,15	-3,20

GRÁFICO 2. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NA COMARCA



Poboación de feito

CADRO 6. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR MUNICIPIOS

MUNICIPIOS	% POBOACIÓN 1970	% POBOACIÓN 1975	% POBOACIÓN 1981	% POBOACIÓN 1986	% POBOACIÓN 1991
Abadín	8,66	8,90	8,82	8,77	7,89
Begonte	8,50	8,50	8,37	8,40	9,00
Castro de Rei	11,42	11,18	11,65	11,53	11,43
Cospeito	12,33	12,72	12,53	12,69	12,07
Guitiriz	14,79	14,36	13,55	13,66	13,60
Pastoriza	8,81	8,70	8,95	8,86	8,60
Vilalba	28,55	29,10	29,80	29,82	31,31
Xermade	6,95	6,55	6,33	6,27	6,10
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

GRÁFICO Nº 3. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN (I)





GRÁFICO Nº 4. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN (II)



CADRO 7. DENSIDADE DE POBOACIÓN E DENSIDADE DE POBOAMENTO

MUNICIPIOS	POBOACIÓN	POBOACIÓN	SUPERFICIE KM2	ENTIDADES	CRECIMENTO	DENSIDADE	DENSIDADE
Abadín	5,247	3,937	196,00	194	-24,91	20,09	0,99
Begonte	5,151	4,493	127,00	94	-12,77	35,38	0,74
Castro de Rei	6,920	5,704	177,00	255	-17,57	32,23	1,44
Cospeito	7,472	6,022	142,00	214	-19,61	42,41	1,51
Guitiriz	8,961	6,786	259,00	310	-24,27	26,20	1,20
Pastoriza	5,338	4,294	175,00	181	-19,53	24,54	1,03
Vilalba	17,301	15,629	381,00	669	-9,66	41,02	1,76
Xermade	4,209	3,004	167,00	205	-27,68	18,23	1,23
Total						30,7	1,31
Total comarcal						30,73	1,31
Total provincial						38,63	1,01
Total rexional						91,39	1,07

### 3.1.2.- ESTUDIO POR PARROQUIAS

Para o estudo da localización do crecemento demográfico comarcal, oculto baixo as cifras negativas do conxunto municipal, cómpre recurrir á evolución rexistrada nas 160 parroquias que compoñen o espazo da Comarca. Para iso, houbo que utiliza-los datos de 1986, por carecer doutros máis recentes.

Así, só 41 parroquias gañaron poboación entre 1981 e 1986, e 4 delas con porcentaxes superiores ó 10%. Ningunha destas últimas constitúe, con todo, un núcleo importante de crecemento comarcal, dado o seu escaso tamaño demográfico, inferior en tódolos casos a 400 habitantes, a maioría espallados en pequenas aldeas.

Os centros que experimentan unha evolución positiva e cun certo umbral de poboación son: Begonte (8,20%), Baamonde (8,09%), Lagostelle-Guitiriz (2,64%) e Vilalba (0,93%).

Constátase, en consecuencia, o importante papel que desempeña a estrada Radial VI como

verdadero eixe de concentración demográfica, posto que tres das catro parroquias mencionadas se localizan nela. Isto non deixa de resaltar acusadamente no contexto dunha Comarca demográficamente regresiva.


Xunto destas, hai que engadir Vilalba que, aínda que experimenta un crecemento menor, é, con diferenza, o maior núcleo de poboación comarcal e o que ofrece mellores expectativas de crecemento (4.438 hab., seguido de Lagostelle-Guitiriz, con 2.021 hab.). A súa situación de encrucillada entre a estrada N-634 (A Coruña-Norte de Lugo-Asturias) e a C-641 (Ferrol-As Pontes-Lugo), o constitui-lo principal centro aglutinador de equipamentos e servicios da Terra Cha son as claves deste crecemento.

Determina-la presenza destes puntos de crecemento é de gran interese, dado que a súa análise permite coñece-los factores de desenvolvemento da Comarca.

As parroquias que experimentan este incremento entre 1981 e 1986 son as seguintes:

MUNICIPIO	PARROQUIAS	MUNICIPIO	PARROQUIAS
ABADÍN	Abadín, Bararoncelle, Candia, Goas, Moncelos, Montouto, Romariz.	VILALBA	Corvelle, Lanzós, Lanzós (San Marfín), Oleiros, Román, Soaxe, Vilalba.
BEGONTE	Baamonde, Begonte, Illán, Trobo, Trobo, Uriz, Valdomar.		
CASTRO DE REI	Castro de Rei, Ribeiras do Lea, Goberno, Loentia, Triaba, Viladonga.		
COSPEITO	Arcilla, Lamas, Momán, Sta. Cristina, Sistallo, Tamoga, Xermar, Xustas, Cazas, Xermade.		
GUITIRIZ	Labrada, Lagostelle, Mariz, Negradas, Parga y Breixo.		
PASTORIZA	Breñoña, Rigueira.		

As causas explicativas desta evolución positiva hai que relacionalas con: a intensa actividade gandeira (bovino fundamentalmente) e a industria que dela se deriva (industrias lácteas, de piensos e cárnicas); transformación da madeira; factores de localización (nos núcleos situados nas principais estradas), e centralización de equipamentos (sanitarios, educativos, etc.) e servizos en entidades con certo umbral de poboación.



A RADIAL VI ACTÚA COMO EIXE DE CONCENTRACIÓN DEMOGRÁFICA COMO SE APRECIA EN BAAMONDE

## CADRO 8. PARROQUIAS DA COMARCA DE TERRA CHA

	Superf.	Pob. 81	Pob. 86	Dens. 81	Dens. 86	%81/86
COMARCA DE TERRA CHA	1657,5	55093	54416	33,23	32,83	-1,21
ABADÍN	196,2	4881	4773	24,88	24,33	-3,31
ABADÍN	4,4	325	339	73,86	77,05	4,31
ABELED0	8,1	281	268	34,69	33,09	-4,63
ALDIXE	7,5	151	149	20,13	19,87	-1,32
BARARONCELLE	7,5	265	271	35,33	36,13	2,26
CABANEIRO	3,7	92	92	24,86	24,86	0,00
CANDIA	3,7	160	162	43,24	43,78	1,25
CASTROMAIOR	11,9	380	345	31,93	28,99	-9,21
CORVITE	5,6	151	143	26,96	25,54	-5,30
FANOI	11,2	233	220	20,80	19,64	-5,58
FRAIAS	1,5	118	108	78,67	72,00	-8,47
GALGAO	9,4	125	105	13,30	11,17	-16,00
GOAS	6,8	124	141	18,24	20,74	13,71
GRAÑA	6,9	379	368	54,93	53,33	-2,90
LABRADA	58,1	481	483	8,28	8,14	-1,66
MONCELOS	8,7	361	370	41,49	42,53	2,49
MONTOUTO	10	188	190	18,80	19,00	1,06
QUENDE	13,1	340	139	25,95	24,35	-6,18
ROMARIZ	9,4	304	305	32,34	32,45	0,33
VILARENTE	8,7	423	405	48,62	46,55	-4,26
BEGONTE	125,1	4629	1571	36,91	36,45	-1,25
BAAMONDE	11,9	482	521	40,50	43,78	8,09
BEGONTE	3,1	366	396	118,06	127,74	8,20
BOVEDA	7,5	206	193	27,47	25,73	-6,31
CARRAL	3,7	242	230	65,41	62,16	-4,96
CASTRO	6,2	215	201	34,68	32,42	-6,51
CERDEIRAS	3,1	154	154	49,68	49,68	0,00
DAMIL	5	241	238	48,20	47,60	-1,24
DONALBAI	4,4	278	269	63,18	61,14	-3,24
FELMIL	5	241	238	48,20	47,60	-5,33
GAIBOR	13,7	328	308	23,94	22,48	-6,10
ILLAN	13,1	166	171	12,67	13,05	3,01
PACIOS	4,3	373	367	86,74	85,35	-1,61
PENNA, VCTE	2,5	140	124	56,00	49,60	-11,43
PENNA, EULA	18,1	243	242	13,43	13,37	-0,41
SAAVEDRA	10,6	457	438	43,11	41,32	-4,16
TROBO	4,4	218	227	49,55	51,59	4,13
URIZ	3,7	104	105	28,11	28,38	0,96
VALDOMAR	2,7	75	77	27,78	28,52	2,67
VIRIS	2,4	116	97	48,33	40,42	-16,38

Recursos humanos

COSPEITO	148,7	6931	6905	46,61	46,44	-0,38
ARCILLA	6,2	196	199	31,61	23,10	1,53
BESTAR	2,5	100	99	40,00	39,60	-1,00
BEXAN	5,6	101	94	18,04	16,79	-6,93
COSPEITO	15	334	316	22,27	21,07	-5,39
GOA	11,9	765	745	64,29	62,61	-2,61
LAMAS	5	102	104	20,40	20,80	1,96
MOMAN	3,7	202	215	54,59	58,11	6,44
MUIMENTA	15	953	923	63,53	61,53	-3,15
PINO	15,6	692	679	44,36	43,53	-1,88
RIOAVESO	5	370	351	74,00	70,20	-5,14
ROAS	10	482	473	48,20	47,30	-7,45
STA. CRISTINA	7,5	485	522	64,67	69,60	7,63
SEIXAS	3,7	188	174	50,81	47,03	-4,45
SISOI	1,9	89	88	46,84	46,32	-1,12
SISTALLO	8,7	743	745	85,40	85,63	0,27
TAMOGA	2,5	170	184	68,00	73,60	8,24
VILAPENE	5,6	221	214	39,46	38,21	-3,17
VILAR	1,4	40	37	28,57	26,43	-7,50
XERMAR	11,9	369	381	31,01	32,02	3,25
XUSTAS	10	329	362	32,90	36,20	10,03
XERMADE	165,3	3502	3413	21,19	20,65	-2,54
BURGAS	8,1	327	320	40,37	39,51	-2,14
CABREIROS	20	510	484	25,50	24,20	-5,10
CANDAMIL	10	156	148	15,60	14,80	-5,13
CAZAS	20,6	524	526	25,44	25,53	0,38
LOUSADA	31,2	333	304	10,67	9,74	-8,71
MIRAZ	6,2	131	126	21,13	20,32	-3,82
MOMAN	21,2	395	386	18,63	18,21	-2,28
PIÑEIRO	13,7	217	212	15,84	15,47	-2,30
ROUPAR	18,7	528	514	28,24	27,49	-2,65
XERMADE	15,6	381	393	24,42	25,19	3,15
GUITIRIZ	290,9	7496	7432	25,77	25,55	-0,85
BECIN	5	186	181	37,20	36,20	-2,69
BURIZ	35	590	575	16,86	16,43	-2,54
LABRADA	28,1	405	423	14,41	15,05	4,44
LAGOSTELLE	35,6	1969	2021	55,31	56,77	2,64
LAGOS. MARINA	15	238	234	15,87	15,60	-1,68
MARIZ	12,5	245	252	19,60	20,16	2,86
NEGRADAS	10,6	129	145	12,17	13,68	12,40
SAMBREIXO	9,4	142	150	15,11	15,96	5,63
PARGA	13,7	735	714	53,65	52,12	-2,86
S. SALVADOR	8,7	186	171	21,38	19,66	-8,06
STº CRUZ	14,4	262	229	18,19	15,90	-12,60
STº LOCAIA	9,3	208	199	22,37	21,40	-4,33
PEDRAFITA	13,7	234	233	17,08	17,01	-0,43

PIGARA	23,7	639	631	26,96	26,62	-1,25
ROCA	5	123	116	24,60	23,20	-5,69
TRASPARGA	16,2	288	276	17,78	17,04	-4,17
VILAR	5	94	84	18,80	16,80	-10,64
VILLARES	30	823	798	27,43	26,60	-3,04
PASTORIZA	176,1	4712	4822	26,76	27,38	2,33
AGUARDA	6,2	142	137	22,90	22,10	-3,52
ALVARE	10,6	223	204	21,04	19,25	-8,52
BALTAR	6,2	189	172	30,48	27,74	-8,99
BRETOÑA	33,7	1042	1102	30,92	32,70	5,76
CADABEDO	10,6	95	94	8,96	8,87	-1,05
CORVELLE	13,1		397	0,00	30,31	ERR
CRECENTE	9,3	414	203	44,52	21,83	-50,97
FONMIÑA	3,7	239	228	64,59	61,62	-4,60
GUEIMONDE	4,3	105	101	24,42	23,49	-3,81
LAGOA	10,6	215	209	20,28	19,72	-2,79
LOBOSO	9,3	44	43	4,73	4,62	-2,27
PASTORIZA	3,1	199	198	64,19	63,87	-0,50
PIÑEIRO	5	182	180	36,40	36,00	-1,10
POUSADA	11,2	326	299	29,11	26,70	-8,28
REIGOSA	9,3	295	283	31,72	30,43	-4,07
RIGUEIRA	13,7	427	434	31,17	31,68	1,64
SALDANXE	8,1	205	171	25,31	21,11	-16,59
UBEDA	5,6	162	162	28,93	28,93	0,00
VIAN	2,5	208	205	83,20	82,00	-1,44
VILALBA	373,2	16485	16225	44,17	43,48	-1,58
ALBA	6,9	512	507	74,20	73,48	-0,98
ARBOL	15	752	737	50,13	49,13	-1,99
BELESAR	25	506	504	20,24	20,16	-0,40
BOIZAN	6,9	257	232	37,25	33,62	-9,73
CARBALLIDO	9,4	377	365	40,11	38,83	-3,18
CODESIDO	11,2	427	394	38,13	35,18	-7,73
CORVELLE	20	406	419	20,30	20,95	3,20
COSTA	20,6	788	733	38,25	35,58	-6,98
DISTRIZ	3,1	227	215	73,23	69,35	-5,29
GOIRIZ	35	961	934	27,46	26,69	-2,81
GONDAISQUE	3,1	121	121	39,03	39,03	0,00
INSUA	11,2	391	372	34,91	33,21	-4,86
LADRA	8,7	196	194	22,53	22,30	-1,02
LANZOS	0,7	66	67	94,29	95,71	1,52
LANZOS. MART.	29,4	863	871	29,35	29,63	0,93
MOURENCE	6,9	271	266	39,28	38,55	-1,85
NETE	6,2	360	345	58,06	55,65	-4,17
NOCHE	3,7	345	344	93,24	92,97	-0,29
OLEIROS	10,5	549	556	52,29	52,95	1,28
RIOAVESO	9,4	466	441	49,57	46,91	-5,36

Recursos humanos

ROMAN	13,7	484	493	35,33	35,99	1,86
SAMARUGO	9,3	266	248	28,60	26,67	-6,77
SANCOBADE	10,6	775	823	73,11	77,64	6,19
SANTABALLA	28,7	836	790	29,13	27,53	-5,50
SOAXE	5,6	67	71	11,96	12,68	5,97
TARDADE	3,1	125	119	40,32	38,39	-4,80
TORRE	10	275	236	27,50	23,60	-14,18
VILALBA	4,4	4397	4438	999,32	1008,64	0,93
VILAPEDRE	40,6	315	292	7376	7,19	-7,30
XOIBAN	4,3	104	98	24,19	22,79	-5,77
CASTRO DE REI	181,7	6447	6275	35,48	34,53	-2,67
ANSEMAR	6,2	179	178	28,87	28,71	-0,56
AZUMARA	2,5	102	98	40,80	39,20	-3,92
BALMONTE	5	83	81	16,60	16,20	-2,41
BAZAR	11,9	435	405	36,55	34,03	-6,90
BENDIA	8,1	115	109	14,20	13,46	-5,22
CASTRO DE REI	0,3	160	185	533,33	616,67	15,63
COEA	1,9	40	34	21,05	17,89	-15,00
DUANCOS	3,1	103	92	33,23	29,68	-10,68
DJARRIA	6,9	960	895	139,13	129,71	-6,77
DUMPIN	5,6	69	66	12,32	11,79	-4,35
GOBERNO	6,2	145	146	23,39	23,55	0,69
LOENTIA	13,8	311	325	22,54	23,55	4,50
LUDIRO	7,5	188	173	25,07	23,07	-7,98
MONDRIZ	5	121	116	24,20	23,20	-4,13
MOS	4,5	314	301	41,87	40,13	-4,14
ORIZON	5,6	95	92	16,96	14,43	-3,16
OUTEIRO	7,5	463	449	61,73	59,87	-3,02
PACIOS	7,5	245	229	32,67	30,53	-6,53
PREVESOS	10,6	204	197	19,53	18,58	-4,83
QUINTELA	5,6	104	91	18,57	16,25	-12,50
RAMIL	5,6	185	168	33,04	30,00	-9,19
RIBEIRAS DO LEA	8,1	538	525	66,42	64,81	-2,42
STA. LOCAIA	10,3	420	391	40,78	37,96	-6,90
TRIABA	17,5	718	766	41,03	43,77	6,69
VILADONGA	11,9	147	163	12,35	13,70	10,88

### 3.2.- DINÁMICA DEMOGRÁFICA

A análise deste apartado ten como finalidade ter un coñecemento acerca dos distintos procesos que afectan á dinámica demográfica, tales como natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo e o saldo migratorio.

#### 3.2.1.- NATALIDADE

A taxa de natalidade comarcal (ou número de nados vivos por cada 1.000 habitantes) era de 8,09 por mil no período 1986-1989, situándose entre 1990-91 en 7,41, lixeiramente por riba da media provincial (7,04), aínda que inferior a Galicia (7,97). Analizando as taxas correspondentes ó período 1990-91, tan só Vilalba (7,88), Guitiriz (7,73), Cospeito (7,88) e Pastoriza (7,46) superan a media comarcal, o que non frea a tendencia negativa con respecto ó quinquenio anterior, no que a taxa media do conxunto comarcal era de 12,69 por mil.

Polo tanto, Vilalba e, en menor medida, Cospeito configúranse como os municipios que presentan unha dinámica demográfica máis favorable, dentro dun contexto provincial e comarcal en claro retroceso demográfico que presenta síntomas irreversibles nos municipios máis montañosos. Esta situación é o resultado dunha poboación envellecida, que perdeu gran parte dos seus efectivos xoves por efecto da emigración e polo cada vez menor número de fillos por familia.

#### 3.2.2.- MORTALIDADE

A taxa de mortalidade (ou número de finados por cada 1.000 habitantes) era de 12,01 no período 1986-1989, situándose en 14,36 durante 1990-91. Esta última cifra é lixeiramente

superior á media provincial (13,1) e moi superior á taxa de mortalidade do conxunto de Galicia. En todo caso, trátase de taxas moi altas, propias de estruturas demográficas envellecidas, acrecentadas polo elevado número de poboación maior de 60 anos. Agás Begonte (11,8 por mil), que conta cunha taxa inferior á media comarcal, o resto presenta valores superiores ós que rexistra o conxunto da Comarca.

Con respecto ó quinquenio anterior asístese, con todo, a un descenso desta taxa, que entre 1980 e 1985 se situaba en 15,07, o que ha de relacionarse cun maior número de falecementos de habitantes da comarca en centros hospitalarios extracomarcals, máis cá unha certa mellora na cobertura sanitaria.

En consecuencia, os altos valores, que se rexistran, tanto a nivel do conxunto da Comarca como por municipios, son o resultado dunha poboación fortemente envellecida.

#### 3.2.3.- CRECIMENTO VEXETATIVO

Está formado polo saldo entre a natalidade e a mortalidade, ofrecendo no quinquenio 1980-1985 un valor negativo de -2,39. Este descenso acentúase en 1986-1989, duplicándose os valores negativos durante o período 1990-91, ó situarse o crecemento vexetativo en -6,9, froito todo isto dunha baixa natalidade (inferior ó 9 por mil) e dunha alta mortalidade (superior ó 10 por mil).

A Comarca presenta, pois, un crecemento vexetativo moito máis negativo e desfavorable có conxunto de Galicia, que se sitúa en -2,02.

O comportamento por municipios non ofrece grandes contrastes, detectándose, en tódolos casos, valores extremadamente negativos tal e como se pode apreciar nas táboas que se adxuntan.


En resumo, apenas existen centros demográficos dinámicos na Comarca, lóxico resultado dunha poboación moi envellecida. Este dato adquire carácter de gravidade pola súa tendencia a acentuarse, condicionando o futuro desenvolvemento económico da Comarca pola

gran diminución dos efectivos xoves, necesarios para a posta en explotación dos recursos da mesma. Ademais, esta tendencia cuestiona a utilidade a longo prazo dos investimentos en infraestructuras e equipamentos.

**CADRO 9. TAXA DE NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECEMENTO VEXETATIVO**

MUNICIPIOS	Taxa natalid. 1980-85	Taxa natalid. 1986-89	Taxa natalid. 1990-91	Taxa morta. 1980-85	Taxa mort. 1986-89	Taxa mort. 1990-1991	Cto. vexetativo 1980-85	Cto. vexetativo 1986-89	Cto. vexetativo 1990-91
Abadín	11,06	6,08	6,71	14,75	11,99	15,37	-3,69	-5,92	-8,66
Begonte	10,71	7,60	6,84	14,99	12,58	11,18	-4,28	-4,98	-4,34
Castro de Rei	13,71	8,84	6,21	14,02	12,43	13,27	-0,31	-3,59	-7,06
Cospeito	12,38	8,04	7,88	14,40	10,64	14,91	-2,02	-2,61	-7,03
Guitiriz	13,18	7,60	7,73	15,53	12,65	14,68	-2,35	-5,05	-6,94
Pastoriza	12,56	8,40	7,46	15,39	12,81	16,36	-2,83	-4,41	-8,90
Vilalba	13,39	8,74	7,88	15,64	11,82	14,46	-2,24	-3,08	-6,58
Xermade	12,05	7,84	7,18	14,85	11,65	15,00	-2,80	-3,81	-7,39
<b>Total</b>	<b>12,69</b>	<b>8,09</b>	<b>7,41</b>	<b>15,07</b>	<b>12,01</b>	<b>14,39</b>	<b>-2,39</b>	<b>-3,92</b>	<b>-6,98</b>
Total comarcal	12,69	8,09	7,41	15,07	12,01	14,39	-2,39	-3,92	-6,98
Total provincial	12,45	7,85	7,04	14,24	11,56	13,10	-1,79	-3,74	-6,07
Total rexional	14,58	8,89	7,97	11,07	9,27	9,99	3,51	-0,39	-2,02

**GRÁFICO Nº 5. EVOLUCIÓN DA NATALIDADE E A MORTALIDADE**



Natalidade	685	582	613	535	561	533	474	481	407	399	406	372
Mortalidade	665	697	679	716	672	741	646	659	671	638	744	746

## 3.2.4.- SALDO MIGRATORIO

Entre 1970 e 1986, a Comarca rexistrou un saldo migratorio negativo de -5.199 habitantes, ou o que é igual: a emigración superou en dita cifra á inmigración.

En porcentaxes, este balance supuxo un descenso do -8,58%, superior á media galega (-0,68%) e provincial (-3,30%). De feito, tódolos quinquenios foron negativos, particularmente de 1975 a 1980 (-4,38%), aínda que se observa un claro detemento no período seguinte, de 1981 a 1986, (-0,70%), debido máis a causas externas á Comarca –peche das fronteiras á inmigración (países europeos) e mala situación económica (países iberoamericanos)– ca a factores de desenvolvemento endógeno.

Por outra banda, constátase un proceso de retorno de emigrantes, por xubilación, na maioría dos casos e tamén, aínda que en menor medida, por paro. Estes retornados invirten en pequenos negocios, como bares e tamén algún comercio, e en construír ou comprar unha vivenda familiar, sendo de escasa importancia os investimentos destinados á posta en marcha de explotacións agrarias.

O igual que sucedía no crecemento vexetativo, tódolos municipios ofrecen un balance negativo para o conxunto do período 1970-1986, oscilando entre os valores de Xermade e Guitiriz (-18,48% e -15,25% respectivamente), e Vilalba (-5,75%).

Obsérvanse, con todo, valores positivos no último quinquenio, 1981-1986, nos municipios de: Begonte (0,80%), Guitiriz (0,44%) e Cospeito (0,10%). Nos dous primeiros débese á maior atracción que exercen, pola súa situación arredor do eixo de crecemento da Radial VI, Madrid-A Coruña, e pola presenza de instalacións industriais e de servizos (hostelería). No caso de Cospeito, aínda que o saldo positivo é imperceptible, hai que relacionalo cun importante desenvolvemento do sector productivo agrario, favorecido polas condicións naturais do solo.

En consecuencia e, aínda que non existe un municipio que globalmente desempeñe un efecto de forte atracción inmigratoria, Begonte, Guitiriz, Castro Ribeiras do Lea, Muimenta e especialmente o núcleo de Vilalba, por mor das mellores perspectivas de crecemento que ofrece, son os principais centros inmigratorios que se detectan na Comarca.

CADRO 10. EVOLUCIÓN DO SALDO MIGRATORIO

MUNICIPIOS	Saldo mig. Pob. 70-86	Saldo mig. Pob. 70-75	Saldo mig. Pob. 75-80	Saldo mig. Pob. 81-86	%Saldo mig. Pob. 70-86	% Saldo mig. Pob. 70-75	%Saldo mig. Pob. 75-80	% Saldo mig. Pob. 81-86
Abadín	-354	-52	-252	-50	-6,75	-0,99	-4,86	-1,02
Begonte	-364	-174	-227	37	-7,07	-3,38	-4,58	0,80
Castro de Rei	-447	-330	27	-144	-6,46	-4,77	0,41	-2,23
Cospeito	-499	-69	-437	7	-6,68	-0,92	-5,89	0,10
Guitiriz	-778	-386	-326	-66	-18,48	-9,17	-8,53	-1,88
Pastoriza	-1.367	-595	-805	33	-15,25	-6,64	-9,61	0,44
Vilalba	-396	-214	-90	-92	-7,42	-4,01	-1,77	-1,86
Xermade	-994	-436	-444	-114	-5,75	-2,52	-2,62	-0,69
Total	-5,199	-2,256	-2,554	-389	-8,58	-3,72	-4,38	-0,70
Total comarcal	-5,199	-2,256	-2,554	-389	-8,58	-3,72	-4,38	-0,70
Total provincial	-13,712	-10,406	-6,941	3,635	-3,30	-2,51	-1,71	0,91
Total rexional	-17,556	10,085	-27,142	-499	-0,68	0,39	-1,01	-0,02

### 3.3.- ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

Os procesos analizados anteriormente teñen unha incidencia directa na modificación da estrutura demográfica por idades e sexos, aspectos que agora pasamos a estudar.

#### 3.3.1.- ESTRUCTURA POR IDADE

A primeira vista, apréciase que a Comarca ten unha altísima porcentaxe de anciáns (21,9%), porcentaxe moi superior ó de Galicia (16,11%) e practicamente igual ó da provincia (21,6%). Este feito é un reflexo do elevado proceso de envellecemento no que está inmerso o conxunto comarcal, máxime se temos en conta que a proporción da poboación demográfica vella supera amplamente á dos xoves, que representan só o 14,78% do total comarcal.

Por municipios, presentan unha porcentaxe de anciáns inferior á media provincial: Vilalba e Castro de Rei. Así e todo, aínda que estes dous municipios teñen unha porcentaxe de anciáns

inferior á media provincial, ningún deles logra aproximarse á media galega.

#### 3.3.2.- DEPENDENCIA DA POBOACIÓN

O índice de dependencia é probablemente o que expresa con maior claridade o grao de envellecemento dunha poboación. A estrutura anterior, cunha alta porcentaxe de anciáns, é decisiva neste índice de dependencia senil, que resulta de calcula-la porcentaxe de anciáns con máis de 65 anos con respecto á poboación comprendida entre os 15 e os 65 anos. O seu valor nesta Comarca é de 34,6%, superando a media provincial (34,5) e rexional (24,5).

En consecuencia, a Comarca conta cun altísimo índice de dependencia senil que condiciona o seu futuro desenvolvemento.

#### 3.3.3.- REEMPRAZO XERACIONAL

Resulta sumamente interesante medi-la capacidade de reposición coa que conta a Co-

CADRO 11. ESTRUCTURA POR IDADE DA POBOACIÓN, 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN Total 91	POBOACIÓN < 14 anos	POBOACIÓN 15-64 anos	POBOACIÓN > 65 anos	POBOACIÓN <14 anos	% POBOACIÓN 15-64 anos	% POBOACIÓN > 65 anos
Abadín	4,103	521	2,614	968	12,70	63,71	23,59
Begonte	4,603	613	2,938	1,052	13,32	63,83	22,85
Castro de Rei	5,588	895	3,550	1,143	16,02	63,53	20,45
Cospeito	6,473	916	4,090	1,467	14,15	63,19	22,66
Guitiriz	6,977	1,032	4,361	1,584	14,79	62,51	22,70
Pastoriza	4,486	673	2,706	1,1047	15,00	60,32	24,68
Vilalba	15,969	2,475	10,395	3,099	15,50	65,09	19,41
Xermade	3,134	463	1,847	824	14,77	58,93	26,29
Total	51,333	7,588	32,501	11,244	14,78	63,31	21,90
Total comarcal	51,333	7,588	32,501	11,244	14,78	63,31	21,90
Total provincial	381,746	58,933	240,001	82,812	15,44	62,87	21,69
Total rexional	2,718,316	495,087	1,785,185	438,044	18,21	65,67	16,11

CADRO 12. ÍNDICES DE DEPENDENCIA DA POBOACIÓN NOS ANOS 1986 E 1991

MUNICIPIOS	Xeral 1986	Xeral 1991	Xuvenil 1986	Xuvenil 1991	Senil 1986	Senil 1991
Abadín	53,85	56,96	28,46	19,93	25,38	37,03
Begonte	58,23	56,67	26,42	20,86	31,80	35,81
Castro de Rei	54,08	57,41	29,28	25,21	24,81	32,20
Cospeito	61,03	58,26	32,05	22,40	28,99	35,87
Guitiriz	58,23	59,99	29,75	23,66	28,48	36,32
Pastoriza	59,24	65,78	29,46	24,87	29,78	40,91
Vilalba	59,24	53,62	32,04	23,81	27,23	29,81
Xermade	68,07	69,68	31,76	25,07	36,30	44,61
Total	58,66	57,94	30,35	23,37	28,31	34,60
Total comarcal	58,66	57,94	30,35	23,37	28,31	34,60
Total provincial	60,75	52,27	32,09	27,73	28,67	24,54
Total rexional	62,50	59,06	40,99	24,56	21,51	34,50

CADRO 13. TAXA DE REEMPRAZO XERACIONAL NOS ANOS 1986 E 1991

MUNICIPIOS	Poboación 86 15-39 anos	Poboación 91 15-39 anos	Poboación 86 40-64 anos	Poboación 91 40-64 anos	Taxa Reempazo 86	Taxa Reempazo 91
Abadín	1,414	1,133	1,686	1,481	0,84	0,77
Begonte	1,515	1,513	15,81	1,425	0,96	1,06
Castro de Rei	1,903	1,743	2,107	1,807	0,90	0,96
Cospeito	2,187	1,912	2,533	2,178	0,86	0,88
Guitiriz	2,394	2,248	2,263	2,113	1,06	1,06
Pastoriza	1,419	1,297	1,713	1,409	0,83	0,92
Vilalba	5,272	5,323	5,568	5,072	0,95	1,05
Xermade	1,055	938	1,013	909	1,04	1,03
Total	17,159	16,107	18,464	16,394	0,93	0,98
Total comarcal					0,93	0,98
Total provincial					0,99	1,22
Total rexional					1,20	1,04

marca. Para iso divídese o número de persoas comprendidas entre os 15 e os 40 anos entre os de 40 a 64.

Os resultados poñen de manifesto, novamente, unha situación demográfica desfavorable para o conxunto comarcal, xa que, se temos en conta que o reempazo xeracional está asegurado soamente cando o índice é igual ou su-


perior a 1, a Comarca acada únicamente o 0,98, valor inferior ó que rexistra a provincia de Lugo (1,04) e o conxunto de Galicia (1,22).

Polo tanto, non pode asegurarse a substitución de xeracións na totalidade dos municipios da Comarca, xa que únicamente Begonte (1,06), Guitiriz (1,06), Vilalba (1,05) e Xermade están en condicións de asegura-lo reempazo xeracional.

CADRO 14. ESTRUCTURA POR SEXO DA POBOACIÓN 1991

MUNICIPIOS	TOTAL HOMES FEITO 91	TOTAL MULLERES FEITO 91	TAXA 91 MASCULINIDADE
Abadín	1,893	2,044	92,61
Begonte	2,224	2,269	98,02
Castro de Rei	2,897	2,807	103,21
Cospeito	2,962	3,060	96,80
Guitiriz	3,389	3,397	99,76
Pastoriza	2,149	2,145	100,19
Vilalba	7,602	8,027	94,71
Xermade	1,514	1,530	98,95
Total	24,630	25,279	97,43
Total comarcal			97,43
Total provincial			95,81
Total rexional			91,95

GRÁFICO Nº 6. PIRÁMIDE DE POBOACIÓN, 1991



Nos demais municipios, o reemprazo non é posible dada a estrutura demográfica actual que presentan eses municipios, caracterizados pola abundancia de adultos e a escasez de xoves.

Isto constitúe un claro factor de debilidade na dotación dos recursos humanos e haberá que cuestionar, entre outros factores, o desaxuste entre os equipamentos escolares e a demanda prevista (perigo de aulas baleiras), unha maior oferta de servicios á terceira idade (residencias, xeriatría, etc.). Tamén influirá de modo negativo na posibilidade de incrementa-las iniciativas locais e na introducción de novidades de todo tipo, ás que se atopan máis receptivos os xoves.

### 3.3.4.- COMPOSICION POR SEXO

Para coñece-la estrutura da poboación por sexos, recurrimos á taxa de masculinidade. Esta indícanos-la proporción de homes que existen por cada 100 mulleres, que para esta Comarca amosa unha taxa de 97,43 homes por cada 100 mulleres, superior á media provincial (95,81) e rexional (91,95). Con todo, a pesar de contar cun alto índice de masculinidade a nivel xeral, por municipios rexístranse grandes oscilacións entre uns e outros, tal e como se pode apreciar na táboa adxunta.

A razón fundamental deste relativo alto número de poboación masculina que presenta a comarca no seu conxunto, con respecto ás medias galega e provincial, débese, sobre todo, a unha emigración integrada na mesma proporción por ambos sexos.

### 3.4.- SÍNTESE DA SITUACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

En resumo, pode considerarse como de negativa tanto a situación como as perspectivas

demográficas analizadas, caracterizándose polos seguintes factores:

- Perda constante de poboación, mesmo por riba da provincia e Galicia.
- Tódolos municipios sen excepción son incapaces de mante-la súa poboación.
- Crecemento vexetativo negativo e saldo migratorio con taxas en xeral moi negativas.
- A estrutura por idade deixa patente un forte envellecemento e non garantiza o reemprazo xeracional.
- A poboación atópase moi dispersa, o que dificulta un axeitado nivel de equipamentos e servicios.
- Mesmo algún dos maiores núcleos son incapaces de reter poboación.

Como factores positivos poden argüirse os seguintes:

- Axeitado número de habitantes da Comarca.
- Tendencia á concentración e ó crecemento demográfico nos núcleos situados arredor da estrada N-VI, aspecto que beneficia ós municipios de Guitiriz e Begonte, e no centro comarcal de Vilalba.

### 3.5. PROYECCIÓN DEMOGRÁFICA DA COMARCA DE TERRA CHA

A pesar das limitacións que nos impoñen os datos disponibles, realizouse unha proxección demográfica da Comarca, cun horizonte 1995 e 2000, segundo tres escenarios: tendencial, optimista e pesimista.

Como se expoñe nos aportados anteriores, a poboación comarcal mantén unhas pautas de

decrecemento importantes, que provoca que dos datos das proxeccións se tiren cifras de perdas demográficas moi elevadas, incluso nas proxeccións tendencial e optimista.

No conxunto, se as variables demográficas manteñen o seu actual comportamento, nos próximos anos a poboación comacal, experimentará un decrecemento considerable, nos tres escenarios considerados.

Así, para o período 1995-2000 o decrecemento aproxímase ó -4%, mentres que no se-

guinte período (2000-2010) case o duplicará, acercándose ó -8% o descenso poboacional.

Ponse así de manifesto o forte envexecimento da poboación comarcal, que constitúe un problema esencial para o futuro desenvolvemento da Comarca.

	1991-95	1995-2000	2000-2010
Tendencial	48217	46391	42943
Optimista	48266	46438	42986
Pesimista	48169	46345	42900

---



## 4. SISTEMA PRODUCTIVO

Con este epígrafe, adentrámonos no sistema productivo que ten como finalidade coñecer non só a poboación activa senón tamén o comportamento das distintas ramas da actividade económica que teñen maior dinamismo dentro da comarca.

### 4.1.- POBOACIÓN ACTIVA

A poboación activa, ou número de persoas que traballan, caracterízase en Galicia por unha elevada taxa, debido ó subemprego agrícola, en especial o feminino. Nesta Comarca, estes trazos acentúanse aínda máis, debido ó elevado número de activos no sector primario, de aí que a taxa sexa de 53,38%, superior ó rexistrado en Galicia (49,18%) e Lugo (50,47%).

Os índices por riba da media corresponden ós municipios de: Pastoriza (56,95%), Abadín (54,47%), Castro de Rei (55,57%), Vilalba (53,52%) e Cospeito (58,38%). Pola contra, Xermade (47,73%) e Begonte (46,86%), onde o emprego no secundario e terciario ten unha maior relevancia, rexistran os valores máis baixos.

Por sexos, a taxa de actividade reflicte tamén diferentes comportamentos, sobre todo a feminina. Esta é moi alta na Comarca (42,25%), sobre todo se se compara coas porcentaxes de

Galicia (23,58%) e Lugo (37,77%). A explicación é o elevado número de mulleres subempregadas no sector agrario.

Segundo esta análise, a Comarca aparece dividida en dúas áreas económicas:

1) Os municipios de Vilalba e Begonte son os que presentan un sector secundario e terciario máis diversificado e desenvolvido. Isto débese á súa boa localización, que se ve reforzada coa radial VI, ó redor da cal se orixinou un importante eixo de desenvolvemento en orde ás empresas especializadas na transformación de produtos agrarios.

2) Por último, unha segunda área é a formada polo resto dos municipios que contan cunha estrutura productiva marcadamente gandeira e uns sectores secundario e terciario moi pouco evolucionados.

### 4.2.- SECTORES DE ACTIVIDADE

A Comarca de Terra Cha caracterízase por ter unha estrutura productiva baseada no sector primario que ocupaba en 1991 ó 57,16% da poboación activa, porcentaxe esta moi superior á media provincial (43,35%) e rexional (23,71%). Deste xeito, pese á evolución experi-

CADRO 15. TAXA ACTIVIDADE XERAL, HOMES E MULLERES NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	Taxa activ. Varóns 81	Taxa activ. Varóns 91	Taxa activ. Mulleres 81	Taxa activ. Mulleres 91	Taxa activ. Xeral 81	Taxa activ. Xeral 91
Abadín	76,58	63,95	52,38	45,87	63,80	54,47
Begonte	62,22	61,27	27,99	16,70	44,49	46,86
Castro de Rei	70,01	67,02	41,37	44,39	55,98	55,57
Cospeito	69,88	66,13	34,57	50,95	51,64	58,38
Guitiriz	68,09	64,66	44,33	36,80	55,76	50,61
Pastoriza	74,38	63,83	59,26	50,24	66,75	56,95
Vilalba	71,07	67,12	28,13	40,71	48378	53,52
Xermade	65,37	57,72	42,60	37,89	53,55	47,73
Total	70,04	64,99	38,50	42,25	53,80	53,38
Total comarcal	70,04	64,99	38,50	42,25	53,80	53,38
Total provincial	69,95	63,87	31,23	37,77	50,12	50,47
Total rexional	72,84	66,36	27,71	33,58	49,20	49,18

mentada nos últimos dez anos, a principios dos noventa, o sector primario constitúe aínda a principal fonte de traballo existente na Comarca.

Entrementres, os outros sectores productivos experimentaron unha sensible recuperación, detectándose un peso cada vez maior do comercio e os servizos que, xuntamente coa industria empregan ó 42% da poboación activa existente na Comarca.

En todo caso, e a pesar dos cambios realizados, a situación da comarca reflicte os trazos característicos do espazo rural galego, presentando un sector primario aínda sobredimensionado, un terciario cada vez con maior representatividade, fundamentalmente polo comercio e a Administración pública, e un sector industrial débil, concentrado sobre todo na construción e na transformación de produtos lácteos.

Por municipios, existen claras diferenzas segundo a maior ou menor porcentaxe de poboación ocupada no sector agrario. Vilalba (54,59%) e Begonte (37,59) destacan sobre do resto pola maior presenza dos sectores produc-

tivos non agrarios. O resto do espazo comarcal identifícase con áreas rurais, onde a gandería é a actividade principal, especialmente en Vilalba, Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei.


A poboación activa no secundario, sempre con niveis baixos, hai que relacionala fundamentalmente coa extracción de granito e pizarras, a construción, a madeira e coas industrias alimenticias.

Por municipios, no sector secundario, Begonte cun 26,3% da poboación activa, é o municipio que conta con maior número de traballadores ocupados no sector secundario debido á existencia de empresas de transformación de produtos agrícolas no propio municipio e no de Rábade, así como ás propias actividades desenvolvidas pola empresa mineira "Explotación de Rocas Industriais e Mineiras, S.A." que proporciona emprego a perto de 40 traballadores no municipio. Un segundo lugar correspóndelle a Vilalba (23,01%), onde existe unha notable presenza do subsector da alimentación, sobre todo empresas lácteas e cárnicas. Ademais destes dous municipios (Begonte e Vilalba), convén facer referencia ó de Xer-

CADRO 16. POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	% Sector Primario 81	% Sector Primario 91	% Sector Industria 81	% Sector Industria 91	% Sector Construc. 81	% Sector Construc. 91	% Sector Servicios 81	% Sector Servicios 91
Abadín	83,80	71,18	3,00	5,19	3,40	8,50	9,80	15,13
Begonte	64,60	42,41	6,60	13,42	7,40	12,90	1,40	31,27
Castro de Rei	72,50	63,21	8,00	8,89	6,70	7,85	12,80	20,05
Cospeito	79,50	67,31	4,60	6,14	4,30	8,92	11,40	17,63
Guitiriz	70,90	52,54	7,80	13,27	3,50	7,47	17,30	26,73
Pastoriza	86,50	76,55	2,60	7,35	3,40	5,22	7,50	10,88
Vilalba	62,60	45,42	8,30	10,23	7,30	12,78	21,30	31,58
Xermade	70,30	55,55	3,60	10,55	9,60	11,36	13,10	22,54
Total	72,49	57,16	6,15	9,41	5,64	9,79	15,27	23,64
Total comarcal	72,49	27,16	6,15	9,41	5,64	9,79	15,27	23,64
Total provincial	58,39	43,35	9,12	11,45	6,35	9,22	25,63	35,98
Total rexional	34,56	23,71	17,52	18,28	10,20	13,01	36,48	45,00

GRÁFICO Nº 7. ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADES. COMARCA DE TERRA CHA



CADRO 17. POBOACIÓN OCUPADA NON AGRARIA NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 91	% ACTIVOS 81 NON AGRARIOS	% ACTIVOS 91 NON AGRARIOS
Abadín	4,881	4,103	16,20	29,10
Begonte	4,630	4,603	40,50	57,65
Castro de Rei	6,447	5,588	16,60	36,83
Cospeito	6,931	6,473	47,30	32,73
Guitiriz	7,496	6,977	10,80	47,54
Pastoriza	4,952	4,486	15,40	23,55
Vilalba	16,485	15,969	74,10	54,70
Xermade	3,502	3,134	29,10	44,54
Total	55,324	51,333	37,14	42,94
Total comarcal			37,14	42,94
Total provincial			40,06	58,28
Total rexional			63,68	79,69

made, onde o 21,01% da poboación activa está empregado no sector secundario. Iso débese a que un bo número de veciños do citado municipio traballan na cercana explotación mineira e central térmica das Pontes.

Con respecto ós activos terciarios, destacan: o municipio de Vilalba (31,58%) e o de Begonte (31,27%). No primeiro caso, por localizárense nel os principais servizos, equipamentos e comercios existentes na comarca e, no segundo caso, pola súa situación estratéxica na N-VI, a existencia dalgunhas empresas significativas, a proximidade a Rábade e á capital provincial. Os demais municipios presentan niveis de emprego no terciario bastante inferiores, aínda que cómpre un terceiro lugar a Guitiriz (26,73%), pola actividade en hostelería e a dotación de equipamentos comerciais existentes no núcleo principal.

#### 4.2.1.- AGRICULTURA

Ó igual có comportamento xeral para toda Galicia, apréciase un descenso no número de explotacións entre os Censos de 1962 e 1989.

A pesar de todo, a redución non foi o suficientemente drástica -mesmo se produciu un aumento en Cospeito- como para cambia-la estrutura agraria da comarca e xerar explotacións de gran tamaño e elevada rendabilidade.

O número de parcelas por explotación tamén experimentou unha importante redución entre 1962 e 1989 (de 19,90 a 14,98), con valores semellantes á provincia e Galicia (15,00 e 15,16). Este descenso no número de parcelas por explotación débese tamén en gran parte ó abandono daquelas parcelas que, por alonxadas ou pequenas, deixan de traballarse.

O proceso de concentración parcelaria non tivo un gran desenvolvemento. Unicamente habería que resaltar Pastoriza (4.229 Has.) e algunhas parroquias de Castro de Rei (2.517 Has.), Abadín (851 Has.) e Xermade (sen datos sobre a súa extensión).

Con todo, cómpre destacar que, nos últimos anos, e sobre todo de cara ó futuro, estáse dando un esforzo inversor moi importante pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes - ó igual ca no resto de Galicia-, prevéndose un

total de 17.399 Has. concentradas, distribuídas do seguinte modo:

CADRO 18

Municipios	Has. concentradas
Abadín .....	2.595
Begonte .....	164
Castro de Rei .....	4.354
Outeiro de Rei .....	1.414
Pastoriza.....	4.472
Vilalba .....	3.000
Xermade.....	1.400
TOTAL .....	17.399

A extensión da concentración parcelaria é considerada prioritaria na maioría dos Cuestionarios de Recoñecemento Territorial, co fin de conseguir unha mínima rendabilidade das explotacións agrarias. Ademais, as condicións topográficas favorables de chaira e suaves pendentes da Comarca favorecen a súa posta en práctica.

Por outra banda, existe un potencial endóxeno importante con base nos prados e o cultivo de forraxes (gandería), e a superficie forestal (industria madeireira).

En canto a solo cultivable, destaca o municipio de Cospeito, onde unha parte importante da súa superficie foi posta en explotación (con regadío) polo Instituto Nacional de Colonización.

O solo forestal é predominante (59,46% da superficie), especialmente nos municipios máis montañosos (Xermade, Abadín e Guitiriz). Compónse principalmente por coníferas e bosque autóctono (carballo, bidueiro, castiñeiro, etc.). O aproveitamento da riqueza forestal mantén unha interesante actividade industrial, aínda que, ata o momento, moi limitada.

Para atinxir unha maior produtividade forestal, faise necesario un intenso labor de repoboación forestal que poña en explotación grandes áreas do territorio comarcal. Ademais, e seguindo as directrices do Plan Forestal (1992), co fin de paliar-la excesiva fragmentación da propiedade dos montes, son necesarios o asociacionismo e a concentración parcelaria nos mesmos.

Resumindo, a acentuación do proceso de concentración parcelaria, a modernización das explotacións gandeiras e o desenvolvemento do uso forestal do solo, constitúen os dous factores prioritarios de desenvolvemento endóxeno no sector primario comarcal.

CADRO 19. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS

MUNICIPIOS	Nº Explotac.	Nº Explotac.	Nº Explotac.	Nº Explotac.	% Nº Explotac.	% Nº Explotac.	% Nº Explotac.
Abadín	1,412	1,252	1,177	1,148	-11,33	-5,99	-2,46
Begonte	1,435	1,114	1,202	1,235	-22,37	7,90	2,75
Castro de Rei	1,707	1,591	1,617	1,645	-6,80	1,63	1,73
Cospeito	1,891	2,049	1,970	1,922	8,36	-3,86	-2,44
Guitiriz	2,009	1,801	1,902	1,936	-10,35	5,61	1,79
Pastoriza	1,460	1,419	1,346	1,302	-2,81	-5,14	-3,27
Vilalba	4,336	3,563	3,233	3,306	-17,83	-9,26	2,26
Xermade	1,122	1,055	994	993	-5,97	-5,78	-0,10
Total	15,372	13,844	13,441	13,487	-9,94	-2,91	0,34
Total comarcal					-9,94	-2,91	0,34
Total provincial					-11,83	-5,73	-3,43
Total rexional					-10,71	-6,15	-0,71



**A ESTRUCTURA PRODUCTIVA CLARAMENTE GANDEIRA APRÉCIASE NO CONCELLO DE PASTORIZA CUN IMPORTANTE PROCESO DE  
CONCENTRACIÓN PARCELARIA**



**XERMADE CONTA CUNHA CONSIDERABLE RIQUEZA FORESTAL QUE ABASTECE PEQUENAS  
INDUSTRIAS MADEREIRAS LOCAIS**

**CADRO 20. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARCELAS**

MUNICIPIOS	Nº Parcelas	Nº Parcelas	Nº Parcelas	Nº Parcelas	% Nº Parcelas	% Nº Parcelas	% Nº Parcelas
Abadín	37,852	26,142	19,096	18,178	-30,94	-26,95	-4,81
Begonte	24,429	23,255	19,190	16,662	-4,81	-17,48	-13,17
Castro de Rei	26,941	23,620	16,583	14,155	-12,33	-29,79	-14,64
Cospeito	31,206	30,905	26,150	24,161	-0,96	-15,39	-7,61
Guitiriz	54,868	45,882	39,304	35,645	-16,38	-14,34	-9,31
Pastoriza	30,307	21,487	10,743	10,415	-29,10	-50,00	-3,05
Vilalba	66,343	57,370	48,905	47,878	-13,53	-14,76	-2,10
Xermade	34,015	31,467	21,421	34,923	-7,49	-31,93	63,03
Total	305,961	260,128	201,392	202,017	-14,98	-22,58	0,31
Total comarcal					-14,98	-22,58	0,31
Total provincial					-19,58	-15,90	-4,62
Total rexional					-22,89	-25,16	-0,17


CADRO 21. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARCELAS POR EXPLOTACIÓN

MUNICIPIOS	PARCELAS/62 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/72 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/82 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/89 EXPLOTACIÓN
Abadín	26,81	20,88	16,22	15,83
Begonte	17,02	20,88	15,97	13,49
Castro de Rei	15,78	14,85	10,26	8,60
Cospeito	16,50	15,08	13,27	12,57
Guitiriz	27,31	25,48	20,66	18,41
Pastoriza	20,76	15,14	7,98	8,00
Vilalba	15,30	16,10	15,13	14,48
Xermade	30,32	29,83	21,55	35,17
Total	19,90	18,79	14,98	14,98
Total comarcal	19,90	18,79	14,98	14,98
Total provincial	18,86	17,04	15,53	15,00
Total rexional	21,77	18,91	14,67	15,16

CADRO 22. DATOS DE USOS DO SOLO EN 1990

MUNICIPIOS	% TERRAS DE CULTIVO	% PRADOS E PASTIZALES	% TERREO FORESTAL	% OUTRAS SUPERFICIES
Abadín	14,46	15,42	68,41	1,71
Begonte	19,59	19,10	56,92	4,39
Castro de Rei	43,57	11,72	41,53	3,18
Cospeito	37,43	14,12	43,44	5,00
Guitiriz	11,44	14,75	72,22	1,59
Pastoriza	15,75	11,01	68,15	5,09
Vilalba	18,74	15,28	61,47	4,51
Xermade	20,82	19,16	57,29	2,72
Total	21,91	15,17	59,46	3,46
Total comarcal	21,91	15,17	59,46	3,46
Total provincial	15,68	17,55	61,95	4,81
Total rexional	19,49	12,11	61,34	7,07

GRÁFICO Nº 8. USOS DO SOLO (1990)



CADRO 23. SUPERFICIE OCUPADA POLOS CULTIVOS AGRÍCOLAS (1990)

MUNICIPIOS	% ARBORADO	% CULTIVADA	% S.A.U.	% CULTIVADA	% PRADEIRAS
Abadín	31,14	14,46	29,88	48,39	51,61
Begonte	7,76	19,59	38,69	50,63	49,37
Castro de Rei	7,41	43,57	55,29	78,8	21,2
Cospeito	4,38	37,43	51,55	72,6	27,4
Guitiriz	30,67	15,75	26,76	58,87	41,13
Pastoriza	14,77	18,74	34,02	55,08	44,92
Vilalba	4,96	20,82	39,98	52,08	47,92
Xermade	11,03	11,14	26,19	43,67	56,33

% SUPERFICIE CULTIVADA SOBRE SUPERFICIE TOTAL




MAPA 5

% SUPERFICIE ARBORADA SOBRE SUPERFICIE TOTAL



MAPA 6

% S.A.U. SOBRE SUPERFICIE TOTAL



MAPA 7

% PRADEIRAS SOBRE S.A.U.



MAPA 8

## % SUPERFICIE CULTIVADA SOBRE S.A.U.



MAPA 9

## 4.2.2.- GANDERÍA

Na cabaña gandeira, a maior representatividade tena o gando bovino, como é tradicional en Galicia, pero cunha especialización neste caso moi acusada (90.963 cabezas), concentrada na produción de leite e, en menor medida, na de carne.

As explotacións desta natureza, especialmente as de leite, adquiriron un forte desenvolvemento en toda a comarca durante os anos setenta, por mor das axudas promovidas pola Administración Autonómica, creando prados e fomentando o cooperativismo gandeiro que ten nesta Comarca cinco exemplos significativos. A actividade gandeira é especialmente intensa en Vilalba, Pastoriza, Castro de Rei e Cospeito.

Tamén ten unha gran importancia o gando de porca (41.539 cabezas), destacando polo seu

número Vilalba e Guitiriz. Igualmente, procédese a unha certa elaboración (máis artesá que industrial) e comercialización dos produtos derivados, sobre todo en Vilalba.

A presenza das restantes especies é moito menor, destacando unha granxa de aves en Vilalba e outra de visóns en Begonte. O gando ovino, de boas posibilidades no mercado, non presenta, con todo, favorables condicións en gran parte do territorio comarcal, debido á presenza de zonas encharcadas e á alta humidade reinante (factores que favorecen a proliferación de fungos nas patas destes animais). Conxuntamente, tan só están rexistrados 10.938 cabezas de ovino e caprino, destacando Abadín debido á súa topografía montañosa.

Outro indicador a considerar é a intensidade gandeira (ou número de cabezas de gando por km<sup>2</sup>.), que, no caso do bovino é moi importante,




**COSPEITO. A CONCENTRACIÓN PARCELARIA É UN DOS FACTORES DE MODERNIZACIÓN AGRARIA**

**CADRO 24. CENSO XERAL GANDEIRO. 1990**

MUNICIPIOS	Número de Reses de bovino	Intensidade Gandeira bovino	Nº de reses Ovino-capri.	Intensidade Gan. ovino-capr.	Número de cerdos	Intensidade Gandeira. porcino
Abadín	9,963	50,83	2,187	11,16	3,395	17,32
Begonte	3,582	28,20	741	5,83	5,887	46,35
Castro de Rei	15,496	87,55	1,037	5,86	4,207	23,77
Cospeito	14,387	101,32	596	4,20	4,824	33,97
Guitiriz	9,537	36,82	1,719	6,64	7,942	30,66
Pastoriza	16,549	94,57	1,407	8,04	3,230	18,46
Vilalba	16,660	43,73	1,253	3,29	9,679	25,40
Xermade	4,789	28,68	1,998	11,96	2,375	14,22
<b>Total</b>	<b>90,963</b>	<b>56,01</b>	<b>10,938</b>	<b>6,74</b>	<b>41,539</b>	<b>25,58</b>
Total comarcal	90,963	56,01	10,938	6,74	41,539	25,58
Total provincial	348,377	35,50	65,043	6,63	335,693	34,21
Total rexional	841,407	28,52	251,615	8,53	1,148,446	38,93

GRÁFICO Nº 9. COMPOSICIÓN DO CONXUNTO GANDEIRO



CADRO 25. CAMPAÑA DE SANEAMENTO BOVINO, 1989

MUNICIPIOS	Número reses	Número explotación	Número de reses en explotacións con:				
			1-2	3-4	5-9	10-19	>20
Abadín	5,733	599	93	406	1,393	2,322	1,519
Begonte	3,370	494	137	445	1,205	943	640
Castro de Rei	14,549	954	118	412	1,420	4,194	8,405
Cospeito	12,730	1,091	160	466	2,509	4,410	5,185
Xermade	4,123	555	183	387	1,402	1,137	1,014
Guitiriz	5,739	479	50	210	1,152	2,435	1,892
Vilalba	7,321	893	145	625	1,411	3,940	9,197
<b>Total</b>	<b>68,564</b>	<b>6,024</b>	<b>1,011</b>	<b>3,277</b>	<b>13,149</b>	<b>21,907</b>	<b>29,220</b>
Total comarcal	68,564	6,024	1,011	3,277	13,149	21,907	29,220
Total provincial	271,515	27,873	6,136	16,561	64,842	97,549	89,427
Total rexional	647,711	92,210	42,583	65,888	158,158	208,140	172,942

## CADRO 26. MECANIZACIÓN AGRARIA


MUNICIPIOS	Tractores Total 82	Tractores Total 89	Motocultores Total 82	Motocultores Total 89	Colleitoras Total 82	Colleitoras Total 89	Outras Total 82	Outras Total 89
Abadín	433	592	326	517	23	8	571	552
Begonte	286	384	199	284	21	44	346	418
Castro de Rei	728	1.113	779	1.691	153	106	176	1.742
Cospeito	924	694	681	734	164	148	993	921
Guitiriz	533	856	612	723	74	418	502	558
Pastoriza	638	1.743	607	1.176	75	389	936	1.520
Vilalba	1.408	486	678	323	228	60	1.035	386
Xermade	409	819	264	817	55	430	362	226
<b>Total</b>	<b>5.359</b>	<b>6.687</b>	<b>4.146</b>	<b>6.265</b>	<b>793</b>	<b>1.623</b>	<b>4.921</b>	<b>6.323</b>
Total comarcal	5.359	6.687	4.146	6.265	793	1.623	4.921	6.323
Total provincial	23.395	83.544	18.231	68.560	3.208	6.264	23.223	87.611
Total rexional	62.486	29.628	45.681	25.534	5.726	3.074	75.078	29.172

sobre todo nos municipios de: Cospeito (101,32) e Pastoriza (94,57). As condicións ambientais, de alta humidade, precipitacións elevadas, temperaturas suaves, topografía plana

ou con lixeira pendente, etc., son as axeitadas para este tipo de recurso.

Así e todo, un dos principais problemas ós que se enfronta a gandería en Galicia, de cara á

GRÁFICO Nº 10. ESTRUCTURA COMARCAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE



saída dos produtos derivados cara ós mercados exteriores, é o do saneamento.

Cos últimos datos disponibles, correspondentes á campaña de 1989, o número de cabezas de gando bovino saneadas serve de indicador para amosa-la preocupación existente. Así, 68.564 reses foron obxecto de tratamento, o que representa un 75,37% do Censo Gandeiro da Comarca en 1991, porcentaxe lixeiramente inferior ó de Galicia (76,97%) e ó de Lugo (77,93%).

Os municipios que teñen máis do 90% do gando saneado son: Begonte, Castro de Rei e Pastoriza. Pola contra, en Vilalba, menos da metade do gando foi tratado.

Estas condicións sanitarias desfavorables para a Comarca, han subsanarse de cara á integración nun mercado altamente competitivo coma o Comunitario, a pesar do esforzo realizado nos últimos anos.

Por outra banda, e partindo dos datos de saneamento gandeiro, a maior parte das explotacións teñen máis de dez vacas cada unha. Destacan aquelas con máis de vinte, ó contrario ca en Galicia e a provincia, onde son máis numerosas as comprendidas no grupo de 10 a 19. Aspecto favorable para a Comarca pola maior rendabilidade económica das maiores explotacións.

É recomendable que, dadas as favorables condicións de partida en canto á topografía, os solos e o tamaño das explotacións, a gandería adquiera unha orientación extensiva. Para iso, convén acometer esforzos que melloren a rendabilidade das explotacións e reduzan o endebedamento financeiro no que están inmersos numerosos gandeiros da Comarca. Nalgúns municipios, coma no caso de Pastoriza, estímase en perto de 10.000 millóns de pesetas os pagos pendentes. A pesar destas condicións de precariedade, a gandería da Comarca está en condicións

de ser competitiva se se siguen mellorando as estruturas productivas e se eleva o grao de formación e capacitación profesional do gandeiro.

A Comarca caracterízase polo emprego xeralizado de maquinaria agrícola de todo tipo, cunha media de 0,4 tractores por explotación, cifra superior á de Galicia (0,16) e a da provincia de Lugo (0,30).

O relativo dimensionamento das explotacións, a escasa pendente topográfica, o tipo de uso (forraxes e pastizais), o proceso de concentración parcelaria nalgúns parroquias, o cooperativismo e a relativa presenza -para o que é o contexto galego- de agricultores con aceptable nivel de renda, favorecen, no seu conxunto, o uso estendido da maquinaria agrícola, convertindo á Comarca nunha das máis mecanizadas de toda Galicia. En todo caso, a lenta, pero progresiva especialización na produción láctea e, subsidiariamente, na cárnica, está directamente relacionada e influenciada pola localización dalgúns empresas multinacionais. Estas instaláron as súas plantas na comarca, favorecendo o seu desenvolvemento gandeiro e a modernización de boa parte das estruturas productivas existentes, así como a mellora sensible do grao de mecanización agraria da comarca, actualmente o máis alto de Galicia.

#### 4.2.3.- SECTOR SECUNDARIO

A Comarca da Terra Cha, caracterizada por te-la maioría da súa poboación activa ocupada no sector primario, segue a tónica do contexto provincial, ofrecendo un tecido industrial marcadamente especializado na transformación de produtos lácteos, cárnicos e na fabricación de piensos.

A pesar da clara preponderancia das actividades primarias, cómpre destaca-lo considera-

ble avance que nos últimos 10 anos se produciu, mellorando as estruturas productivas e instalándose novas empresas agroindustriais de carácter multinacional. De feito, con respecto ó ano 1981, a poboación activa ocupada no sector industrial pasou de representalo 12,8% a supor case o 20% en 1991. Este aumento da poboación activa ocupada no sector secundario foi acompañado dun progresivo descenso da poboación activa empregada no sector primario, pasando do 72,4% en 1981 ó 57,1% en 1991. Este comportamento reflicte unha clara evolución positiva, que se manifesta na apertura de novos parques empresariais (Begonte, Xermade, Guitiriz e Castro Ribeiras do Lea, que se suman ó xa existente en Vilalba.

Na Comarca só existen 197 empresas adicadas a actividades industriais que, no seu conxunto, ocupan a un total de 1.593 traballadores, o que supón algo máis do 95% do emprego industrial da provincia. Trátase, en consecuencia, de empresas maioritariamente pequenas, de escasa diversificación industrial, cunha media de 8 traballadores por empresa, o que demostra unha acusada atomización do tecido industrial da Comarca.

Polo seu tamaño e emprego destacan aquelas empresas relacionadas coa elaboración e

transformación de produtos agropecuarios, que tenden a localizarse nos núcleos mellor comunicados (Vilalba, Guitiriz, Begonte e Castro Ribeiras do Lea).

## EMPRESAS CON 25 E MÁIS EMPREGADOS

MUNICIPIO E EMPRESAS	ACTIVIDADE	EMPREGOS
<b>BEGONTE</b>		
Proxan	Fáb. penso	50
Erimsa	Extracción	40
<b>CASTRO DE REI</b>		
Conagra Avicultura	Incub.Matad.aves	125
<b>COSPEITO</b>		
Allplas Muimenta,S.L	Prod. metálicos	28
José Gruna Puente	Constr. Instalac.	38
<b>GUITIRIZ</b>		
Cerámicas Ind.de Galicia	Prod. cerámicos	27
Ingemarga, S.A.	Ind. pedra natur.	180
Tivaygasa	Prod. metálicos	27
<b>PASTORIZA</b>		
Inlusa	Pizarras	119
<b>VILALBA</b>		
Besnier	Prod. láctea	72
Hnos. Paz, S.L.	Inst. eléctricas	32
José Sanjurjo Lozano	Extrac. Mat. Constr.	65

## CADRO 27. EMPRESAS E EMPREGO. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL. (TERRA CHA)

MUNICIPIOS	EMPRESAS	TRABALLADORES % S/TOTAL	MEDIA NÚMERO	% S/TOTAL	TRAB./EMP.
Industria	113	23,89	1,206	52,66	10,67
Construcción	84	17,76	387	16,90	4,61
Comercio	114	24,10	296	12,93	2,60
Servicios	162	34,25	401	17,51	2,48
Total	473	100	2,290	100	4,84

Como se pode comprobar, as actividades desenvolvidas polas empresas máis importantes existentes na comarca teñen unha relación directa cos recursos da Comarca. Así, en orde ó número de empregados: INGEMARCA (Guitiriz), de capital de orixe vasca, adicase á preparación de pedra natural, explotando os xacementos de granito existentes no municipio; CONAGRA AVICULTURA (Castro Ribeiras do Lea) á produción e matadoiro avícola, así como cunha fábrica de pensos en Begonte; INLUSA (Pastoriza), á extracción de pizarras e, finalmente, BESNIER, que conta con dúas factorías en Vilalba adicadas á elaboración e transformación de produtos lácteos.

Existen, con todo, algunhas empresas cunha situación que obedece máis a factores de localización estratéxica e futura comercialización cá existencia de materias primas específicas na zona. Isto sucede con aquelas situadas arredor da estrada radial N-VI, especialmente relacionadas cos transformados metálicos (Tivaygasa en Guitiriz) e coa fabricación de pensos compostos, elaborados a partir de millo e soja importados de Estados Unidos e América Latina. Estes produtos son desembarcados no porto da Coruña e trasladados ás factorías de Begonte e Rábade.

Outra das características do sector industrial da Comarca é a atracción de capital externo á mesma. Isto sucede nos casos de: CONAGRA AVICULTURA Y PROXAN (capital norteamericano), BESNIER (filial francesa), INLUSA (propietario de O Barco-Ourense) e INGEMARCA (empresario do País Vasco).

A implantación destas importantes empresas industriais, de capital exterior na Comarca, evidencia o poder de atracción da mesma, derivado, sen dúbida, da existencia de recursos naturais e materias primas específicas propias e ó feito de ser lugar de paso de dúas importantes

vías de comunicación de alcance extrarrexional, como as estradas: Radial VI Madrid-A Coruña e Nacional 640 Galicia-Asturias.

Este feito ha interpretarse como un factor moi positivo que ofrece grandes perspectivas de cara ó futuro (Autovía A Coruña-Lugo e Transcantábrica).

Os trazos característicos do sector secundario da Comarca son, en consecuencia, os seguintes:

1.- O emprego industrial ten aínda unha escasa representación. Tan só 1.593 persoas se adican a esta actividade, dun total de 23.000 activos. Con todo, o emprego industrial creceu nos últimos dez anos, a medida que se reduciu a poboación activa agraria.

2.- A maioría das empresas do sector teñen menos de 25 empregos. Das 197 existentes, só 10 superan esta cifra de emprego; nembargantes, representan un total de 725 postos de traballo, o 60,1% do emprego industrial da Comarca.

3.- A industria da Terra Cha concéntrase en dúas ramas principais. Unha delas é a industria relacionada coa extracción de pedra e a fabricación de cerámica e materiais de construción. A outra é a derivada da transformación dos produtos agrícolas e gandeiros. Ambas actividades derívanse dos recursos naturais existentes na Comarca.

4.- O subsector da Construción (aínda que está dentro da industria, merece polo seu volume un tratamento aparte) ten certa relevancia, sobre todo en canto a instalacións e construción de inmuebles. Así e todo, preséntase moi atomizada e tan só unha delas ten máis de 25 empregados.

5.- Para atende-las perspectivas de crecemento industrial e comercial que se podan pro-

CADRO 28. ESTRUCTURA DAS EMPRESAS INDUSTRIAIS (TERRA CHA)

MUNICIPIOS Subsectores	< 10 Empleados		10-24 Empleados		24-50 Empleados		> 50 Empleados	
	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.
Extrac./Transf. mineral								
Minerais metálicos	0	0	0	0	0	0	0	0
Minerais non metálicos	5	12	1	15	0	0	2	184
Material de construción	6	23	3	56	1	27	1	179
Química	1	2	0	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>37</b>	<b>4</b>	<b>71</b>	<b>1</b>	<b>27</b>	<b>3</b>	<b>363</b>
Transformación de metais	35	76	6	35	2	74	0	0
Productos metálicos	3	11	1	14	1	32	0	0
<b>Total</b>	<b>38</b>	<b>87</b>	<b>4</b>	<b>49</b>	<b>3</b>	<b>106</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
Manufacturas								
Alimentación	13	33	2	29	1	50	2	197
Coiro/Calzado	3	14	1	10	0	0	0	0
Maderio	19	59	4	65	0	0	0	0
Papel	2	8	0	0	0	0	0	0
Outras	1	1	0	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>38</b>	<b>115</b>	<b>7</b>	<b>104</b>	<b>1</b>	<b>50</b>	<b>2</b>	<b>197</b>
Construcción								
Edificación e O.O.P.P.	17	44	6	104	0	0	0	0
Construcción inmobles	15	48	0	0	0	0	0	0
Instalación e montaxes	44	137	1	16	1	38	0	0
<b>Total</b>	<b>76</b>	<b>229</b>	<b>7</b>	<b>120</b>	<b>1</b>	<b>38</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL COMARCAL</b>	<b>164</b>	<b>468</b>	<b>22</b>	<b>344</b>	<b>6</b>	<b>221</b>	<b>5</b>	<b>560</b>

ducir no futuro, prevése acondicionar varios parques empresariais nos seguintes municipios e localidades:

CADRO 29

POLÍGONO INDUSTRIAL	M2.
Begonte	105.000
Castro Ribeiras do Lea	189.000
Pastoriza	84.000
Vilalba	105.000
Xermade	105.000

#### 4.2.4.- SECTOR TERCIARIO

A estrutura empresarial do terciario, a pesar de que representa perto do 60% das empresas na Comarca, ten un carácter familiar predominante, con menos de tres empregados por establecemento. A maioría son comercios e bares.

Este sector distribúese, principalmente entre o 24,2% do subsector Comercio e o 34,3% de Servicios propiamente ditos. Con todo, só xenera o 33% de emprego (14% Comercio e 19% o resto dos Servicios).

CADRO 30. ESTRUCTURA DAS EMPRESAS TERCIARIAS (TERRA CHA)

MUNICIPIOS	< 10 EMPREGADOS		< 10 EMPREGADOS		< 10 EMPREGADOS	
	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.
COMERCIO	108	214	6	82	0	0
HOSTELERIA	53	76	3	54	0	0
TALLERES	21	37	2	30	0	0
TRANSPORTES	45	90	3	34	0	0
FINANZAS-SEGUROS	12	28	0	0	0	0
ADM.- SERV. SOCIAIS	10	32	0	0	0	0
OUTROS	13	20	0	0	0	0
TOTAL	262	497	14	150	0	0

Agás do Hospital Psiquiátrico de Castro de Rei, de ámbito provincial, ningún establecemento supera os 25 empregados.

Os sectores dominantes son os relacionados co Comercio e a Hostelería, xenerando en conxunto o 60% das empresas e do emprego no terciario. Isto responde ás actividades propias das capitais municipais do medio rural, unido, neste caso, a unha certa especialización en Hostelería (bares, hospedaxes, estación balnearia, etc.).

#### 4.3.- ÁREAS DE MERCADO

Ata aquí, analizouse, desde un punto de vista estadístico, a localización do sistema productivo comarcal. Nembargantes, estas actividades xeneran unha serie de fluxos económicos, por motivos de traballo e de satisfacción de bens e servicios, que configuran áreas de atracción dos centros comarcais ou, pola contra, de dependencia doutros exteriores.

O centro de mercado principal e indiscutible é Vilalba. A súa área de atracción é toda a Comarca. Esta situación provén de épocas pasadas, co sistema de organización do medio rural

galego, a través de feiras e mercados. A súa influencia é especialmente palpable sobre Abadín, Cospeito, Xermade e Guitiriz.

Actualmente, é Vilalba o único centro cunha feira de carácter subrexional. Ademais, cómpre salienta-la crecente puxanza que está adquirindo o mercado gandeiro de Castro Ribeiras de Lea, o segundo en importancia de Galicia, despois do de Santiago de Compostela, segundo o volume de vendas que rexistra cada mércores (arredor dos 44 millóns de pesetas). A importancia deste mercado gandeiro está avalada polo predominio (neste municipio) de explotacións gandeiras de 40 a 60 vacas de alta rendabilidade. Estímase que no municipio de Castro de Rei existen unhas 19.000 cabezas de gando de alto rendimento. As explotacións existentes neste municipio veñen aproveitando con certa regularidade os cursos de formación importados ou promovidos por unha explotación gandeira que a Diputación Provincial de Lugo ten en Castro de Rei. Estas circunstancias explican o constante crecemento que está a experimentar-lo mercado gandeiro de Ribeiras do Lea, que, na actualidade, convertiuse no principal núcleo demográfico e industrial do municipio de Castro de Rei. A súa localización estratéxica e a implantación de importantes empresas do sector

agroalimentario (Grupo Sada, propiedade de B.P. e de Conagra), convérteno nun núcleo que atravesa por unha fase de continuo crecemento.


- Hai, así mesmo, unha xerarquía dentro dos centros de ámbito municipal. Vilalba ocupa o nivel superior; Guitiriz e Castro Ribeiras do Lea, o intermedio. No nivel de base, sitúanse os restantes municipios, con poucas diferencias entre eles.

- A cidade de Lugo, polo seu carácter de capital provincial, implica unhas dotacións coas que non conta ningún outro centro na Comarca, polo que deixa sentir unha atracción crecente (particularmente nos municipios máis próximos) nos aspectos administrativos e naqueles de certa especialización (Universidade). A capital lucense exerce unha especial atracción sobre Begonte e Castro de Rei.

- Fóra do contexto provincial, constátase a importancia crecente da Coruña polo seu maior dotación comercial (hipermercados) e Universidade, aínda que, neste último aspecto, segue a ser maior a atracción de Santiago.

- Ademais de con Vilalba, a poboación mantén relacións con outros centros -pequenas cabeceiras- en razón da súa proximidade. As Pontes atrae á poboación da área de Xermade, Mondoñedo á de Abadín e Pastoriza, e Meira á de Pastoriza.

Os cambios producidos nos desplazamentos débense ás novas localizacións no territorio de servicios e equipamentos que, normalmente, tenden a ubicarse selectivamente nos núcleos maiores, e ó uso xeneralizado do coche propio.



MAPA 10

#### 4.4.- A POTENCIALIDADE TURÍSTICA

Dentro das actividades económicas a desenvolver, pode incluírse o turismo como unha das que ofrecen maiores posibilidades. Con todo, non ha de considerarse como a única solución ó estado actual de subdesenvolvemento económico. Na maior parte dos casos estudados, podería desempeñar un papel como fonte de ingresos complementaria a outras actividades (por exemplo, as do sector primario), debido, sobre todo, á escasa duración da temporada vacacional.

A grandes trazos, non pode falarse de turismo na zona, exceptuando Guitiriz, pola súa tradición balnearia. A orixe das persoas que acuden a este centro proceden da Galicia costeira (A Coruña) e do resto de España. As demais persoas que pasan o verán na zona compóñense, en gran parte, de emigrantes que residen fóra o resto do ano.

Analizando os datos do número de locais e prazas turísticas entre 1985 e 1992, obsérvase aínda unha débil infraestrutura turística a nivel comarcal, con tan só 15 establecementos e 336 prazas en 1992.

O censo de establecementos compóñese de: dous hoteis con tres e máis estrelas, un con menos de tres, once hostais con menos de tres estrelas e un camping.

Así e todo, existe unha aceptable oferta hoteleira para un turismo de medio e mesmo alto poder adquisitivo que, desde datas moi recentes, pode disfrutar dalgúns hoteis ben equipados.

Entre 1985 e 1992, produciuse un considerable aumento do número de establecementos hoteleiros, detectándose un incremento do 114%, aumento moi superior ó rexistrado a nivel provincial e rexional. Isto débese á construción de cinco novos hoteis promovidos en

parte por emigrantes retornados de Venezuela e Suíza en estreita colaboración co capital local.

Como consecuencia do anterior, produciuse tamén un sustancial incremento do número de prazas hoteleiras, pasando de 100 en 1985 a 336 en 1992, o que supón un incremento do 236%, incremento moi superior ó rexistrado na provincia e no conxunto de Galicia.

Os establecementos existentes na comarca localízanse preferentemente en Vilalba, municipio que conta cun Parador Nacional e con dous hoteis de tres estrelas e, arredor do eixe da estrada N-VI e nos municipios de Begonte e Guitiriz (lugar de paso e balneario).

Por municipios, tan só os citados de: Vilalba, Guitiriz e Begonte, xunto coa recente incorporación de Pastoriza, posúen establecementos turísticos rexistrados. Complementan, con todo, a oferta un bo número de vivendas secundarias: da poboación emigrada e, en menor medida, as que se ofrecen en rexime de aluguer por tempada (particularmente en Guitiriz).

A pesar do importante incremento da oferta hoteleira, détéctase unha carencia doutro tipo de aloxamentos turísticos, tales como albergues e campings, establecementos de especial atracción para persoas novas e para aqueles que prefiren un contacto directo coa natureza. Dentro deste contexto, para o fomento do turismo na comarca, han terse en conta as seguintes actuacións:

a). Dotación e mellora das infraestructuras básicas e servicios (rede viaria secundaria, enerxía eléctrica, teléfono, rede de sumidoiro, etc.).

b). Preservación e fomento da caza e pesca fluvial, con grandes posibilidades pola existencia na Comarca dunha gran superficie forestal e monte baixo, e polo elevado número de ríos. As condicións son especialmente favorables en

Xermade, Pastoriza e en Castro de Rei (caza maior).

c). Acondicionamento e rehabilitación urbana de casas típicas da Terra Cha, moitas das cales se atopan en estado de total abandono e poderían utilizarse como unha fórmula de turismo rural. O mesmo cabe dicir en canto ó patrimonio histórico-artístico -aínda que nisto existen xa interesantes exemplos: parador nacional de Vilalba-.

d). Fomento de Guitiriz como centro balneario. Este ofrece boas perspectivas de cara á integración Comunitaria en 1992, xa que existe a posibilidade de que cidadáns dalgúns países, onde este tratamento está cuberto pola Seguridade Social (Alemaña) acudan a esta localidade. A isto hai que engadi-las mellores condicións da Co-

marca en infraestruturas de comunicacións (Radial VI, estación de ferrocarril e relativa proximidade ós aeroportos de Santiago e A Coruña). A rehabilitación e acondicionamento do hotel do balneario de Guitiriz debe considerarse como unha acción prioritaria que sería rendible tendo en conta a súa boa localización e a curta distancia que existe a A Coruña (30 minutos por autovía).

e). Proxecto de creación dun Clube de Golf en Cospeito (de 9 foxos e con posible ampliación a 18), aproveitando o restaurado pazo de Caldaloba (século XVIII) e toda unha serie de instalacións e servizos deportivos e de lecer. O complexo reúne un total de 450.000 m<sup>2</sup> e ten vantaxe de atoparse a 15 minutos da cidade de Lugo e próximo á estrada Vilalba-Lugo. A construción do citado clube debe de ir acompañada cun plan destinado



OS BALNEARIOS FAVORECERON O DESENVOLVEMENTO DA VILA DE GUITIRIZ

á recuperación da lagoa de Cospeito, que conta cunha riqueza ecolóxica de gran valor.

f). Fomento dos deportes náuticos coma o piragüismo e o remo (sobre todo no río Miño).

g). Preservación de espazos naturais, especialmente as marxes dos ríos Magdalena, Balsa, Ladra, Parga, Anllo e nos contornos paisaxísticos de “A Fraga Vella” e “Cuadramón” (Abadín).

h). Rutas de senderismo. A Comarca conta con espazos axeitados para programar rutas e itinerarios de senderismo, sobre todo os municipios máis montañosos (Xermade e Abadín).

i). Creación de praias fluviais na proximidade dos núcleos de maior poboación, seguindo o exemplo de Vilalba.

j). Promoción de festas populares, coincidindo con exposicións de artesanía local e produtos gastronómicos de elevada calidade (embutidos, capón, queixos, etc.), feiras, etc.

En conxunto, a Comarca reúne excelentes condicións para o turismo rural, aproveitando edificios de valor patrimonial e arquitectura popular axeitadamente rehabilitada. Isto vése favorecido pola existencia de grandes espazos abertos e sen contaminación, aspecto moi atractivo para o habitante urbano. O desenvolvemento desta potencialidade e o fomento da estación balnearia de Guitiriz, con gran transcendencia para a poboación de media e alta idade, constitúen as dúas principais alternativas no desenvolvemento turístico comarcal.

CADRO 31. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS TURÍSTICAS POR MUNICIPIOS, 1985-1990-1992

VILALBA						
TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
Hoteis < 3 estrelas	1	2	2	6	66	66
Hostais < 3 estrelas	3	3	5	31	34	64
Totais	4	5	7	37	100	130
GUITIRIZ						
TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
Hoteis < 3 estrelas	0	1	1	0	18	18
Hostais < 3 estrelas	2	2	3	56	48	64
Campings	0	0	1	0	0	96
Totais	2	3	4	56	66	178
BEGONTE						
TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
Hoteis < 3 estrelas	1	2	2	7	20	20
Totais	1	2	2	7	20	20
PASTORIZA (A)						
TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
Hoteis < 3 estrelas	0	0	1	0	0	8
Totais	0	0	1	0	0	8


**CADRO 32. EVOLUCIÓN NÚMERO DE PRAZAS ESTABLECEMENTOS 1985-1990-1992**

TIPO DE ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS						
	1985	COMARCA 1990	1992	PROVINCIA 1985	1990	GALICIA 1985	1990
Hostais > 3 Estrelas	1	2	2	6	7	46	56
Hoteis < 3 Estrelas	0	1	1	6	13	97	157
Hostais < Estrelas	0	0	0	2	0	6	4
Hostais< Estrelas	6	7	11	69	87	442	509
Outros aloxamentos	0	0	0	2	2	33	23
Campings	0	0	1	4	6	42	64
<b>Totais</b>	<b>7</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>89</b>	<b>115</b>	<b>666</b>	<b>813</b>
% Incremento		114,29		29,21		22,07	

**CADRO 33. EVOLUCIÓN NÚMERO DE PRAZAS TURÍSTICAS 1985-1990-1992**

TIPO DE ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS						
	1985	COMARCA 1990	1992	PROVINCIA 1985	1990	GALICIA 1985	1990
Hostais > 3 Estrelas	6	66	66	365	424	3,934	4,717
Hoteis < 3 Estrelas	0	18	18	155	326	3,195	4,642
Hostais < Estrelas	0	0	0	43	0	188	186
Hostais< Estrelas	94	102	156	1,273	1541	7,474	8,873
Outros aloxamentos	0	0	0	96	142	820	943
Campings	0	0	96	585	1,860	10,722	20,805
<b>Totais</b>	<b>100</b>	<b>186</b>	<b>336</b>	<b>2,517</b>	<b>4,293</b>	<b>26,333</b>	<b>40,1666</b>
% Incremento		236,00		70,56	52,53		

**GRÁFICO 11. EVOLUCIÓN DA OFERTA TURÍSTICA**



#### 4.5.- O MERCADO DE TRABALLO

Na situación laboral que ofrece a poboación ocupada, destacan as diferencias da Comarca en relación coa provincia e Galicia.

Dos empresarios locais, os máis representativos son os adicados ó ramo da Construcción e, a gran distancia, os da Madeira.

Os traballadores calificados como independentes (40,8%), engloban ben a agricultores, ben a pequenos empresarios (comerciantes, etc.). Nesta Comarca supéranse os valores medios da provincia (36,4%) e da rexión (24,37%) por ser unha área de gran representatividade agraria.

Os asalariados, que só supoñen o 38% do mercado de traballo, sitúanse por debaixo da media provincial e rexional, debido ó peso da actividade gandeira onde predominan fundamentalmente os traballadores independentes (explotacións familiares).

No epígrafe das axudas familiares, englobase principalmente ás mulleres/fillas dos agricultores e ós membros familiares de pequenas empresas, comercios e servizos. Se, en Galicia, a porcentaxe que corresponde ás axudas familiares descendeu fortemente, presentando na actualidade un 6,38%, na Comarca supérase amplamente esta porcentaxe, acadando o 23,2%, debido, sobre todo, ó forte peso que exerce o sector primario en toda a Comarca.

Algúns municipios fortemente ruralizados chegan a atinxir porcentaxes moi altas, tales como Abadín (37%), Pastoriza (35,8%) e Cospeito (34,7%). Estes ofrecen un claro contraste en comparación con aqueles onde os sectores secundario e terciario se encontran máis evolucionados e o número de asalariados é maior, como sucede con Vilalba e Begonte, municipios que presentan as porcentaxes máis baixas de axuda familiar.

CADRO 34. MERCADO DE TRABALLO NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	% Empregador 1981	% Empregador 1991	% Indepen. 1981	% Indepen. 1991	% Asalariado 1981	% Asalariado 1991	% Axuda famil. 1981	% Axuda famil. 1991
Abadín	0,90	1,27	37,80	39,87	14,10	21,87	47,20	37,00
Begonte	2,00	2,48	48,10	31,99	31,20	47,23	18,70	18,31
Castro de Rei	1,10	2,03	37,40	40,22	24,40	29,31	37,10	28,44
Cospeito	1,00	1,58	48,70	40,48	14,90	23,19	35,40	34,75
Guitiriz	0,80	2,90	39,00	45,25	21,70	35,99	38,50	15,86
Pastoriza	1,10	1,45	38,30	45,16	8,60	17,50	52,00	35,88
Vilalba	0,20	4,83	44,60	42,64	29,40	41,79	25,80	10,74
Xermade	0,50	2,06	43,10	28,80	21,50	39,45	34,90	29,96
Total	0,81	2,83	42,17	40,86	21,69	33,08	35,34	23,24
Total comarcal	0,81	2,83	42,17	40,86	21,69	33,08	35,34	23,24
Total provincial	2,50	4,32	35,06	36,43	33,99	44,79	28,46	14,46
Total rexional	3,66	4,81	25,15	24,37	56,86	64,43	14,33	6,38




GRÁFICO 12. EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DO EMPREGO NA COMARCA DE TERRA CHA

#### 4.5.1.- CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

Menos positiva para a Comarca é, tamén, a cualificación da poboación. O grao de instrución constitúe un soporte fundamental para a mellora da situación e para a creación de emprego e atracción de investimentos.

A proporción de persoas con estudos universitarios ou asimilables (2,73% da poboación comarcal) é inferior á media de Galicia (5,86%) e provincia (4,91%).

Esta situación é reflexo do escaso desenvolvemento económico e cultural de gran parte da Comarca, acentuado polo feito das escasas perspectivas de colocación para unha poboación activa cualificada.

Con todo, en Begonte (4%), Guitiriz (3,9%) e Vilalba (3,5%), supéranse as medias galega e provincial, presentando novamente estes tres municipios unha situación de partida máis favorable cara a un desenvolvemento económico posterior.

A porcentaxe de analfabetismo (9,31%) é, igualmente, superior á media provincial (7,31%) e de Galicia (6,70%). O mesmo cabe dicir coa porcentaxe de poboación no Primeiro e Segundo Grao -aínda que neste último supera a media provincial-, destacando en ambos grupos o municipio de Castro de Rei. Estas porcentaxes, na práctica, tenden a incrementarse notablemente, especialmente se se teñen en conta os analfabatos funcionais. Nese caso, a porcentaxe de persoas carentes dunha mínima formación profesional e educativa elevaríase ó 32% da poboación da Comarca.

En resumo, a Comarca presenta unha situación desfavorable no nivel de cualificación dos recursos humanos, presentando unhas mellores condicións: Guitiriz, Vilalba, Begonte e Castro de Rei, que son os municipios que contan con maior número de persoas con formación universitaria. Neste sentido, a cualificación profesional ha de incrementarse mediante a creación dunha escola de capacitación agraria que debe ubicarse en Pastoriza, dado o grao de con-

CADRO 35. NIVEL DE INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	% Poboación Analfabetos	% Sen estudos Non clasif.	% Primeiro Grao	% Segundo Grao	% Terceiro Grao
Abadín	9,00	76,70	3,80	9,50	1,00
Begonte	7,90	20,30	47,90	19,90	4,00
Castro de Rei	7,70	10,80	57,80	22,20	1,50
Cospeito	12,00	13,50	55,70	16,60	2,20
Xermade	11,90	15,20	52,50	19,10	1,30
Guitiriz	10,60	20,20	44,40	20,90	3,90
Pastoriza	13,50	23,40	41,30	19,60	2,20
Vilalba	6,90	18,30	50,80	20,50	3,50
Total	9,31	22,63	46,25	19,07	2,73
Total comarcal	9,31	22,63	46,25	19,07	2,73
Total provincial	7,31	22,52	44,51	20,75	4,91
Total rexional	6,70	21,53	40,81	25,10	5,86

centración parcelaria e o nivel de especialización gandeira conseguida.

#### 4.5.2.- O PARO

Aínda que estadísticamente -con referencia ás últimas estadísticas sobre a poboación activa de 1991- o problema do paro na Comarca (10,02%) está por debaixo da media provincial (11,4%) e rexional (16,3%), os datos encubren un subemprego no primario, que nesta Comarca atinxe maiores cotas por atoparse altamente representado.

##### 4.5.2.1.- TAXAS DE PARO E OCUPACIÓN

Os municipios con taxas de paro máis altas son os de Begonte (16,7%), Vilalba (12,5%), Guitiriz (11,6%) e Xermade (11,2%). Isto débese ó feito de que boa parte da poboación actual destes municipios traballa no sector secundario, afectándolle directamente a reconversión industrial que se está levando a cabo. De xeito

especial, un importante número de veciños de Xermade traballa na mina de lignitos e na central térmica das Pontes, sufrindo os efectos dos reaxustes sectoriais que se están a levar a cabo. Ademais, deben contemplarse as escasas saídas que ofrece a gandería, que atravesada por unha fase de crise a consecuencia da implantación de cuotas e ó descenso dos prezos do leite. Todo iso facilita o aumento das taxas de desemprego.

Pola contra, nos municipios máis rurais e con menos poboación ocupada no secundario, o desemprego é menor, tal é o caso de Pastoriza, Castro de Rei, Abadín e Cospeito.

A vista dos datos, a Comarca caracterízase por unha situación intermedia no que a desemprego se refire, o que non deixa de ser un factor negativo se, ademais, se ten en conta o subemprego existente. Con todo, as taxas de paro están por debaixo das porcentaxes que se rexistran a nivel provincial e rexional, situándose en mellores condicións có conxunto de Galicia. De feito, mentres a porcentaxe de parados aumenta na provincia de Lugo e no conxunto de

CADRO 36. TAXA DE OCUPACIÓN E PARO (CENSO 1991)

MUNICIPIOS	Taxa ocup. Homes	Taxa ocup. Mulleres	Taxa ocup. Total	Taxa paro Homes	Taxa paro Mulleres	Taxa paro Total
Abadín	92,47	92,23	94,13	7,53	3,77	5,87
Begonte	81,97	85,54	83,24	18,03	14,46	16,76
Castro de Rei	92,18	96,92	94,09	7,82	3,08	5,91
Cospeito	89,11	93,69	91,15	10,89	6,31	8,85
Guitiriz	86,70	91,35	88,40	13,30	8,65	11,60
Pastoriza	95,03	98,43	96,55	4,97	1,57	3,45
Vilalba	86,32	89,31	87,49	13,68	10,69	12,51
Xermade	84,50	95,24	88,80	15,50	4,76	11,20
Total	88,14	92,69	89,98	11,86	7,31	10,02
Total comarcal	88,14	92,69	89,98	11,86	7,31	10,02
Total provincial	89,13	87,71	88,58	10,87	12,29	11,42
Total rexional	85,75	79,93	83,66	16,62	20,07	16,34

Galicia, na comarca de Terra Cha, o paro descende tímidamente. Este comportamento é claramente visible en Vilalba, que con respecto a anos anteriores reduciu a porcentaxe de parados, debido ó forte crecemento do sector da construción experimentado nos últimos cinco anos.

#### 4.5.2.2.- EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO, 1984-1991

Comparando os datos das táboas adxuntas, é de salientar que o volume total de parados na Comarca aumentou constantemente desde 1984 ata 1989, ano a partir do cal se estanca, comen-

CADRO 37. DATOS RELACIONADOS COA EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO

MUNICIPIOS	Paro 84	Paro 85	Paro 86	Paro 87	Paro 88	Paro 89	Paro 90	Paro 91
Abadín	213	222	249	296	338	294	214	113
Begonte	230	183	229	251	250	229	196	309
Castro de Rei	244	207	216	241	163	257	242	152
Cospeito	296	331	349	385	397	403	403	283
Guitiriz	236	279	309	366	349	396	376	344
Pastoriza	143	150	166	201	199	199	159	74
Vilalba	969	1,080	1,274	1,337	1,297	1,315	1,300	891
Xermade	185	185	197	209	181	191	178	141
Total	2,516	2,637	2,989	3,286	3,174	3,284	3,068	2,307
Total comarcal	2,516	2,637	2,989	3,286	3,174	3,284	3,068	2,307
Total provincial	15,515	17,422	19,878	21,923	22,746	22,402	22,351	18,314
Total rexional	153,837	159,822	177,544	193,191	204,436	197,736	185,370	174,943




GRÁFICO Nº 13. EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO

CADRO 38. ÍNDICE DE PARO REXISTRADO

MUNICIPIOS	1984=100 % 1984/85	1984=100 % 1984/86	1984=100 % 1984/87	1984=100 % 1984/88	1984=100 % 1984/89	1984=100 % 1984/90	1984=100 % 1985/91
Abadín	104,23	116,90	138,97	158,69	138,03	100,47	53,05
Begonte	79,57	99,57	109,13	108,70	99,57	85,22	134,35
Castro de Rei	84,84	88,52	98,77	66,80	105,33	99,18	62,30
Cospeito	111,82	117,91	130,07	134,12	136,15	136,15	95,61
Guitiriz	118,22	130,93	155,08	147,88	167,80	159,32	145,76
Pastoriza	104,90	116,08	140,56	139,16	139,16	111,19	51,75
Vilalba	111,46	131,48	137,98	133,85	135,71	134,16	76,22
Xermade	100,00	106,49	112,97	97,84	103,24	96,22	76,22
<b>Total</b>	<b>104,81</b>	<b>118,80</b>	<b>130,60</b>	<b>126,15</b>	<b>130,52</b>	<b>121,94</b>	<b>91,69</b>
Total comarcal	104,81	118,80	130,60	126,15	130,52	121,94	91,69
Total provincial	112,29	128,12	141,30	146,61	144,39	144,06	118,04
Total rexional	103,89	115,41	125,58	132,89	128,54	120,50	113,72

CADRO 39. PARO REXISTRADO 1984/1991: EVOLUCIÓN INTERANUAL.

MUNICIPIOS	Evolución % 1984/85	Evolución % 1985/86	Evolución % 1986/87	Evolución % 1987/88	Evolución % 1988/89	Evolución % 1989/90	Evolución % 1990/91
Abadín	4,23	12,16	18,88	14,19	-13,02	-27,21	-47,20
Begonte	-20,43	25,14	9,61	-0,40	-8,40	-14,41	57,65
Castro de Rei	-15,16	4,35	11,57	-32,37	57,67	-5,84	-37,19
Cospeito	11,82	5,44	10,32	3,12	1,51	0,00	-29,78
Guitiriz	18,22	10,75	18,45	-4,64	13,47	-5,05	-8,51
Pastoriza	4,90	10,67	21,08	-1,00	0,00	-20,10	-53,46
Vilalba	11,46	17,96	4,95	-2,99	1,39	-1,14	-31,46
Xermade	0,00	6,49	6,09	-13,40	5,52	-6,81	-20,79
Total	4,81	13,35	9,94	-3,41	3,47	-6,58	-24,80
Media comarcal	4,81	13,35	9,94	-3,41	3,47	-6,58	-24,80
Media provincial	12,29	14,10	10,29	3,75	-1,51	-0,23	-18,06
Media rexional	3,89	11,09	8,81	5,82	-3,28	-6,25	-5,62

CADRO 40. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO POR GRUPOS DE IDADE, 1991.

MUNICIPIOS	Poboación de 16 a 24 anos		Poboación 25 a 54 anos		Poboación de 54 e máis anos		Parados Totais	Taxa de Paro
	Parados	Taxa	Parados	Taxa	Parados	Taxa		
Abadín	43	14,33	61	5,56	9	1,71	113	5,87
Begonte	110	39,33	175	15,31	24	5,70	309	16,76
Castro de Rei	49	14,24	80	5,10	23	3,48	152	5,91
Cospeito	88	21,67	163	8,63	32	3,54	283	8,85
Guitiriz	123	29,22	201	10,97	20	2,81	344	11,60
Pastoriza	11	4,33	49	3,67	14	2,53	74	3,45
Vilalba	297	28,10	495	11,24	99	5,96	841	12,51
Xermade	28	17,18	92	12,03	21	6,67	141	11,20
Total	749	24,15	1.316	9,38	242	4,21	2.307	10,02
Media comarcal		24,15		9,38		4,21		10,02
Media provincial		29,15		10,22		5,25		11,42
Media rexional		34,05		13,91		9,48		16,34

zando a diminuír en 1990. Aínda que esta diminución é unha constante para o conxunto de Galicia, a situación é máis favorable para a comarca de Terra Cha, que en 1991 contaba con 2.307 parados, cifra similar á que tiña en 1984.

Entre 1989 e 1991, a comarca reduciu o volume de parados en 977 persoas, o que supón unha redución de case o 30%, porcentaxe moi superior á que se rexistra a nivel provincial e rexional, que para ese período foi do 11,5 por cento.

#### 4.5.2.3.- TAXA DE PARO SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS

Como grupo que máis paro soporta destaca o dos de Segundo Grao (23,3% na Comarca, 21,7% en Galicia e 18,9% en Lugo). Así e todo, facendo un estudio pormenorizado da composición do mesmo, as persoas con Formación Profesional, polo xeral, teñen emprego, sendo o subgrupo dos de BUP, os que enchen as cifras espectacularmente. Curiosamente é neste grupo onde se produce a maior demanda de postos de traballo de carácter técnico-profesional e, por iso, é onde se fai necesario incentivar moito máis o campo da Formación Profesional.

O segundo grupo con taxas de paro máis elevadas correspóndese cos estudos de Terceiro Grao, (11,1% na Comarca, 13,1% en Galicia e 12,0% en Lugo). Do mesmo xeito, facendo un estudio pormenorizado, os profesionais de estudos medios son os que menos paro teñen debido ás súas carreiras técnicas. Así e todo, o volume de paro dos titulados superiores é maior, sobre todo nas carreiras coñecidas como "de letras", con taxas de subemprego moi altas.

O novo Campus Universitario de Lugo pode, pola súa especialización, constituir unha alternativa efectiva para a demanda universitaria da Comarca. O perfil dos estudos que se imparten adecúase ás potencialidades locais. Iso non impide pensar en intensificar e reorientar-la formación profesional gandeira e forestal.

#### 4.5.2.4.- ESTRUCTURA DO PARO POR SEXO

A priori cabería salientar que as taxas de paro dos homes son superiores ás das mulleres en tódolos grupos de idade.

Con todo, cómpre ter en conta que, en Galicia, desde hai uns oito anos, a taxa de paro masculino non aumenta considerablemente, pero si crece constantemente a taxa de paro feminino, debido á inserción da muller no medio laboral.

Con anterioridade, dun xeito absolutamente maioritario, as mulleres do secundario e terciario pasaban a formar parte ou ben da poboación

CADRO 41. TAXA DE PARO POR NIVEL DE ESTUDIOS (PADRÓN 1986).

MUNICIPIOS	Analfabetos Sen estudos	Primeiro Grao	Segundo Grao	Terceiro Grao
Abadín	1,6	6	17,2	6,8
Begonte	4,3	8,5	15,5	0
Cospeito	6,8	6,5	19,5	20,5
Castro de Rei	1,7	8,1	10,3	4,2
Guiñiriz	3,2	9,3	39,1	12,8
Pastoriza	1,1	1,6	8,1	8,8
Vilalba	9,8	20,6	31,9	22,4
Xermade	7,3	13,9	44,8	13
Terra Cha	4,5	9,3	23,3	11,1
Lugo	4,7	7,2	18,9	12
Galicia	8,4	11,8	21,7	13,1

CADRO 42. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E GRANDES GRUPOS DE IDADE (1991).

MUNICIPIOS	Mulleres 16-24	Mulleres 25-54	Mulleres >=55	Mulleres Total	Homes 16-24	Homes 25-54	Homes >=55	Homes Total	Total 16-24	Total 25-54	Total >=55	Total
Abadín	53,22	71,36	27,16	45,87	73,03	91,77	35,21	63,95	63,29	81,93	30,66	54,47
Begonte	39,44	46,93	20,72	32,88	65,34	90,41	27,30	61,28	53,03	70,38	23,61	46,47
Castro de Rei	35,22	65,72	29,30	44,39	68,28	95,00	36,21	67,02	51,65	81,14	32,50	55,57
Cospeito	47,35	75,91	32,56	50,95	64,64	95,22	38,62	66,13	56,47	85,82	35,34	58,38
Guitiriz	36,80	53,66	23,55	36,80	63,88	93,72	31,15	64,66	51,47	75,09	27,37	50,61
Pastoriza	38,13	84,68	27,78	50,24	65,00	94,14	34,93	63,83	51,11	89,66	31,14	56,95
Vilalba	41,06	55,95	26,05	40,71	68,11	92,92	35,41	67,12	54,65	74,68	30,27	53,52
Xermade	33,82	54,44	25,82	37,89	66,48	92,97	21,95	57,72	52,24	75,37	24,03	47,73
Total	40,81	61,94	26,64	42,25	66,88	93,32	37,77	64,99	54,22	78,29	29,86	53,38
Media comarcal	40,81	61,94	26,64	42,25	66,88	93,32	37,77	64,99	54,22	78,29	29,86	53,38
Media provincial	35,08	55,51	33,81	37,77	55,23	93,42	22,75	63,87	45,31	74,92	27,77	50,47
Media rexional	35,68	47,22	16,57	33,58	52,43	93,14	33,18	66,36	44,19	70,07	23,72	49,1

ción pasiva (labores do fogar) ou como subempregadas no sector primario.

A diferenza, sen embargo, entre as taxas de actividade entre homes e mulleres é aínda grande na Comarca (64,9% e 42,2% respectivamente), aínda que estas taxas de actividade son superiores ás que se rexistran en Galicia e na propia provincia de Lugo.

#### 4.5.2.5.- ESTRUCTURA DO PARO POR IDADE

A maior porcentaxe de parados afecta, sobre todo, ó grupo de idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos, onde a taxa de paro é moi alta, superando o 34,1 por cento. Iso débese á existencia dun bo número de xoves que, por estas idades, adoitan incorporarse ó mundo laboral, encontrando serias dificultades para conseguilo seu primeiro emprego.

Pola contra, o grupo de 55 e máis anos, normalmente cun emprego xa estabilizado,

acada tan só o 2,91% de paro da súa poboación activa.

En liñas xerais, as maiores taxas de paro xuvenil que se dan en Galicia están en consonancia coas rexistradas en España que, á súa vez, son máis altas ca no resto dos países comunitarios, agás Grecia e Portugal.

#### 4.5.3.- MEDIDAS PARA FOMENTA-LO EMPREGO

A pesar de que, estadisticamente, a taxa de paro é inferior á media provincial e galega, a súa tendencia ó incremento, a situación de subemprego, o baixo nivel de renda e o escaso desenvolvemento económico xeral da Comarca, fan necesarias unha serie de medidas e axudas que posibiliten a adecuación da poboación comarcal a un mercado laboral moderno e competitivo. Entre elas sería útil aplica-las seguintes:

a) Actuacións da Xunta a cargo do Fondo Social Europeo, para a impartición de cursos específicos e relacionados coas potencialidades

endóxeas da Comarca (gandería apicultura, explotación racional do monte, piscicultura, etc.), así como para o fomento da formación ocupacional para a aprendizaxe e reciclaxe laboral necesarias.

b) Realización de convenios empresas-Xunta para a contratación de alumnos en prácticas, co fin de adquiriren experiencia no traballo e integrárense máis facilmente no mercado laboral. Tamén sería moi útil a implantación dun sistema dual de aprendizaxe, que adaptase o medio educativo ó laboral, mediante a combinación de clases teóricas co traballo nas empresas, ó xeito que realizan algúns países comunitarios (Alemaña), ou o sistema das Escolas Familiares Agrarias.

Todas estas medidas deben, con todo, considerarse complementarias e nunca unha solución definitiva, que dependerá, sobre todo, doutras variables que interveñen nunha política de desenvolvemento eficaz (dotación infraestructural, potenciación dos recursos endóxenos, modificación das estruturas productivas, etc.).

#### **4.6.- SÍNTESE DA ESTRUCTURA ECONÓMICA**

Dentro do contexto provincial e galego, a comarca presenta as seguintes características:

a Un sector primario de clara orientación gandeira, que ten como principais problemas :

- Unha concentración parcelaria escasamente desenvolvida.
- Necesidade de mellora-la explotación forestal, mediante repoboacións axeitadas e unha política de protección contra os incendios.
- Conseguir unha mellor comercialización dos produtos, o que debe levarse a cabo mediante o fomento do cooperativismo.

- Mellora de infraestructuras, especialmente a rede de enerxía eléctrica, de especial importancia para as explotacións gandeiras (granxas, tanques de frío, etc.)

- Acentuación do asociacionismo e cooperativismo, co fin de conseguir unha maior rendabilización económica das explotacións (evita-lo excesivo número de maquinaria agrícola por explotación, compra de semente, abonos a máis baixo prezo, etc.).

- Realizar unha política gandeira eficaz, baseada no fomento da calidade do gando vacuno e o de cerda para a produción cárnica, debido ó baixo prezo do leite, imposto pola política comunitaria.

- Man de obra agrícola moi envellecida, o que dificulta a modernización das explotacións gandeiras.

- Escaso nivel na formación profesional do agricultor, necesitado de centros de formación profesional agraria.

b) O sector secundario, que ten unha importante representatividade na comarca, está en gran medida relacionado coa súa potencialidade endóxena, sobre todo nos casos de: explotación de canteiras de pedra e pizarra, cerámica, madeira, materiais de construción, e alimentación (industrias cárnicas e derivados lácteos).

Con todo, estes establecementos son, na súa gran maioría, de tipo artesanal, acadando pouco máis ca os primeiros procesos de transformación na produción, agás algunhas empresas lácteas que fabrican a totalidade dos seus produtos na comarca. A pesar diso, existen grandes deficiencias na explotación racional dos recursos da Comarca, polo que é necesario contemplar non só a implantación de novas instalacións industriais, senón estudia-las posibles ampliacións dos procesos de produción nas existentes.

Por outra parte, aínda que é incuestionable para o desenvolvemento industrial da Comarca a mellora das infraestructuras de comunicacións, esta sitúase, con todo, nunha posición privilexiada para o contexto galego, por ser lugar de paso de importantes vías de comunicación de carácter extrarrexional (Radial VI, Nacional 634 e ferrocarril A Coruña-Madrid).

Igualmente, é necesario un aumento nas axudas de promoción ó investimento e acelera-la creación de parques empresariais, especialmente naqueles puntos con maiores perspectivas de crecemento.

As medidas anunciadas, hai que engadi-lo fomento da artesanía en determinados produtos (queixo de San Simón en Vilalba, “zoqueiros” e “ferreiros” en Guitiriz, etc.), mediante feiras e liñas de produción e comercialización axeitadas.

c) O terciario concéntrase, sobre todo, nos municipios de Vilalba (servicios administrativos e comercio), Begonte e Guitiriz (hostelería e instalacións comerciais na Radial VI).

O crecemento futuro do terciario depende, en boa medida, do desenvolvemento dos outros dous sectores económicos; tamén dos novos servicios públicos (de carácter social, asistencial e educativo) e do turismo.

A cualificación dos recursos humanos presenta características lixeiramente desfavorables, cunha porcentaxe de universitarios inferior ás medias de Galicia e de Lugo.

En definitiva, trátase dunha comarca envellecida, netamente gandeira, que atravesada por grandes dificultades debido á implantación das cuotas lácteas e ó descenso do prezo do leite. Pese a esta coxuntura desfavorable, a comarca conta con explotacións competitivas que teñen posibilitado o desenvolvemento dunha industria láctea de forte implantación na comarca. Por iso, a dinamización económica desta comarca lucense pasa, necesariamente, pola readaptación do sector lácteo e a potenciación dos recursos forestais, especialmente en Xermade e Abadín.



## 5.- HÁBITAT E CALIDADE DE VIDA

Con este apartado, trátase de dar unha imaxe da situación do nivel de desenvolvemento e benestar dos habitantes da comarca. Para iso, utilízase un conxunto de indicadores económicos (vivenda, servizos, equipamentos educativos e sanitarios, etc.), que nos serven de base para coñece-lo grao de calidade de vida que presenta o conxunto da comarca.

### 5.1.- INDICADORES ECONÓMICOS

En tódolos indicadores económicos que aquí se presentan (licencias comerciais, camións, entidades financeiras e teléfonos), a Comarca da Terra Cha atópase por debaixo das medias galega e provincial. Tan só os municipios de Vilalba e Guitiriz presentan

CADRO 43. DATOS DE LICENCIAS COMERCIAIS POR 1.000 HABITANTES EN 1991.

	Poboación Total 91	Licencias Alimentación	Licencias Resto	Licencias Totais	Licencias Aumt. *1.000 hab.	Licencias Resto *1.000 hab.
Abadín	3.937	37	37	74	9,40	9,40
Begonte	4.493	27	23	50	6,01	5,12
Castro de Rei	5.704	37	64	101	6,49	11,22
Cospeito	6.022	68	74	142	11,29	12,29
Guitiriz	6.786	51	86	137	7,52	12,67
Pastoriza	4.294	36	25	61	8,38	5,82
Vilalba	15.629	197	215	412	12,60	13,76
Xermade	3.044	19	29	48	6,24	9,53
Total					9,46	11,08
Total Comarcal					9,46	11,08
Total Provincial					8,96	15,38
Total Rexional					10,58	13,63

CADRO 44. CAMIÓNS POR MIL HABITANTES EN 1991.

MUNICIPIOS	Número Total 91	Nº camiões	1.000 Hbs.
Abadín	3.937	74	18,80
Begonte	4.493	54	12,02
Castro de Rei	5.704	111	19,46
Cospeito	6.022	149	24,74
Guitiriz	6.786	133	19,60
Pastoriza	4.294	96	22,36
Vilalba	15.629	437	27,96
Xermade	3.044	55	18,07
Total	49.909	1.109	22,22
Media comarcal			22,22
Media provincial			25,47
Media rexional			23,79

CADRO 45. ENTIDADES FINANCEIRAS.

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Oficinas Bancarias 85	Oficinas Caixas 88	Banco e Caixa 1.000 Hb.
Abadín	4.773	1	1	0,42
Begonte	4.571	0	1	0,22
Castro de Rei	6.275	3	1	0,64
Cospeito	6.905	2	2	0,58
Xermade	3.413	0	1	0,29
Guitiriz	7.432	6	2	1,08
Pastoriza	4.822	1	1	0,41
Vilalba	16.225	10	1	0,68
Total	54.416	23	10	0,61
Media comarcal				0,61
Media provincial				0,79
Media rexional				0,76

CADRO 46. TELÉFONOS POR MIL. HABITANTES EN 1986.

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Número Teléfonos	Número Tlf. 1.000 Hb.
Abadín	4.773	289	60,55
Begonte	4.571	488	106,76
Castro de Rei	6.275	714	113,78
Cospeito	6.905	641	92,83
Xermade	3.413	150	43,95
Guitiriz	7.432	978	131,59
Pastoriza	4.822	469	97,26
Vilalba	16.225	1.953	120,37
Total	54.416	5.682	104,42
Media comarcal			104,42
Media provincial			201,43
Media rexional			277,76

valores superiores ás media provincial e rexional.

Quizáis o indicador menos diferenciador sexa o de entidades financeiras. A difusión destes establecementos e o reducido número de habitantes nas áreas máis rurais, fan que a ratio entidade/1.000 habitantes sexa pouco indicativa da situación económica real. En todo caso, non se dá nesta Comarca unha polarización territorial moi acusada das actividades económicas, aínda que se apunta unha tendencia crecente cara á concentración en Vilalba e no eixo da estrada Radial VI, que se configura, na práctica, como a área económica máis activa e dinámica.

## 5.2.- INFRAESTRUCTURAS

Resulta sumamente importante coñecer as deficiencias infraestruturais que padece a comarca, xa que esas constitúen a base sobre a que debe fundamentarse todo relanzamento e desenvolvemento económico posterior.

CADRO 47. FACTURACIÓN TELEFÓNICA.

MUNICIPIOS	Poboación Total	Facturación Tlf. miles de pts.	Facturación Tlf. 1.000 Hb.
Abadín	4.751	11.656,80	2.453,55
Begonte	4.749	17.690,80	3.725,16
Castro de Rei	6.181	28.180,60	4.559,23
Cospeito	6.968	27.909,10	4.005,32
Xermade	3.367	5.921,10	1.758,57
Guitiriz	7.397	41.775,90	5.647,68
Pastoriza	4.881	16.651,10	3.411,41
Vilalba	16.485	97.865,70	5.936,65
Total	54.779	247.651,10	4.520,91
Media comarcal			4.520,91
Media provincial			8.617,41
Media rexional			11.167,26

### 5.2.1. INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE E COMUNICACIÓN

A principal vantaxe desta Comarca reside en que por ela pasan importantes comunicacións de Galicia coa Meseta e Asturias, e serve de nexo entre a área da Coruña-Ferrol e a capital lucense. Reúne, polo tanto, unhas condicións favorables para propiciar a implantación de empresas industriais e comerciais.

A rede viaria artéllase dun xeito xerárquico; en primeiro lugar, figura a Radial VI Madrid-A Coruña, futura autovía, e, en segundo lugar, a Nacional 634, A Coruña-Asturias, futura Transcantábrica. Xa cunha importancia menor, figuran a estrada comarcal C-641, Ferrol-As Pontes-Vilalba-Lugo, e Vilalba-Meira. A existencia desta rede de estradas que facilitan o acceso ós principais eixes de desenvolvemento económico, serviron para favorecer a implantación de importantes empresas multinacionais relacionadas coa transformación de produtos lácteos, cárnicos e a fabricación de pensos.

O recente Plan de Estradas, presentado pola Xunta de Galicia, prevé a construción de dúas autovías estatais: N-634 e Radial VI, e considera primaria básica a estrada Ferrol-As Pontes-Vilalba-Rábade, proxecto que reforza a importancia futura destes eixes de comunicación.

Así e todo, e aínda que existen diferencias entre os municipios en canto á dotación de comunicacións terrestres, non se pode falar en ningún caso de aillamento, pero si de estradas en mal estado. De feito, só o 8% das estradas da Comarca teñen bo firme. Esta porcentaxe está moi por debaixo da media rexional e nacional (24,4% e 33,1% respectivamente). A estas deficiencias funcionais, cómpre sinalar que as estradas principais, especialmente a Radial VI, presentan problemas graves de tráfico na maioría dos municipios polos que pasan, existindo núcleos urbanos nos seus arredores (Guitiriz e Baamonde), que deberían evitarse mediante a construción de trazados periféricos alternativos, mellorando substancialmente, con iso, a fluidez do tráfico rodado.

O ferrocarril é tamén de gran importancia nas comunicacións extracomarcais (A Coruña-Lugo-resto de España); pero ata agora atópase mínimamente utilizado como medio de transporte de viaxeiros.

En canto ó transporte de viaxeiros, a Comarca está organizada por medio de empresas que realizan servizos discrecionais. Estes comunican a comarca con Lugo, a costa norte (Foz, Ribadeo, Viveiro etc.), área de Ferrol-As Pontes, A Coruña, Meira e Santiago. Estas liñas, especialmente aquelas que comunican coa costa, son moi utilizadas por persoas que se adican á venda ambulante de produtos alimenticios (normalmente peixe), que adoitan vir de: Burela, Foz, Meira, Ferrol, Pontedeume, As Pontes, etc.

Por outra banda, o servizo de teléfono deixa sen cubrir grandes áreas do espazo comarcal. Para remediar esta situación, ó longo de 1992, levouse a cabo un investimento de 133,5 millóns de pesetas, distribuídas por municipios do seguinte xeito:

CADRO 48

MUNICIPIOS	Mill. de Ptas.
Abadín .....	10,5
Begonte .....	6,0
Castro de Rei.....	6,0
Cospeito .....	5,0
Pastoriza .....	7,5
Vilalba.....	34,0
Xermade .....	4,5
TOTAL .....	153,5


Os investimentos previstos para os próximos anos, en aplicación do Plan de Telefonía Rural, servirán para mellorar substancialmente o servizo telefónico, cubrindo a totalidade da comarca.

Por outra banda, a recepción de emisións de televisión e radio ha considerarse mediocre. A situación máis favorable preséntana a TV1 e FM, mentres que a TV2 e TVG son recibidas por menos da metade da poboación en boas condicións de emisión. Aspecto que para a televisión galega ten certa trascendencia, ante a posibilidade de programas de contido específico e aplicados á realidade cultural e socioeconómica de Galicia. Por municipios, as peores deficiencias conséntanse en: Vilalba, Castro de Rei e Cospeito.

En resumo, a Comarca posúe un forte potencial de desenvolvemento por ser nó de comunicacións e pola súa posición arredor dun dos principais eixos de acceso a Galicia e enlace co Norte da Galicia costeira co interior. Isto supón unha situación de partida privilexiada con respecto a outras Comarcas.

CADRO 49. ESTADO DAS ESTRADAS.

MUNICIPIOS	Km. Totais	Km. Bo firme	Km. Ancho > 7 m.	% Km. Bo firme	% Km. Ancho > 7 m.
Abadín	138,6	12,0	25,4	8,66	18,33
Begonte	120,4	27,0	26,4	22,43	21,93
Castro de Rei	218,3	0,0	22,2	0,00	10,17
Cospeito	171,4	3,6	1,5	2,10	0,88
Xermade	128,2	18,2	19,0	14,20	14,82
Guitiriz	183,6	18,2	20,4	9,91	11,11
Pastoriza	237,7	0,0	4,7	0,00	1,98
Vilalba	293,9	41,5	32,0	14,12	10,89
<b>Total</b>	<b>1.492,1</b>	<b>120,5</b>	<b>151,6</b>	<b>8,08</b>	<b>10,16</b>
Media comarcal	1.492,1	120,5	151,6	8,08	10,16
Media provincial				8,06	7,09
Media rexional				24,40	9,00
Media nacional				33,13	11,03



REDE VIARIA PROPOSTA NO DOCUMENTO DE SÍNTESE DO PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA (DEC./1990)

REDE ESTATAL		REDE AUTONÓMICA	
	Vía rápida ou autovía		Primaria básica
	Resto rede		Primaria complementaria
			Primaria secundaria


MAPA 11



MAPA 12



MAPA 13



ÁREAS DE RELACIÓN COA COMARCA DE TERRA CHA  
POR TRANSPORTE DE AUTOBUSES

MAPA 14

CADRO 50. RECEPCIÓN DE EMISIÓNS.

MUNICIPIOS	Recepción TV1	Recepción TV2	Recepción TVG	Recepción FM
Abadín	BEN	REGULAR	REGULAR	BEN
Begonte	BEN BEN	BEN	BEN	
Castro de Rei	REGULAR	REGULAR	REGULAR	BEN
Cospeito	BEN	REGULAR	REGULAR	REGULAR
Xermade	BEN	REGULAR	REGULAR	BEN
Guitiriz	BEN	BEN	BEN	BEN
Pastoriza	BEN	BEN	BEN	BEN
Vilalba	BEN	REGULAR	REGULAR	REGULAR
Ben	87,50 %	37,50 %	37,50 %	75,00 %
Mal	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
Regular	12,50 %	62,50 %	62,50 %	25,00 %

CADRO 51. ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, 1987.

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Vivendas Total 81	Vivendas Aba. Aut.	% Vivendas Aba. Aut.
Abadín	4.773	1.651	1.541	93,34
Begonte	4.571	1.563	509	32,57
Castro de Rei	6.275	2.180	427	19,59
Cospeito	6.905	2.207	695	31,49
Xermade	3.413	1.181	148	12,53
Guitiriz	7.432	2.720	2.241	82,39
Pastoriza	4.822	1.530	150	9,80
Vilalba	16.225	6.056	2.582	42,64
Total	54.416	19.088	8.293	43,44 %
Media comarcal				43,44 %
Media rexional				31,54 %
Media nacional				5,01 %

CADRO 52. GRAO DE SANEAMENTO AUTÓNOMO, 1987.

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Vivendas Total 81	San. Aut. Poboación	% San. Aut. Vivendas	% San. Aut. Poboación	% San. Aut. Vivendas
Abadín	4.773	1.651	1.630	558	34,15	33,80
Begonte	4.571	1.563	1.873	683	40,98	43,70
Castro de Rei	6.275	2.180	1.890	694	30,12	31,83
Cospeito	6.905	2.207	2.259	764	32,72	34,62
Xermade	3.413	1.181	862	316	25,26	26,76
Guitiriz	7.432	2.720	2.305	768	31,01	28,24
Pastoriza	4.822	1.530	1.313	439	27,23	28,69
Vilalba	16.225	6.056	3.702	1.183	22,82	19,53
Total	54.416	19.088	15.834	5.405	29,09 %	28,31 %
Media comarcal					29,09 %	28,31 %
Media rexional					39,58 %	34,27 %
Media nacional					15,60 %	11,21 %

**CADRO 53. ESTADO DA REDE DE SUMIDORIOS.**

MUNICIPIOS	Calidade Sumidoiros	Estado Sumidoiros
Abadín	Boa	Boa
Begonte	Boa	Boa
Castro de Rei	Aceptable	Regular
Cospeito	Boa	Boa
Xermade	Aceptable	Boa
Guitiriz	Aceptable	Regular
Pastoriza	Aceptable	Boa
Vilalba	Aceptable	Boa
Media comarcal		
Ben		75,00 %
Mal		0,00 %
Regular		25,00 %
Media rexional		
Ben		50,06 %
Mal		5,49 %
Regular		44,45 %
Media nacional		
Ben		67,32 %
Mal		7,91 %
Regular		24,77 %

**CADRO 54. SERVICIO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA, 1987.**

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Vivendas Total 81	Vivendas Sen servicio	% Vivendas Sen servicio
Abadín	4.773	1.651	525	31,80
Begonte	4.571	1.563	685	43,83
Castro de Rei	6.275	2.180	682	31,28
Cospeito	6.905	2.207	712	32,26
Xermade	3.413	1.181	266	22,52
Guitiriz	7.432	2.720	529	19,45
Pastoriza	4.822	1.530	398	26,01
Vilalba	16.225	6.056	996	16,45
Total	54.416	19.088	4.793	25,11
Ben				
Mal				
Regular				
Media comarcal				25,11 %
Media rexional				19,13 %
Media nacional				4,60 %

CADRO 55. DÉFICIT DE PAVIMENTACIÓN NO SOLO URBANO, 1987.

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Vivendas Total 81	Superficie m <sup>2</sup> Total	Superficie m <sup>2</sup> no pavimentada	% no pavimentada por vivenda	% Superficie no pavimentada
Abadín	4.773	1.651	215.900	108.300	1,52	50,16
Begonte	4.571	1.563	206.400	56.000	2,79	27,13
Castro de Rei	6.275	2.180	305.700	93.600	2,33	30,62
Cospeito	6.905	2.207	257.600	85.700	2,58	33,27
Xermade	3.413	1.181	111.800	32.100	3,68	28,71
Guiiriz	7.432	2.720	264.200	109.900	2,47	41,60
Pastoriza	4.822	1.530	160.600	33.200	4,61	20,67
Vilalba	16.225	6.056	529.500	169.800	3,57	32,07
Total	54.416	19.088	2.051.700	688.600	2,77 %	33,56 %
Media comarcal					2,77 %	33,56 %
Media rexional					15,68 %	21,77 %
Media nacional					14,00 %	24,68 %

### 5.2.2.- OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

Con respecto ós valores medios de Galicia e España, a Comarca supera a ambas na dotación de infraestructuras como: abastecemento de auga potable, rede de sumidoiro, iluminación pública e pavimentación en solo urbano.

A deficiencia máis importante corresponde á carencia de vivendas sen acometida de auga potable. Prácticamente o 57% das vivendas existentes na comarca carecen de abastecemento de auga potable. Entre os municipios peor dotados neste tipo de infraestructuras básicas atópanse Pastoriza e Xermade, no primeiro caso con respecto ó abastecemento de auga potable e pavimentación, e no segundo en rede de sumidoiro e iluminación.

Por outra banda, é de salienta-la necesidade de moderniza-lo tendido eléctrico de numerosos puntos da comarca, co obxecto de aumenta-la potencia e facilita-lo funcionamento dos aparatos eléctricos existentes nas explotacións gandeiras. Para iso, contémpase, ata

1994, un investimento de 2.816 millóns de pesetas, distribuídas do seguinte xeito:

CADRO 56

MUNICIPIOS	Mill. de Ptas.
Abadín	320
Begonte	172
Castro de Rei	361
Cospeito	399
Guiiriz	533
Pastoriza	56
Vilalba	678
Xermade	279
TOTAL	2.816

### 5.3.- VIVENDA E PLANEAMENTO URBANO

Este apartado sérvenos de base para coñece-lo estado en que se atopa o parque de vivendas e a situación do planeamento urbano dos principais núcleos que configuran a comarca.

## 5.3.1.- PARQUE DE VIVENDAS

Nesta Comarca, a maioría das vivendas son de ocupación principal, aspecto que pouco difire do que é común á provincia e Galicia.

As vivendas secundarias pertencen, xeralmente, á poboación emigrada a outros lugares de España, ó estranxeiro ou ó resto de Galicia, que pasa o verán na Terra Cha. En Guitiriz, primeiro municipio en vivendas secundarias da Comarca, débense, sobre todo, á existencia dun turismo interior (estación balnearia).

É importante salientar de cara ó futuro, o proxecto da instalación dun campo de golf en Cospeito, coa construción de vivendas que poderían engrosa-la lista de vivendas secundarias ou, mesmo, de ocupación principal, dado que se atopan a só 15-20 minutos da cidade de Lugo.

As vivendas desocupadas adoitan ser pisos de recente construción, particularmente en Vilalba (27,19% do total de vivendas). Noutros

municipios, adoitan ser casas rurais e, na maioría dos casos, están nun estado deficiente de conservación.

Segundo os Cuestionarios de Recoñecemento Territorial, parece que a demanda de vivenda está cuberta polo parque existente, aínda que se están construindo novas vivendas sociais, especialmente en Vilalba. Nesta localidade, durante os últimos cinco anos, construíronse perto de 1.500 pisos, o que constitúe un claro reflexo do crecemento urbanístico en que está inmersa Vilalba

En canto ó nivel de planeamento urbanístico existente, en tódolos municipios da Comarca, o maior problema é a desorde nas construcións e a mistura de usos residenciais e productivos de xeito indiscriminado. A isto hai que engadir, agás algúns casos, a deficiente calidade do deseño e da construción, e a adopción de formas traídas do exterior, sen ter en conta a arquitectura tradicional da Comarca.

CADRO 57. DISTRIBUCIÓN DA VIVENDA. 1991.

MUNICIPIOS	% Vivendas Principais	% Vivendas Secundarias	% Vivendas Desocupadas	% Outras No constan.
Abadín	80,83	0,06	19,11	0,00
Begonte	77,99	10,75	11,26	0,00
Castro de Rei	76,61	13,44	8,27	1,67
Cospeito	80,90	12,25	6,17	0,69
Guitiriz	70,19	15,63	13,75	0,42
Pastoriza	82,71	7,10	10,06	0,13
Vilalba	68,42	3,83	27,19	0,55
Xermade	71,70	12,50	13,92	1,89
Total	74,02	8,52	16,84	0,62
Media comarcal	74,02	8,52	16,84	0,62
Media provincial	69,41	9,28	19,33	1,98
Media rexional	69,49	10,84	17,32	2,35




GRÁFICO 14. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DE TERRA CHA.

### 5.3.2.- ESTADO DO PLANEAMENTO URBANO

Constitúe outro factor fundamental que inflúe na calidade de vida dos habitantes da Comarca. Hoxe en día, non pode cuestionarse o desenvolvemento económico dun espazo determinado sen ter en conta o marco dun documento urbanístico, no cal toda planificación do territorio ha de basearse. A clasificación dos espazos urbanizables e non urbanizables é unha prioridade básica sobre a que debe fundamentarse toda actuación posterior.

Dos oito municipios, ningún posúe Plan Xeral de Ordenación Urbana; dous deles teñen Normas Subsidiarias, Vilalba e Guitiriz, redactadas en 1984 e en 1985 respectivamente, outros tres posúen Delimitación de Solo Urbano (Cospeito, Pastoriza e Castro de Rei); os demais réxense tan só polas normas de ámbito xeral aprobadas pola Xunta. A relación é a seguinte:

- ABADÍN: Sen planeamento.

- BEGONTE: Sen planeamento. Actualmente en redacción a Delimitación de Solo Urbano. Equipo redactor Mario Iglesias (MONSA). Aprobación provisional (1983).
- COSPEITO: Delimitación de Solo Urbano (1977). En redacción Normas Subsidiarias de Planeamento, contratadas en 1985. Equipo redactor Mario Iglesias (MONSA). Aprobación provisional (1977).
- XERMADE: Sen planeamento. En redacción as Normas Subsidiarias de Planeamento. Equipo redactor A. Grandá Teixeira. Ano de contratación 1981. Non se produciu ningunha aprobación.
- GUITIRIZ: Normas Subsidiarias de Planeamento (1985).
- PASTORIZA: Delimitación de Solo Urbano (1978). Están en redacción as Normas Subsidiarias Municipais. Non consta que se contratara.

- VILALBA: Normas Subsidiarias Municipais (1984). Actualmente en revisión. Equipo redactor IDASA. Ano de contratación 1989. Non existe ningunha aprobación.
- CASTRO DE REI: Delimitación de Solo Urbano (1977). En redacción as Normas Subsidiarias de Planeamento. Equipo redactor Mario Iglesias. Ano de contratación (1986). Non consta que se producira ningunha aprobación.

As Normas de Planeamento da Xunta (1990) dividen o territorio galego en dúas áreas, que se determinan en función do grao de complexidade urbanística existente nos municipios que os integran:

Área 1: integrada polos municipios de complexidade urbanística normal. Na Comarca están integrados: Abadín, Pastoriza e Xermade.

Área 2: integrada polos que teñen un alto grao de complexidade urbanística; nesta Comarca pertencen: Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz e Vilalba.

En cada unha das mesmas aplicarásese a correspondente normativa reguladora de usos do solo e da edificación.

### 5.3.3.- PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

A Comarca posúe un interesante patrimonio histórico-artístico, formado fundamentalmente por igrexas, castros, cruceiros e pazos.

A conservación e restauración destes edificios e o seu contorno constitúe un labor prioritario de gran importancia que debe acometerse para poder promocionar turisticamente a riqueza do patrimonio artístico existente nesta comarca.



ESTE CASTRO SUPÓN UN DOS MAIORES ATRACTIVOS TURÍSTICOS DE CASTRO DE REI

<b>INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO</b>		Parroquial da Graña	Vilarente
<b>CONCELLO DE ABADÍN</b>		Parroquial de S. Pedro	Labrada
		Capela de S. Antonio	Labrada
<b>PALEOLÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Casa rectoral	Labrada
<b>Denominación</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Igrexa antiga	Montouto
Xestido. O Catadoiro	Labrada	Igrexa nova	Montouto
		Igrexa parroquial	Vilarente
<b>MEGALÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Parroquial de Santiago	Moncelos
<b>Mámoas e dólmenes</b>		Igrexa parroquial	Quende
<b>Denominación</b>	<b>Parroquia /Lugar:</b>	Igrexa parroquial	Romariz
Pena Abaladoira	Fanoi		
Petitone	Pena fanoi	<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>
Dolmen	Romeriz	<b>Arquitectura brasonada</b>	
		<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
<b>CASTREXO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Pazo da Raxoa	Castromaior
<b>Asentamentos e materiais.</b>		Pazo de Cernada	Vilarente
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Casa do Morado	Moncelos
Curro dos Castrexo	Abeledo		
Os Castros	Candia	<b>PONTES</b>	<b>Arte</b>
Castro de Abeledo	Abeledo	<b>Denominación</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Os Castelos	Fanoi	Ponte do Carraino	Romeriz
Castelo da Portela	Fanoi		
Os Castros	Fraiás	<b>ARQUITECTURA MILITAR</b>	
Castro de Terraxís	Moncelos	<b>E DEFENSIVA</b>	<b>Arte</b>
Castro	Romeriz	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
		Castelo de Castromaior	Castromaior
<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>	<b>CRUCEIROS E PETOS</b>	
<b>Igrexas, capelas e ermidas</b>		<b>DE ANIMAS</b>	<b>Etnografía</b>
<b>Denominación:</b>	<b>Parroqui/Lugar:</b>	<b>Denominacións:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Igrexa de Sta. María	Abadín	Catro cruceiros	Abadín
Capela da Virgen de Fátima	Gontán	Dous cruceiros	Gontán
Parroquial de Sta. María	Abeledo	Cruceiro do adro	Abadín
Capela de San Antonio	Abeledo	Eslomeiro de San Antonio	Abadín
Igrexa parroquial de San Pedro	Aldixe	Cruceiro do adro	Abeledo
Igrexa de Santiago	Baroncelle	Cruceiro. Barrio dos Verdes	Aldixe
Parroquial antiga	Baroncelle	Cruceiro do adro	Cabaneiro
Igrexa de San Bartolomeu	Cabaneiro	Cruceiro do adro	S. Bartolomeu
Parroquial de San Pedro	Candia	Cruceiro da carretera	Corvite
Igrexa de S. Xoán	Corvite	Cruceiro de Casal	Corvite
Igrexa parroquial de		Tres cruceiros	Fanoi
Sta. M <sup>a</sup> Madalena	Fanoi	Cruceiro	Fraiás
Igrexa parroquial	Galgao	Cruceiro en Romeu	Fraiás
Igrexa de S. Pedro	Goás	Dous cruceiros barrio dos Castros	Fraiás

		<b>INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE BEGONTE</b>	
Cruceiro da Graña	Vilarente	<b>MEGALÍTICO</b> <b>Mámoas e dólmene</b> <b>Denominación:</b> Medorras do Monte Campelos Medorras de Armental e Fontefría Medorras de Fonte Vilar Dolmen e medorras de Chao de Mazós Mámoa de Amenido As Medorras	<b>Arqueoloxía</b>  <b>Parroquia/Lugar:</b> O Castro Gaibor Illán  Santalla de Pena Pacios Donalbai
Cruceiro de Braña de Brezo	Vilarente		
Cruceiro do Frondal	Vilarente		
Cruceiro da Fraga	Vilarente		
Cruceiro Vila dorente	Vilarente		
Cruceiro de Vilargán	Vilarente		
Cruceiro do adro	Labrada		
Cruceiro na costa	Labrada		
Cruceiro de Arborilias	Labrada		
Cruceiro de Barreal	Labrada		
Dous cruceiros en Terraxís	Moncelos		
Dous cruceiros en Veiguiñas	Moncelos		
Cruceiro en Ribela	Moncelos		
Cruceiro en Valado	Moncelos		
Cruceiro Formariz	Moncelos		
Cruceiro do Carregal	Moncelos		
Cruceiro de Alaxe	Montouto		
Cruceiro de Arca	Montouto		
Cruceiro de Cabana	Montouto		
Cruceiro da Fonte de Nosa Sra.	Montouto		
Cruceiro do Monte do Cristo	Montouto		
Cruceiro da Palloza	Montouto		
Cruceiro da Sra. Rosa	Montouto		
Dous en A Ponte	Montouto		
Dous cruceiros no adro	Quende		
Cruceiro no adro	Romariz		
Cruceiro dos Currás	Romariz		
Arquitectura do pan	Etnografía		
<b>HÓRREOS</b>		<b>CASTREXO</b> <b>Asentamentos e materiais</b> <b>Denominación:</b> Monte do Castro Trascastro Castro de Trobo	<b>Arqueoloxía</b>  <b>Parroquia/Lugar</b> Pena Pena Trobo
<b>Denominación</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>		
Varios hórreos	Fontarón		
Varios hórreos	Quintá		
Varios hórreos	Sevane-Souto		
<b>CONSTRUCCIÓN POPULARES</b>		<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b> <b>Igrexas, capelas e ermidas</b> <b>Denominación:</b> Parroquial de Santiago Igrexa parroquial Capela de Sta. Rosa Igrexa parroquial Capela da Concepción Igrexa parroquial Igrexa parroquial Igrexa parroquial Capela de Ximarás Igrexa parroquial Capela de San Victorio Capela de Vilar Igrexa parroquial Capela de Barrosuela Igrexa parroquial Igrexa parroquial Igrexa parroquial Igrexa parroquial Capela de Denune Igrexa parroquial	<b>Arte</b>  <b>Parroquia/Lugar</b> Baamonde Begonte Begonte Bóveda Bóveda Carral Castro Cerdeiras Cerdeiras Damil Damil Damil Uríz Uríz Valdomar Virís Donalbai Felmil Felmil Gaibor
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>		
Pallozas	Fontarón		
<b>CRUCEIROS E PETOS DE ÁNIMAS</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>		
Cruceiro	Cereixal		
Cruceiro do adro	Tortes		

Capela de Barrazoso	Gaibor	Medorra da Abaos	Duancos
Igrexa parroquial	Illán	Medorras	Duancos
Igrexa parroquial	Pacios	Túmulo de Espiñuca	Loentia
Capela de Carballido	Pacios	Sitio da Medorras	Azumara
Parroquial de Santalla	Pena		
Parroquial de San Vicenzo	Pena	<b>CASTREXO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
Igrexa parroquial	Trobo	<b>Asentamentos e materiais</b>	
Capela de Altide	Trobo	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Capela de Roxo	Trobo	Lugar do Castro	Dumpín
Igrexa parroquial	Saavedra	Castro de Ameixide	Gobernos
		Castro	Loentia
<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>	As Croas de Rodela	Loentia
<b>Arquitectura brasonada</b>		Castro	Ludrio
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Castro de Arriba	Orizón
Torre de Camarasa. Aldea de Arriba	Baamonde	Castro de Abaixo	Orizón
Albalat-Casa dos Varela	Cerdeiras	Agro do Castro	Bazar
Caso do Fidalgo	Felmil-Folgueira	Castro dorizón	Duancos
Casa con escudo	Felmil-Folgueira	Castro de Duarría	Duarría
Casa Pazo	Gaibor	Castro de Acó	Duarría
Casa da Torre	Trobo	Castro de Aló	Duarría
Casa dos Navás	Trobo	Castro douteiro	Outeiro
Casa Torre	Virís	Castro de Piñeiro	Prevesos
		Castro de Ramil	Ramil
<b>CRUCEIROS E PETOS</b>		Castrillón	Ribeiras de Lea
<b>DE ÁNIMAS</b>	<b>Etnografía</b>	Castro de Farola	Ribeiras de Lea
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Castro de Triabá	Triabá
Cruceiro	Gaibor	Castro de Rodela	Valmonte
Tres cruceiros	Preto da	Castro de Viladonga	Viladonga
Igrexa de Santiago	Baamonde	O Castrelo	Viladonga
Cruceiro de Xumarás	Cerdeiras		
Varios cruceiros	Donalbai	<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>
Cruceiro de Denune	Femil	<b>Igrexas, capelas e ermidas</b>	
		<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
		Igrexa parroquial	Ansemar
		Igrexa parroquial	Azumara
		Igrexa parroquial	Bazar
		Capela da Oroxé	Bazar
		Capela da Granda	Bazar
		Igrexa parroquial	Bendía
		Igrexa parroquial	Castro de rei
		Igrexa parroquial	Duarría
		Capela do Castro	Duarría
		Igrexa parroquial	Dumpín
<b>MEGALÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>		
<b>Mámoas e dólmenes</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>		
Medorra	Ludrio		
Mámoas. Ansem	Carboeiroar		
Medorras dorizón	Duancos		

**INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO  
CONCELLO DE CASTRO DE REI**

Igrexa parroquial	Goberno	Casa de Sanxurxo	Mondriz
Capela da Rectoral	Goberno	Pazo de Arroxa	Mos
Igrexa parroquial	Loentia	Casa do Outeiro	Ramil
Capela de Lombas	Loentia	Casa das Teixoeiras	Ramil
Capela do Sisto	Loentia	Casa de Fontelaxe	Ribeiras de Lea
Capela de Vales	Loentia	Torre de Seivane	Ribeiras de Lea
Igrexa parroquial	Ludrio	Pazo de Casas Novas	Sta. Leocadia
Igrexa parroquial	Mondriz	Casa da Torre	Valmonte
Capela da casa nova	Mondriz	Casa de Zacreade	Valmonte
Igrexa parroquial	Mos		
Capela do cemiterio	Mos	<b>FONTES</b>	<b>Arte</b>
Igrexa parroquial	Outeiro	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Igrexa parroquial	Orizón	Fonte de S. Pedro	Bazar
Igrexa parroquial	Pacios	Fonte do Freire	Pacios
Capela de Luxís	Pacios		
Igrexa parroquial	Prevesos	<b>ARQUITECTURA DO PAN</b>	<b>Etnografía</b>
Igrexa parroquial	Quintela	<b>Hórreos</b>	
Igrexa parroquial	Romil	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Capela do Coutadá	Romil	Hórreo casa Rei	Coea
Igrexa parroquial	Ribeiras de Lea	Hórreo casa Pillado	Coea
Igrexa parroquial	Sta. Leocadia		
Igrexa parroquial	Triabá	<b>CRUCEIROS E PETOS</b>	
Igrexa parroquial	Valmonte	<b>DE ÁNIMAS</b>	<b>Etnografía</b>
Igrexa parroquial	Viladonga	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Parroquial de S. Salvador	Coea	Cruceiro do Barrio de Lamas	Ansemar
Igrexa parroquial	Duancos	Cruceiro do Mesón de Cornide	Bendía
		Cruceiro Casa Rei-Stolle	Coea
		Cruceiro de S. Clemente	Duancos
		Cruceiro do Castro	Duarría
		Cruceiro do adro	Ludrio
		Cruceiro preto de A Ponte	Outeiro
		Cruceiro de Ribas do Miño	Outeiro
		Cruceiro do Chairo	Ribeiras de Lea
		Cruceiro de Casa Novas	Sta. leocadia
		Vía Crucis	Sta. Leocadia
<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>		
<b>Arquitectura brasonada</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>		
Casa de Fontexón	Azumara		
Casa de Portas	Azumara		
Casa do Pacio	Bazar		
Pazo de Aguilar	Bazar		
Casa de Cornide	Bendía		
Casa de Medallas	Bendía		
Casa de Porto Bexán	Bendía		
Casa do Colexio	Duancos		
Casa dos Señores	Duancos		
Casa de Tormentosa ou de Somoza	Duarría		
Casa con escudo en Catadoiro	Duarría		
Casa de Francos	Gobernos		
Casa do pacio	Mondriz		
		<b>INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO</b>	
		<b>CONCELLO DE COSPEITO</b>	
		<b>MEGALÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
		<b>Mámoas e dólmenes</b>	
		<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
		Medorras de Millarada	Cospeito

Mámoas. San Roque	Arcillá	Igrexa parroquial	Seixas
Medorra da Rita	Cospeito	Capela do Hidalgo	Seixas
Medorras de Regavella	Moimenta	Igrexa parroquial	Sisoi
Medorras de Millara	Pino	Igrexa parroquial	Sistallo
Mámoas de San Román	Rioveso	Ermida do Monte	Sistallo
Medorras douro	Roás	Capela de San Paio	Sistallo
Pena de Cospeito	Cospeito	Igrexa parroquial	Támoga
<b>CASTREXO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Igrexa parroquial	Vilapene
<b>Asentamentos e materiais</b>		Igrexa de Sta. María	Vilar
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>	Igrexa parroquial	Xustas
Peña do castro	Cospeito	Igrexa parroquial	Xermar
Os Castros	Bestar	Capela de Piñeiro	Xermar
Castro do Pacio	Bexán	<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>
O Castro	Goá	<b>Arquitectura brasonada</b>	
Castro de Teix	Pinoeiro	<b>Denominación</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
Vilar do castro	Sta. Cristina	Casa de Pumares	Arcillá
Castro de San Paio	Sistallo	Casa de Folgueiras	Bexán
Castro de Turillón	Támoga	Casa de Barreira	Cospeito
Castro	Vilapena	Pazo de Caldaloba	Pino
<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>	Casa de Basanta	Roás
<b>Igrexa, capelas e ermidas</b>		Pazo de Sistallo	Sistallo
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Casa de Vedes	Sistallo
Igrexa parroquial	Arcillá	Casa do Fidalgo	Sistallo
Capela de San Roque	Arcillá	Casa de Anllo	Sistallo
Igrexa parroquial	Bertar	Casa con escudo preto da igrexa	Sistallo
Igrexa parroquial	Bexán	Casa de Vilaguisada	Xermar
Igrexa parroquial	Cospeito	Casa de Pesqueira	Xustas
Capela de Barreira	Cospeito	Casa de Reximil	Xustas
Igrexa parroquial	Goá	<b>ARQUITECTURA MILITAR E DEFENSIVA</b>	<b>Arte</b>
Ermida de Belida	Goá	<b>Castelos e baterías</b>	
Capela de Santo Urbano	Goá-Bouza	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
Igrexa parroquial	Lamas	Castelo de Caldaloba	Pino
Igrexa parroquial	Moimenta	Torre de Momán	Momán
Igrexa parroquial	Pino	<b>FONTES</b>	<b>Arte</b>
Capela de San Roque	Pino	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Capela de Penalba	Pino	Fonte do Fidalgo	Seixas
Capela de Santo Isidro do Monte	Pino	<b>ARQUITECTURA DO PAN</b>	<b>Etnografía</b>
Igrexa parroquial	Rioaveso	<b>Muíños</b>	
Capela do Piñeiro	Rioavesa	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
Igrexa parroquial	Roás	Muíño de San Roque	Arcillá
Casa Rectoral	Roás		
Igrexa parroquial	Sta. Cristina		

Cruceiros e petos de ánimas	Etnografía	Petroglifo Pena Vicuda	Buriz
Denominación:	Parroquia/Lugar:		
Cruceiro de Crabeira	Bexán	<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>
Cruceiro de Bouza	Goá	<b>Igrexas, capelas e ermidas</b>	
Cruceiro	Lamas	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Cruceiro do adr	Moimentao	Parroquial de San Xulián	Becín
Cruceiro do campo	Moimenta	Igrexa parroquial	Buriz
Cruceiro do adro	Pino	Capela de San Nicolás	
Varios cruceiros	Rioaveso	e San Lourenzo	Buriz
Cruceiro do adro	Roas	Capela de Lourdes	Buriz
Cruceiro do Fidalgo	Seixas	Capela de Fátima	Buriz
Cruceiro de Nicolás	Sisoi	Capela de San Xoán Lagostelle	Guitiriz
Cruceiro do adro	Sistallo	Igrexa Nova	Guitiriz
Cruceiro do monte	Sistallo	Capela da Asunción	Guitiriz
Cruceiro do campo	Vilapene	Capela do Ecce Homo	Guitiriz
Cruceiro	Xermar	Parroquial de Sta. María	Labrada
Cruceiro de Raxal	Xustas	Granxa de Monfero	Labrada
		Capela de San Xulián	Labrada-Margá
		Capela de San Mateo	Labrada
		Capela de San Roque	Labrada-Aboares
		Capela de San Cristovo	Labrada
		Igrexa parroquial	Lasgotelle
		Igrexa parroquial	Mariz
		Casa Rectoral	Mariz
		igrexas parroquial	Negradas
		Igrexa de San Breixo	Parga
		Capela de San Alberte	Parga
		igrexas de San Salvador	Parga
		Santuario de Bascuas	Parga
		Igrexa de Santa Cruz	Parga
		igrexas de Sta. Leocadia	Parga
		Igrexa de Sto. Estevo	Parga
		Capela de San Xosé	
		Campo da feria	Parga
		Ruínas da capilla	
		de Sta. Lucía	Parga
		Capela da Concepción	Parga
		Igrexa parroquial	Pedrafita
		Ermida do rego	Pedrafita
		de Ameneiros	Pedrafita
		Igrexa parroquial	Pígara
		Capela de Ferreiría	Pígara
		Capela do Carme	Pígara

**INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO  
CONCELLO DE GUITIRIZ**

**MEGALÍTICO**

**Arqueoloxía**

**Mámoas e dólmenes**

**Denominación**

**Parroquia/Lugar:**

Dolmen de Pelreo

Buriz

Dólmenes de Montoes de Fienza

Labrada

A Modia

Pedrafita

Medorras de Marco

Pedrafita

Medorra do Campanario

Pedrafitra

**CASTREXO**

**Arqueoloxía**

**Asentamentos e materiais**

**Denominación:**

**Parroquia/Lugar:**

Castro do Forno

Buriz

Castro de Abeleira

Buriz

Castro de Fontauro

Labrada

Castro de Vigo

Parga

Castro de Candorco

Parga-Sta. Cruz

Castro do pazo

Pígara

Castro de Roca

Roca

**PETROGLIFOS**

**Arqueoloxía**

**Denominación:**

**Parroquia/Lugar:**

Petroglifo Agro das Calzadas

Buriz

Capela de Sta. Ana	Pígara	Cruceiros e petos de ánimas	Etnografía
Igrexa parroquial	Roca	Denominación	Parroquia/Lugar:
Ermida de Sta. Ana	Roca	Cruceiro	Buriz
Igrexa parroquial	Trasparga	Calvario	Buriz
Capela de San Xusto	Trasparga	Cruceiro de San Sandino	Buriz
Igrexa parroquial	Vilar	Cruceiro de Xestonseló	Buriz
Igrexa parroquial	Vialares	Cruceiro de Lagostelle	Guitiriz
		Cruceiro de San Cristovo	Labrada
<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>	Cruceiro de Lirós	Labrada
<b>Arquitectura brasonada</b>		Cruceiro de San Mateo	Labrada
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Cruceiro da Loba	Labrada
Pazo do marqués de Camarasa	Guitiriz	Cruceiro	Lagostelle
Casa do Portazgo	Guitiriz	Cruceiro do adro Santo Alberte	Parga
A Casanova	Parga	Cruceiro da Rectoral Santo Alberte	Parga
Casa de Samesode	Parga	Cruceiro do Santuario de Basmás	Parga-Sto Alberte
Pazo de Pontella	Parga-Sta. Cruz	Tres cruceiros no adro	Parga-Sta. Cruz
Casa do Candorco	Parga-Sta. Cruz	Cruceiro do Campo de Cerceda	Parga
Caso do Pazo	Pígara	Cruceiro de Sta. Ana	Pígara
Casa con escudo	Pígara	Cruceiro do adro	Roca
Casa de Vilanova	Tracastro	Cruceiro	Tracastro
		Dous cruceiros	Vilar
<b>ARQUITECTURA CIVIL. VARIOS</b>	<b>Arte</b>		
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	<b>INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE A PASTORIZA</b>	
Balneario	Guitiriz	<b>CASTREXO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
Balneario de Pardiñas	Guitiriz	<b>Asentamentos e materiais</b>	
<b>PONTES</b>	<b>Arte</b>	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Castro de Saa	Baltar
Ponte Da	Guitiriz	Castro de Pousada	Pousada
ponte do Parga	Parga	Castro de Miñotelo	Aguarda
Ponte do Parga	Sto. Estevo	Castro da Rea	Alvare
<b>FONTES</b>	<b>Arte</b>	Castro	Baltar
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Castro de Salda	Baltarnxe
Fonte de San Xoán	Guitiriz	Castro de Seselle	Bretoña
Fonte de Sta. Mariña	Lagostelle	Os Castrillóns	Bretoña
Fonte do Campo da Virxe	Parga-Bascuas	As Croas	Bretoña
Fonte de Sta. Cruz	Parga	Lugar do Castro	Crecente
Fonte de Ferreiría	Pígara	Castro de Fumiña	Fonmiñá
		Castro de Aguarde	Gueimonde
<b>ARQUITECTURA MILITAR E DEFENSIVA</b>	<b>Arte</b>	Castro de Amudia	Loboso
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Outo do Castro	A Pastoriza
Castelo da Pobra	Parga	Castro da Coroa	Piñeiro

Castro de Almundia	Regueire-Castelo	<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>
Cortiña dos Castrexo	Saldanxe	<b>Arquitectura brasonada</b>	
O Castro	Ubeda	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>	Casa da Torre (Castiñeira)	Bretoña
<b>Igrexas, capelas e ermidas</b>		Casa de Eirexa	Crecente
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>	Casa do Pacio	Gueimonde
Igrexa parroquial	Aguarda	Casa da Ermida	Saldanxe
Capela de Miñotelo	Aguarda	<b>FONTES</b>	<b>Arte</b>
Igrexa parroquial	Alvare	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Capela de Rea da Cruz	Alvare	Fontes medicinales	Baltar preto de
Igrexa parroquial	Baltar		San Xulián
Capela de Sae	Baltar	Fonte de San Isidro	Saldanxe
Capela de San Xulián do Monte	Baltar		
Igrexa parroquial	Bretoña	<b>CRUCEIROS E PETOS</b>	
Capela da Castiñeira	Bretoña	<b>DE ÁNIMAS</b>	<b>Etnografía</b>
Capela de Fitoiro	Bretoña	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Capela de Francos	Bretoña	Dos cruceiros	Bretoña lugar da
Capela de Seselle	Bretoña		Igrexa
Capela de Xemit	Bretoña	Cruceiro	Cadavedo
Casa do Bispo	Bretoña	Cruceiro do Cristo de Fiuoco	Cadavedo
Igrexa parroquial	Cadavedo	Cruceiro de San Martiño	Corbelle
Capela de Ferreire	Cadavedo	Cruceiro de Paraxuas	Corbelle
Igrexa de San Martiño	Corbelle	Cruceiro de Agueiros	Corbelle
Igrexa parroquial	Crecente	Cruceiro de Garalla	Lagoa
Capela de las Prazas	Crecente	Cruceiro de Abelaire	Lagoa
Igrexa parroquial	Fonmiñá	Cruceiro da igrexa	Lagoa
Capela de San Miguel	Fonmiñá	Cruceiro de Vucerrei	Lagoa
Igrexa parroquial	Gueimonde	Cruceiro de Estoa	Rigueira
Igrexa parroquial	Lagoa	Dos cruceiros no adro	Vián
Capela de Garalla	Lagoa		
Igrexa parroquial	Loboso		
Igrexa parroquial	A Pastoriza	<b>INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO</b>	
Igrexa parroquial	Piñeiro	<b>CONCELLO DE VILALBA</b>	
Igrexa parroquial	Pousada	<b>PALEOLÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
Igrexa parroquial	Reigosa	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
A Ermida	Reigosa	Peña Grande Cova de Bordelle	Santaballa
Igrexa parroquial	Rigueira	Os Pensos do Carrizo	Santaballa
Capela de Valiño	Rigueira		
Capela de Vilar	Rigueira	<b>MEGALÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
Igrexa parroquial	Saldanxe	<b>Menhires, mámoas e dólmenes</b>	
Capela de San isidro	Saldanxe	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Igrexa parroquial	Ubeda	Medorras e dolmen da Roza	
Igrexa parroquial	Vián	da Modias	Alba

Medorras		Castro de San Colás	Torre
de Legua Dereita	Ladra	Castro	Vilapedre
Medorras de Rioaveso	Rioaveso	Castro	Gondalsque
Medorras das Moas e de Mascarán	Román	Castro	Samarugo
Medorras do Carrizo	Santaballa	Castro	Santaballa
Medorras de Carracido	Santaballa	Castro	Xoibán
Medorras de Ramallo	Santallaba	Castro de San Paio	Xoibán
Medorras de Peña Grande	Santaballa		
Medorras do Caldeirón	Codesido	<b>ROMANO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
Mámoas de Rana	Costa	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Mámoas de Pude	Costa	Medorra de Quintá	Rioaveso
Mámoas de Grandela	Costa		
Mámoas de Candeiro	Costa	<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>
Mámoas de Bodán	Costa	<b>Igrexas, capelas e ermidas.</b>	
Barrio de Mámoa	Goiriz	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
Medorras de Legoa Dereita	Nete	Igrexa de Alba	Alba
Medorras do Ouro da Roza do Mesón	Nete	San Lourenzo	Arbol
Menhir o Marco das Catro Aldeas	Vilapedre	Capela do Santo	Arbol
Dolmen Chao		Parroquial de San Martiño	
de Arqueta. Monte Rodís	Costa	Capela do Santo Anxo	Belesar
Altar de sacrificio en Bodán	Costa	Igrexa parroquial	Boizón
Dolmen Igrexa dos Mouros	Costa	Capela de Vixil	Boizón
Sitio da Medorra	Ladra-Barrosa	Parroquial de Santa María	Carballido
Dolmen Pedra do Sombrero	Samarugo	Capela de San Francisco	Carballido
Dolmen Igrexa dos Mouros	Samarugo	Capela de San Roque	Carballido
Varias mámoas	Santaballa	Igrexa Parroquial	Codesido
<b>CASTREXO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Santuario dos Remedios	Codesido
<b>Asentamentos e materiais</b>		Capela de San Xosé	Codesido
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Parroquial de San Bartolomé	Corbelle
Castro de Vixil	Boizán	Parroquial de San Simón	Costa
Castro de Ladra	Ladra	Capela de San Roque	Costa-Bodán
Castro de Lanzos	Lanzós	Capela de San Isidro	Costa-Fornos
O Castro	Boizán	Capela de San Pedro	Costa-Pasarelle
Os castros	Arbol	Parroquial de San Martiño	Distriz
Castro douteiro	Belesar	Parroquial de Santiago	Goiriz
Castro de Penedos	Belesar	Capela de San Adrián	Goiriz
Castro de San Roque	Carballido	Parroquial de San Xulián	Mouence
Trascastro	Codesido	Capela de Madalena	Mouence
Castro de Vilamaior	Costa	Igrexa parroquial	Nete
Castro	Goiriz	Igrexa parroquial	Noche
Castro de San Cosme	Goiriz	Ermida de San Cibrán	Noche
O Castro	Oleiros	Igrexa parroquial	Román
Castro	Sancobade	Capela de San Xoán	Román

Capela de San Pedro de San Fiz	Román	Casa da Ermida	Torre
Capela de San Caetano	Román	Casa con escudo	Rúa Concepción
Igrexa parroquial	Samarugo		Arenal, nº 22
Capela de San Xulián	Samarugo		
Igrexa parroquial	Sancobade	<b>ARQUITECTURA MILITAR E DEFENSIVA</b>	<b>Arte</b>
Capela de Guadalupe	Sancobade	<b>Castelos e baterías</b>	
Capela de San Roque	Goiriz	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Capela de Santa Comba	Goiriz	Ponte de Meire	Belesar
Parroquial de Sta. María	Gondaísque		
Igrexa parroquial	Insúa	<b>FONTES</b>	<b>Arte</b>
Capela de San Ramón. A Ponte de Saa	Insúa	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Igrexa parroquial	Ladra	Fonte	Belesar
Capela do Picouro	Ladra	Fonte do Pazo	Samarugo
Parroquial de San Martiño	Lanzós	Fonte	Rúa Xeneral Mola
Capela de San Andrés	Lanzós	Fonte de Boedas	Soaxe
Parroquial de San Salvador	Lanzós		
Igrexa parroquial	Oleiros	<b>ARQUITECTURA DO PAN. MUIÑOS</b>	<b>Etnografía</b>
Igrexa parroquial	Rioaveso	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Igrexa parroquial	Santaballa	Varios	Román
Ermida de Bordelle	Santaballa	Cruceiros e petos de ánimas	Etnografía
Igrexa parroquial	Soaxe	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
Igrexa parroquial	Tardade	Cruceiro de San Roque	Carballido
Capela da Anunciación	Tardade	Cruceiro	Codesido
Igrexa parroquial	Torre	Cruceiro dos Remedios	Codesido
Ermida de Colás	Torre	Cruceiro de Viso	Codeiso
Igrexa parroquial	Vilapedre	Cruceiro de Lamparón	Codesido
Igrexa parroquial	Xoibán	Cruceiros en los cruces de los caminos	Boizán
Capela de Rúa	Xoibán	Cruceiro	Boizán
Capela de San Paio	Xoibán	Cruceiro do cementario	Arbol
		Cruceiro da Cachopa	Arbol
		Cruceiro	Arbol carretera de Meira
<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>		
<b>Arquitectura brasonada.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>		
Pazo de Meire	Belesar	Cruceiro do Santo Angel	Belesar
Torre de Codesido	Codesido	Cruceiro de Aodoiras	Belsar
Pazo de Bodán	Costa	Cruceiro de Cruestaria	Belesar
Pazo de Folgueiras	Costa	Cruceiro Casa do Cal	Belesar
Escudo en una casa en Pude	Costa	Cruz do Piño	Belesar
Pazo de Arán	Ladra	Cruceiro de Meire	Belesar
Casa de Vilamartín	Rioaveso	Cruceiro de Fonte da Chousa	Distriz
Pazo de Samarugo	Samarugo	Cruceiro Barrio do Cruceiro	Distriz
Pazo de Penas Corbeiras	Sancobade	Dos cruceiros no adro	Goiriz
Casa Torre de Pedrouzos	Torre	Cruceiro da igrexa	Goiriz
		Cruceiro de Porto do Val	Goiriz

Cruceiro de Pinguela	Goiriz	Dos en Veiga	Costa
Cruceiro de Lagares	Gondáisque	Dos en Seara	Costa
Cruceiro do adro	Gondáisque	Cruceiro de Pedrafitá	Costa
Campo de cruceiro	Mourence	Cruceiro de Pude	Costa
Cruceiro puente de los Freires	Mourence	Cruceiro de Vilamaior	Costa
Cruceiro puente Vilar	Mourence	Dos en Ponte da Cancelas	Costa
Cruceiro en Cuatro Caminos	Vilalba	Tren en Ponte dos Cabalos	Costa
Cruceiro do cementerio	Vilalba	Cruceiro do Mirón	Costa
Cruceiro do instituto	Vilalba	Cruceiro de Cal	Costa
Cruceiro do camiño de Lanzós	Vilalba	Cruceiro de REgo de Auga	Costa
Cruceiro do parador	Vilalba	Cruceiro de San Martiño	Distriz
Cruceiro de Guadalupe	Sancobade	Cruceiro	Nete
Cruceiro	Sancobade	Cruceiro de Veigalonga	Noche
Cruceiro do adro	Santaballa	Cruceiro do adro	Oleiros
Cruceiro de Bordelle	Santaballa	Vía crucis	Román
Cruceiro da Cruz	Sataballa	Cruceiro de Seiváns	Román
Cruceiro do Carrizo	Santaballa	Cruceiro de Codal	Román
Cruceiro da Furada	Santaballa	Cruceiro de Benito	Román
Cruceiro de Cruce	Santaballa	Cruceiro de Rosa do Xardín	Román
Cruceiro do adro	Soaxe	Cruceiro de Campo de Leiras	Román
Cruceiro de Abualleira	Soaxe	Cruceiro da Ponte do Melgazo	Román
Cruceiro de Goián	Soaxe	Cruceiro da Ponte de Alieata	Román
Cruz de Caívanca	Soaxe	Cruceiro do Campo de Bardola	Román
Cruceiro do adro	Tardade	Cruceiro de Gantos	Román
Cruceiro de Cartòm	Tardade	Cruceiro do adro	Samarugo
Cruceiro de Caldegaián	Tardade	Cruceiro de Pena Serra	Samarugo
Cruceiro de Lanzán	Tardade	Dos en O Porto	Samarugo
Cruceiro de Pedrouzos	Torre	Cruceiro de Rano	Samarugo
Cruceiro do adro	Xoibán	Cruceiro de Ribeira	Samarugo
Cruceiro do Escairo	Xoibán	Cruceiro de Cornide	Samarugo
Dos cruceiros. Barrio de Mariñán	Corbelle	Cruceiro dodreiro	Samarugo
Cruceiro de Piolo	Corbelle	Dos en Campo Maior	Samarugo
Cruceiro do adro	Costa	Dos en Bidueiro	Samarugo
Cuatro cruceiros	Costa-Balado	Cruceiro de Lobán	Samarugo
Cruceiro do Puerto	Costa	Cruceiro en Covas	Samarugo
Dos en Fornos	Costa	Cruceiro do Rigueiro	Samarugo
Dos en Panaserra	Costa	Cruceiro do Palleiro	Samarugo
Dos da Retorta	Costa		
Dos de Folgueiro	Costa		
Dos da Lagoa	Costa		
Dos en Laxoso	Costa		
Dos en Pontenova	Costa		
Dos en O Coto	Costa		
Dos en Rama	Costa		
		<b>INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE XERMADE</b>	
		<b>PALEOLÍTICO</b>	<b>Arqueoloxía</b>
		<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>
		Fervedes	Lousada

Megalítico	Arqueoloxía	Capela do Fondal	Lousada
Mámoas e dólmenes		Igrexa parroquial	Miraz
Denominación:	Parroquia/Lugar:	Parroquial de San Mamede	Monán
Medorras de Mollafariña	Cazás	Capela de Santo Antonio	Monán
Medorras de Silvela	Cazás	Igrexa parroquial	Piñeiro
Medorras de Abelleira	Lousada	Igrexa parroquial	Roupar
Medorra do Carbuero	Lousada	Ermida de Buscalte	Roupar
Medorra de Carbuil	Lousada	Capela da Ermida	Roupar
Medorra do pinar antiga	Lousada	Capela do Carmen	Roupar-Campo
Monte das Modias	Lousada	Igrexa parroquial	Xermade
Campo das Medorras	Miraz	Capela de Castiñeiras	Xermade
Medoña da Lagoa	Piñeiro		
Medorras de Cstiñeiras	Xermade	<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	<b>Arte</b>
Medorras de Xemare	Burgas	<b>Arquitectura brasonada</b>	
Mámoas de Cal Grande	Cabreiros	<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar</b>
Medorras de Vilacide	Candamil	Torre de Roupar	Roupar
		Cruceiros e petos de ánimas	Etnografía
<b>CASTREXO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Denominación:	Parroquia/Lugar:
<b>Asentamentos e materiais.</b>		Cruceiro de San Xoán	Cazas
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Cruceiro de Pena de Ares	Cazas
Castro de Vilacide	Cabreiros	Cruceiro de Cutillón	Cazas
Castro de Xemare	Burgas	Cruceiro da Casa da Vella	Cazas
Castro	Cabreiros	Cruceiro de Carballosa	Cazas
Castro	Cazas	Cruceiro do Castro	Cazas
		Cruceiro de Penas do Campo	Cazas
		Cruceiro de Vilar Cativo	Cazas
<b>ROMANO</b>	<b>Arqueoloxía</b>	Cruceiro de Vilas	Cazas
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Dos cruceiros en Pena	Cazas
Villa de Vilar da Graña	Roupar	Cruceiro de Novil	Xermade-Piñeiro
		Cruceiro da Cerbeira	Xermade-Piñeiro
		Cruceiro da Xunqueira	Xermade-piñeiro
<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	<b>Arte</b>	Cruceiro da Venta do Paudó	Xermade-Piñeiro
<b>Igrexas, capelas e ermidas.</b>		Cruceiro de Besura	Lousada
<b>Denominación:</b>	<b>Parroquia/Lugar:</b>	Cruceiro do campo da feira	Lousada
Igrexa parroquial	Burgas	Cruceiro de Casavella	Lousada
Capela do Caneiro	Burgas	Cruceiro de Crono	Lousada
Igrexa parroquial	Cabreiros	Cruceiro de Sucarba	Lousada
Capela de Reguengo	Cabreiros	Cruz de Carba	Lousada
Igrexa parroquial	Candamil	Petos de Veiga	Lousada
Capela da Pena	Cadamil	Cruceiro do adro	Miraz
Igrexa de San Xulián	Cazas	Cruceiro do adro	Monán
Capela de San Xoán	Cazas	Cruceiro de Aboares	Monán
Igrexa parroquial	Lousada	Cruceiro da Pigaró	Monán
Capela de San Xoán	Lousada	Cruceiro da fería	Monán

Cruceiro do Cristo	Roupar	Cruceiro de Sta. Eufemia	Xermade
Cruceiro do campo	Roupar	Cruceiro de Vilar do Sisto	Xermade
Cruceiro de Mingolo	Roupar	Cruceiro do Pedreiro	Xermade

#### 5.4.- SERVICIOS EDUCATIVOS, SANITARIOS E SOCIAIS

A existencia ou carencia destes servizos básicos dános unha visión global sobre o grao de desenvolvemento en que se atopa a Comarca, e en particular, a situación concreta de cada municipio en canto ó grao de equipamentos educativos, sanitarios e sociais.

##### 5.4.1.- SERVICIOS EDUCATIVOS

De xeito xeral, a comarca presenta déficits comparativos, con respecto á provincia, en servizos educativos e sanitarios. No campo educativo, e máis concretamente no que respecta á Educación Preescolar, o número de unidades existentes en Terra Cha é de 56, 31 das cales están situadas en centros de E.X.B. nos que se imparten conxuntamente ambos niveis educativos. A taxa de escolarización é do 90,16%, moi aceptable para esta temprana idade. En canto ó nivel de E.X.B., o número de unidades existentes na Comarca é de 199, repartidas en 27 centros, un deles privado e os outros 26 públicos.

Por outra banda, hai que salienta-la existencia de axudas para actividades de alfabetización e de educación básica para adultos, así como un centro de Educación Permanente de Adultos -E.P.A.-, en Vilalba, aberto tamén para actividades do CEXEBAD -Centro Galego de Educación Xeral Básica a Distancia-. Ademais, existen tamén tres centros acollidos ó Plan de Integración para alumnos diminuídos ou retrasados: dous en Guitiriz (Colexio Público de La-

gostelle e Parga) e outro no Colexio Público Montescivane-Moreda (Vilalba).

No Bacharelato Unificado Polivalente existe, na actualidade, un centro público en Vilalba de 640 postos escolares e o Instituto de Ensino Secundario e profesional -I.E.S.P.- ubicado en Guitiriz. A taxa comarcal de escolarización para B.U.P. e C.O.U. conxuntamente é do 31,64%.

No nivel de formación profesional existen, na actualidade, un centro en Vilalba -o Instituto de Formación Profesional- cunha capacidade de 320 postos escolares, e outro Instituto de Formación Profesional, de máis reducidas dimensións -200 postos escolares-situado en Matodoso (Castro de Rei), onde, en réxime de convenio coa Diputación Provincial, se imparte a Rama Agraria.

A estas, hai que engadi-las unidades de Formación Profesional do I.E.S.P. de Guitiriz -160 postos escolares-. O número total de postos escolares dispoñibles na Formación Profesional é de 680. A taxa de escolarización comarcal en F.P. é do 13,21%.

En Vilalba funciona, ademais, un Conservatorio non estatal de Música de Grao Elemental, no que se imparten 1º e 2º curso, cun total de 165 alumnos. Recentemente autorizouse a implantación dalgúns estudos de grao medio.

A pesar destas dotacións, a Comarca presenta déficits comparativos con respecto á provincia en: BUP, EXB e, en menor medida, Educación Especial, xa que representan o 7,69%, 11,82% e 10,63% respectivamente, fronte ó 13,16% que supón a poboación comarcal sobre a provincia.

**CADRO 58. ENSINANZA BÁSICA E ENSINANZA POST-OBRIGATORIA**  
**UNIDADES E CENTROS ESCOLARES: CURSO 1989-90.**

MUNICIPIOS	Preescolar + E.X.B.				B.U.P. + F.P.				Unidades totais por 1.000 hab.		Poboación Total
	E. Pública		E. Privada		E. Pública		E. Privada		Pre. + E.X.B.	B.U.P. + F.P.	
	unidades	centros	unidades	centros	unidades	centros	unidades	centros			
Vilalba	80	13	1	1	27	2	-	-	4,99	1,66	16.225
Abadín	16	5	-	-	-	-	-	-	3,35	-	4.773
Begonte	21	4	-	-	-	-	-	-	4,56	-	4.571
Castro de Rei	38	4	-	-	5	1	-	-	6,05	0,79	6.275
Cospeito	26	10	-	-	-	-	-	-	3,76	-	6.905
Guitiriz	34	4	-	-	10	1	-	-	4,57	1,34	7.432
A Pastoriza	21	4	-	-	-	-	-	-	4,35	-	4.822
Xermade	18	2	-	-	-	-	-	-	5,27	-	3.413
Terra Cha	254	46	1	1	42	4	-	-	4,68	0,77	54.416
Lugo	1.801	263	262	31	419	40	28	3	5,16	1,11	399.232
Galicia	12.373	1.709	3.652	425	3.201	253	1.116	149	5,75	1,54	2.785.394

**CADRO 59. UNIDADES ESCOLARES (E. PÚBLICA + E. PRIVADA).**

	Nº Unidades Galicia	Nº Unidades Lugo	Nº Unidades Terra Cha	% Terra Cha Respecto a Lugo	% Terra Cha Respecto a Galicia
Preescolar	2.773	380	56	14,73 %	2,01
E.X.B.	13.252	1.683	199	11,82 %	1,50 %
B.U.P.	2.888	312	24	7,69 %	0,83 %
F.P.	1.473	135	18	13,33 %	1,22 %
Educ. Especial (en centros de E.X.B.)	1.176	141	15	10,63 %	1,27 %

Taxas de escolarización

	Prees.	E.X.B.	B.U.P.-C.O.U.	F.P.
	90,16 %	100 %	31,64 %	13,21 %

Con todo, dada a evolución demográfica, francamente negativa, non se ve xustificable a adopción de novas actuacións, agás de BUP e Educación Especial.

A efectos educativos, nesta Comarca operan dúas subzonas; a primeira con centro no propio núcleo comarcal -Vilalba-, que abrangue os concellos de; Abadín, Pastoriza, Castro de Rei, Cospeito, Vilalba e Xermade. A segunda sub-

zona ten como centro Guitiriz e comprende este municipio e o de Begonte.

**5.4.2.- SERVICIOS SANITARIOS E SOCIAIS**

En canto á información disponible acerca dos centros de saúde de nivel básico, cómpre sinalar que o nivel de dotación por mil habitan-

tes é moi superior á media rexional e lixeiramente inferior á media provincial. Iso débese, en parte, á existencia dun hospital psiquiátrico en Castro Ribeiras do Lea. Con todo, as prestacións que ofrece ese centro hospitalario non repercuten nunha mellora da cobertura sanitaria de Terra Cha, ó ser un servizo parcial e especializado de ámbito provincial.

As maiores deficiencias en servizos sanitarios corresponden ós municipios de Pastoriza e Cospeito, que carecen aínda dun centro de saúde. A situación comenza xa a ser preocupante en Vilalba, localidade que conta cun ambulatorio pequeno e antigo con capacidade insuficiente para atende-la demanda actual.

Con respecto á dotación de servizos sociais, chama a atención a pouca atención adicada á poboación anciá, nun conxunto caracterizado por un envellecemento crecente e dos máis elevados de Galicia.

O mesmo cabería dicir da carencia de programas dirixidos ó colectivo feminino, nunha área rural onde esta poboación é importante, cunha gran representatividade na agricultura familiar.

En xeral, é unha carencia da que a poboación é consciente, demandando especificamente centros culturais e da Terceira Idade.

### 5.5.- **SERVICIOS DE LECER E ESPAREXEMENTO**


Existe unha escasa dotación en canto a instalacións deportivas de propiedade pública. Os máis frecuentes son os campos de fútbol, pero existen tamén polideportivos nos municipios de: Vilalba, Xermade, Abadín, Castro de Rei e Pastorizã.

En conxunto, os mellor dotados da Comarca son: Vilalba (que, ademais do polideportivo, conta con piscina, pavillón de deportes, pista de tenis e praia fluvial) e Xermade (pista de atletismo e pavillón de deportes). Completan este cadro algunhas instalacións privadas dotadas de piscina e pista de tenis.

En canto a instalacións culturais destacan: Castro de Rei, Guitiriz e Vilalba, e en parques Guitiriz e, novamente, Castro de Rei.

**CADRO 60. INSTALACIÓNS PÚBLICAS CULTURAIS E DE ESPAREXEMENTO.**

MUNICIPIOS	Poboación Total	Número Parques	Número Centr. Cult.	Parques /1.000 Hb.	Centr. Cult. /1.000 Hb.
Abadín	4.773	0	0	0,00	0,00
Begonte	4.571	0	0	0,00	0,00
Castro de Rei	6.275	2	2	0,32	0,32
Cospeito	6.905	2	0	0,29	0,00
Xermade	3.413	1	0	0,29	0,00
Guitiriz	7.432	3	1	0,40	0,13
Pastoriza	4.822	0	0	0,00	0,00
Vilalba	16.225	0	2	0,00	0,12
Total	54.416	8	5	0,15	0,09



MAPA 15. PROXECTO "CLUBE DE GOLF CALDALOBA" (COSPEITO)

A pesar destas dotacións, aínda escasas, convén incrementa-lo número de áreas recreativas e de lugares de espaxemento. Neste sentido, o acondicionamento dunha área ubicada en "Carballeira de Mos" (Castro de Rei), para construír un campamento xuvenil de verán, pode contemplarse como unha acción prioritaria a levarse a cabo, nun futuro inmediato, dadas as excelentes condicións do lugar.

## 5.6.- OUTROS SERVICIOS DIVERSOS

Neste apartado, englobáronse a limpeza e recollida de lixo, bombeiros e matadoiros, nos cales a poboación se encontra escasamente servida, aínda que Vilalba presenta uns índices máis favorables.

Unha vez máis, é de salienta-la existencia de vertedeiros incontrolados de residuos sólidos.

CADRO 61. LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO.

MUNICIPIOS	Poboación Total 86	Poboación Sen recollida	% Poboación Afectada
Abadín	4.773	1.581	33,12
Begonte	4.571	1.781	38,96
Castro de Rei	6.275	1.870	29,80
Cospeito	6.905	2.297	33,27
Xermade	3.413	1.063	31,15
Guitiriz	7.432	1.891	25,44
Pastoriza	4.822	1.637	33,95
Vilalba	16.225	3.702	22,82
Total	54.416	15.822	29,07 %

CADRO 62. SERVICIOS DE BOMBEIROS.

MUNICIPIOS	Parque (Si/Non)	Cadro de persoal
Abadín	Non	0
Begonte	Non	0
Castro de Rei	Non	0
Cospeito	Non	0
Xermade	Non	0
Guitiriz	Non	0
Pastoriza	Non	0
Vilalba	Si	16
Total		16
Si	12,50 %	
Non	85,50 %	

dos urbanos, que deberían ser tratados e reciclados nunha planta de ámbito comarcal ou supracomarcal que debería construírse para tal fin.

Por outra banda, en canto a matadoiros, aínda máis da metade dos actualmente existentes, non cumpren coas Normas Sanitarias vixentes na CEE, o que é moi grave nunha Comarca esencialmente gandeira.

A adaptación dos matadoiros existentes na Comarca á normativa comunitaria debe de considerarse prioritario, co obxecto de melloras as condicións hixiénico-sanitarias das súas instalacións.

### 5.7.- NIVEL DE RENDA

En 1986, a Terra Cha engloba ó 13,6% da poboación provincial, fronte a só o 10,9% da Renda Familiar Disponible. Con respecto a Ga-

CADRO 63. SERVICIO DE MATADOIROS.

MUNICIPIOS	Número Matadoiros	Estado Matadoiros	Cumpre Normas
Abadín	1	Regular	Non
Begonte	1	Ben	Si
Castro de Rei	1	Ben	Si
Cospeito	1	En Construc.	Si
Guitiriz	1	Mal	Si
Pastoriza (A)	1	Ben	Si
Vilalba	1	Ben	Si
Xermade	1	Regular	Non
Total		8	
Ben		37,50 %	
Mal		25,00 %	
Regular		25,00 %	
Si			62,50 %
Non			37,50 %

licia, a poboación comarcal representa o 1,9% e a renda o 1,5%.

Por outra banda, a media por cada mil habitantes é moi inferior na Comarca (0,27) ca na provincia (0,34) e Galicia (0,36).

Estes datos indican claramente as condicións de subdesenvolvemento socioeconómico nas que se atopa a Comarca, con descensos xeneralizados entre 1982 e 1984 (pesetas constantes).

Máis positiva foi a evolución 1984-86, sobre todo en Pastoriza, Begonte e Castro de Rei, aínda que Vilalba e Guitiriz seguen a ocupar os primeiros lugares en renda por habitante, en función da súa maior actividade e diversificación económica. Os restantes municipios teñen un desenvolvemento menor. Con estes datos, Terra Cha ha de considerarse como unha Comarca atrasada e de escaso nivel de rendas.


## CADRO 64. EVOLUCIÓN DA RENDA.

MUNICIPIOS	Renda Habs. 1982	Renda Habs. 1984	Renda Habs. 1986	% Evol. Renda 1982-84	% Evol. Renda 1984-86
Abadín	1.174,96	1.054,04	1.123,08	-10,29	6,55
Begonte	1.193,36	1.050,87	1.143,62	-11,94	8,83
Castro de Rei	1.618,72	1.529,38	1.640,88	-5,52	7,29
Cospeito	1.809,32	1.695,51	1.811,30	-6,29	6,83
Xermade	845,74	752,02	769,53	-11,08	2,33
Guitiriz	2.139,39	2.039,58	2.141,88	-4,67	5,02
Pastoriza	1.283,91	1.140,65	1.266,32	-11,16	11,02
Vilalba	4.715,69	4.538,36	4.758,72	-2,81	3,83
Total	14.781,09	13.845,41	-6,33	5,85	
Media comarcal				-6,33	5,85
Media provincial				0,50	3,79
Media rexional				0,87	2,85

## CADRO 65. RENDA FAMILIAR DISPONIBLE MUNICIPAL.

(MILLÓNS DE PESETAS DO 82)

MUNICIPIOS	Renda Habs. 1982	Renda Habs. 1984	Renda Habs. 1986	Renda 1982 / Habitante 81	Renda 1986 / Habitante 86
Abadín	1.174,96	1.054,04	1.123,08	240.721,16	235.298,55
Begonte	1.193,36	1.050,87	1.143,62	257.745,14	250.190,33
Castro de Rei	1.618,72	1.529,38	1.640,88	251.081,12	261.494,82
Cospeito	1.809,32	1.695,51	1.811,30	261.047,47	262.317,16
Guitiriz	2.139,39	2.039,58	2.141,88	285.404,22	288.196,99
Pastoriza	1.283,91	1.140,65	1.266,32	259.271,00	262.613,02
Vilalba	4.715,69	4.583,36	4.758,72	286.059,45	293.295,53
Xermade	845,74	752,02	769,53	241.502,00	225.470,26
Total	14.781,09	13.845,41	14.655,33	267.173,20	269.320,24
Media comarcal				267.173,20	269.320,24
Media provincial				321.855,91	335.634,99
Media rexional				360.443,68	360.011,70



MAPA 16

### 5.8.- SÍNTESE DA CALIDADE DE VIDA

Da análise realizada, pódense extrae-las seguintes conclusións:

a). En case tódolos indicadores, a Comarca detenta uns valores inferiores á provincia e, sobre todo, á rexión.

b). Vilalba é o municipio onde se observa unha maior calidade de vida, aínda que, pola opinión dos Cuestionarios de Recoñecemento

Territorial se considera "aceptable" en: Castro de Rei, Xermade e Pastoriza. O resto da Comarca presenta uns niveis moi baixos.

c). As deficiencias máis importantes detectadas refírense ó:

1. Mal estado de conservación na maioría das estradas da Comarca.
2. Gran número de vivendas sen acometida de auga potable.

3. Abandono e mal estado de conservación de moitas vivendas rurais típicas da Comarca.
4. Planeamento urbano escasamente desenvolvido.
5. Carencia de centros de BUP.
6. Falta de centros de tipo social, terceira idade e xuventude.

A pesar destas deficiencias, constatouse recentemente unha importante mellora en bibliotecas públicas nos municipios de: Vilalba, Guitiriz e Castro de Rei, aínda que cómpre precisar que un total de cinco municipios da Comarca (Xermade, Abadín, Pastoriza, Cospeito e Begonte), carecen aínda de bibliotecas públicas.



## 6.-SÍNTESE FUNCIONAL DA COMARCA

Trala análise pormenorizada da realidade comarcal, a situación de conxunto vén reflectida por medio da aplicación dunha serie de variables absolutas, resultado da suma de catro índices, que inclúen un elevado número de variables parciais.

Os catro índices mencionados son: o socioeconómico, renda, ingresos por habitante e infraestructuras e servicios. Os resultados máis favorables son os que ofrecen Vilalba, Begonte e Castro de Rei.

As maiores diferencias obsérvanse no índice socioeconómico, que é o resultado da división dos valores comarcais entre as medias de Galicia. Estas variables comprenden: índice de xuventude, ancianidade, densidade, índice non agrario e de paro.

Os resultados que adquiren valores negativos indican unha situación de claro subdesenvolvemento, tal e como ofrece o valor de conxunto de -0,50, oscilando entre o 1,62 de Castro de Rei e 1,59 de Cospeito, e -0,37 de Xermade.

O índice de renda obténse da división dos indicadores de renda municipal calculada por mil habitantes entre a media de Galicia. Os in-

dicadores utilizados son: número de bancos e caixas de aforro, camións, licencias de alimentación e restantes, teléfonos e facturación telefónica. Se superan o valor de 1 están por enriba da media galega, circunstancia que non sucede en ningún dos indicadores utilizados para o conxunto da Comarca.

Os índices máis favorables veñen representados por Vilalba (1,24) e Guitiriz (1,14), lugares onde se concentran boa parte das instalacións e equipamentos do secundario e terciario.

Polo que se refire a ingresos por habitante (renta per cápita), establécese unha comparación coas media comarcal, provincial e rexional, que en cada caso ten o valor 1. Así, superan a media rexional en Vilalba (1,08) e Guitiriz (1,07).

Os índices de infraestructuras e servicios son o resultado da suma de tres compoñentes:


- a) Equipamentos colectivos: no que se inclúen os centros educativos de nivel básico (preescolar e EXB) e sanitarios.
- b) Índice de comunicacións: englobanse as estradas con ancho superior a 7 m., se

están ou non en bo firme e o índice de emisións de radio e televisión.


c) Infraestruturas: tense en conta o estado da rede de sumidoiros, servizo de iluminación pública, deficiencias de pavimentación en solo urbano, limpeza e recollida de lixo e distribución de auga potable. O cálculo faise sobre poboación ou vivendas afectadas e o índice obténse con respecto a Galicia. Superan a media comarcal, os munic

pios de: Begonte (1,50), Xermade (1,13) e Abadín (1,11).

En xeral, e con respecto a Galicia, a Comarca presenta uns valores inferiores en tódolos indicadores utilizados, constatando as características dun evidente atraso económico que se manifesta na existencia de estruturas productivas e infraestruturas pouco evolucionadas con respecto ó conxunto do territorio galego.



SÍNTESE FUNCIONAL POR MUNICIPIOS



MAPA 17

## SÍNTESE FUNCIONAL POR MUNICIPIOS

Á vista do analizado, compréndese que os municipios ofrezan un distinto nivel de desenvolvemento. Podemos en cada un deles distinguir –a efectos analíticos– os factores positivos e as debilidades socioeconómicas. Estas últimas deben subsanarse para un desenvolvemento equilibrado da Comarca. A situación é a seguinte:

MUNICIPIOS	FACTORES POSITIVOS	DEBILIDADES
------------	--------------------	-------------

### CENTROS DE DESENVOLVEMENTO

Vilalba	O índice de rendas e os ingresos por habitante	Índice de infraestructuras e servicios.
---------	--	---

### CENTROS DE EQUILIBRIO

Ningún

### MUNICIPIOS INTERMEDIOS

Begonte	Índice de infraestructuras e servicios	Índice de renda
Castro de Rei	Índice socioeconómico	Índice de infraestructuras e servicios.
Guitriz	Índice de renda	Índice socioeconómico
Cospeito	Índice socioeconómico	Índice de infraestructuras e servicios.

### MUNICIPIOS DE BASE

Pastoriza, A	Índice socioeconómico	Restantes indicadores, sobre todo o índice de infraestructuras e servicios
Abadín	Índice de infraestructuras e servicios	Restantes indicadores, sobre todo o índice socioeconómico
Xermade	Índice de infraestructuras e servicios	Restantes indicadores, sobre todo o índice socioeconómico e o índice rendas



## 7.-RECOMENDACIÓNS E CUESTIÓNS RELATIVAS Ó MODELO DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

O desenvolvemento futuro da Comarca pasa necesariamente pola reconsideración dunha serie de elementos operativos que configuran o marco xeral de referencia en que han de basearse os obxectivos de desenvolvemento comarcal. Estes elementos ou principios a ter en conta, son os seguintes:

- Elevación do potencial demográfico e mellora do grao de cualificación profesional dos recursos humanos existentes na Comarca. Iso debe servir de base para un mellor aproveitamento dos recursos endóxenos, facilitando o desenvolvemento de novas actividades inducidas. A imposibilidade do reemprazo xeneracional existente nesta comarca conleva unha nova reconsideración do desaxuste existente entre os equipamentos escolares e a demanda prevista, aumentando as necesidades dunha maior oferta de servizos á terceira idade. A perda de poboación xeralizada, o forte envellecemento e a acentuada dispersión da poboación constitúe un elemento negativo de considerable importancia a ter en conta.

- Promoción dunha política local diversificada que permita rendabiliza-las potencialidades que lle ofrecen os distintos sectores económicos im-

plicados. No sector primario, resulta conveniente mante-la especialización láctea, fomentando, ó mesmo tempo, as explotacións orientadas á produción de carne en réxime extensivo, aproveitando as axeitadas condicións naturais que ofrece o medio físico. Todo iso debe ir acompañado de medidas tendentes a mellora-la calidade dos produtos, acentuando a énfase nos aspectos ecolóxicos e sociais da agricultura. Iso incide, consecuentemente, no método de produción, que deberá ser compatible co mantemento do medio ambiente natural, restrinxindo o uso de determinados pesticidas, fertilizantes e produtos químicos altamente contaminantes. Ademais destes aspectos ecolóxicos, de gran importancia á hora de deseñar un modelo de desenvolvemento, ha terse tamén en conta a formación profesional do agricultor para que sexa capaz de aproveitar-los recursos do medio, introducir cultivos alternativos, aproveita-las potencialidades forestais, mellora-las canles de comercialización dos seus produtos e fomenta-lo turismo rural.

- Mellorar cualitativamente as estruturas productivas industriais, incluíndo o tratamento dos residuos e evitando a contaminación do medio ambiente. A creación de novas instalacións industriais e artesanais, a partir dos re-

cursos endóxeos, han adaptarse a eses novos criterios, aproveitando as infraestructuras de comunicacións existentes. Neste sentido, a mellora das infraestructuras básicas, tales como a rede de comunicacións, auga potable, rede de sumidoiros, teléfono, electrificación, equipamentos e servicios socioculturais, son de vital importancia para fornece-lo desenvolvemento de novos proxectos empresariais.

- Dinamización do sector terciario. Este debe apoiarse, para o seu desenvolvemento, na promoción do turismo como instrumento de apoio que permita un aproveitamento máis racional dos espacios naturais cos que conta a Comarca para a práctica da caza e a pesca. Para iso, debe favorecerse a implantación do turismo rural e a protección do patrimonio histórico-artístico do contorno.